Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 11/08/2021 11:18:11
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 24

Sesión plenaria
10 de febreiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.3 7754 (11/PNP-000819)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co "Brexit"
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

4.4 8793 (11/PNP-000883)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.5 8808 (11/PNP-000885)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.6 8937 (11/PNP-000897)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa vacinación fronte á covid-19 das traballadoras e persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, así como nos centros de día e de discapacidade.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 6176 (11/INT-000415)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local
Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5.2 7888 (11/INT-000493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as recomendacións de medidas máis restritivas da mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

5.3 8569 (11/INT-000518)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 9572 (11/POPX-000017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para frear os efectos da terceira onda de covid-19

6.2 9573 (11/POPX-000018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses de Galicia na distribución dos Fondos *Next Generation*

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 6945 (11/POP-000825)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a necesaria recuperación do diálogo social coa Unidade de Policía Adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

7.2 7220 (11/POP-000885)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación das Pontes en relación co peche da central térmica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.3 8452 (11/POP-001148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada ao sector do comercio para o ano 2021 para garantir a súa liquidez
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 28.01.2021

7.4 8078 (11/POP-001220)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.5 8104 (11/POP-001118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre os intereses que poden mover o Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do concello de Folgoso do Courel ao convocar un concurso de transporte escolar que unifica as rutas en lotes que non responden ás necesidades do concello
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 79, do 20.01.2021

7.6 7475 (11/POP-001183)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 13.01.2021

7.7 9344 (11/PUP-000147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís
Sobre a vacinación supostamente irregular contra a covid-19 da alcaldesa de Boimorto na residencia de maiores dese municipio
Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

7.8 9362 (11/PUP-000148)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación eoito8 deputados/as máis
Sobre os vindeiros pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 9570 (11/PUP-000153)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas informacións referidas a supostas irregularidades no proceso de vacinación contra a covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 3.02.2021

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para frear os efectos da terceira onda de covid-19. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx.12 .)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 13.)
Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

O señor presidente diríxese á señora Abelairas Rodríguez (S) en relación cunha interrupción durante o discurso do señor presidente da Xunta, diálogo no que tamén intervén o señor Caballero Miguez (S). (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses de Galicia na distribución dos fondos *Next Generation.* (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 20.)
Réplica do autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 23.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) pide a palabra para facer unha rectificación respecto do seu discurso anterior. O señor presidente concédelle unha rolda de intervención en primeira instancia ata que lle retira a palabra por non se axustar o contido do seu discurso coa petición. (Páx. 25.)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit.* (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 27.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Díaz (S)* (Páx. 31.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 33.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 37.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Filgueira Tellado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que non se presentaron emendas a esta proposición non de lei. (Páx. 39.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 40.)
Intervención dos grupos parlamentarios*: Sr. Seco García (S)* (Páx. 43.) *e Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 46.)

Nova intervención do señor Tellado Filgueira (P). (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 52.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 55.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 59.)

O señor Seco García (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. .)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Go-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria: *aprobada por 60 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 63.)

Antes de que o señor presidente proceda coa votación da seguinte proposición o portavz do grupo autor comunica a existencia dunha transacción. (Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021*: rexeitado por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

O señor presidente anuncia a solicitude de votación por puntos na seguinte proposición non de lei e comunica as agrupacións de puntos en que se divide a votación. (Páx. 64.)

Votación dos puntos 1, 2 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*: *aprobados por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*: *aprobado por 60 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación dos puntos 5 e 6 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*: *rexeitados por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade na planta das Somozas: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 66.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 70.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 73.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 75.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as recomendacións de medidas máis restritivas da mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 77.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 80.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 84.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 86.)

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 88.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 91.)
Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 95.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 96.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesaria recuperación do diálogo social coa Unidade de Policía Adscrita. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 98.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 99.)
Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 101.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 101.)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación das Pontes en relación co peche da central térmica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 102.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx.103.)
Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 104.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 105.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada ao sector do comercio para o ano 2021 para garantir a súa liquidez. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 106.)
Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 107.)
Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 108.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 109.)

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Diego Calvo (P).* (Páx. 110.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 110.)
Réplica do autor: *Sr. Diego Calvo (P).* (Páx. 111.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 112.)

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os intereses que poden mover o Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do concello de Folgoso do Courel ao convocar un concurso de transporte escolar que unifica as rutas en lotes que non responden ás necesidades do concello. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 113.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 114.)
Réplica da autora: *Sr. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 116.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 117.)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 118.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 119.)
Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 120.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 121.)

Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta

O señor presidente anuncia a acumulación das preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.7 e 7.9 para a súa formulación conxunta. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vacinación supostamente irregular contra a covid-19 da alcaldesa de Boimorto na residencia de maiores dese municipio. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas informacións referidas a supostas irregularidades no proceso de vacinación contra a covid-19. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 122.) *e Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 123.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 124.)
Réplica dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 126.) *e Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 127.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro* de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 127.)

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os vindeiros pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Verea Fraiz (P).* (Páx. 128.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 129.)
Réplica do autor: *Sr. Verea Fraiz (P).* (Páx. 130.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 131.)

Remata a sesión ás seis e dez minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, de preguntas para a resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para frear os efectos da terceira onda de covid-19

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

A terceira onda da covid está golpeando con moita dureza a Galicia: niveis máximos de contaxios, niveis máximos de hospitalizacións, de ocupacións de UCI... Todos coñecemos a tantas e tantas persoas afectadas. Vemos números aterradores, e, detrás dos números, hai persoas, e os galegos e as galegas estamos fondamente preocupados. É moi duro porque faleceron no que vai de ano 600 persoas pola covid en Galicia neste 2021. Onte a portada dun xornal sinalaba que cada hora e media no que vai deste ano había un falecemento pola covid en Galicia.

Vostede, señor presidente, sempre sinala que a taxa de falecementos en Galicia por 100.000 habitantes foi baixa, pero vostede tamén sabe que a taxa e o número de falecementos por contaxiados non o foi. Agora temos os contaxios moi altos en Galicia, e cunha poboación tan envellecida e cunha inmunidade colectiva de grupo aínda tan baixa as consecuencias están sendo estremecedoras. A taxa de falecementos por 100.000 habitantes en xaneiro e febreiro, no que vai de ano, foi superior en Galicia á de comunidades como Madrid ou Cataluña. Sen ter os peores datos, temos unha situación moi preocupante.

Pídolle, polo tanto, que non teña a tentación de retorcer os datos porque falamos de vidas e de persoas e porque existe un nivel de presión hospitalaria en Galicia que preocupa a todos os galegos e aos profesionais da sanidade pública. Despois de tantos anos de recortes, o persoal sanitario está dobrando turnos, aténdense as UCI con persoal non especialista e xa hai que alugar quirófanos en hospitais privados para desviar cirurxías urxentes que non se poden atender na rede pública. Fracasou a estratexia «salvar o Nadal», e máis que buscar unha estratexia «salvar a Semana Santa» temos que protexer a saúde e salvar a xente. Para iso o Goberno da Xunta de Galicia contará coa lealdade dos socialistas galegos. Nos momentos de máis falecementos, de máis camas UCI ocupadas, nós non imos estar no plantexamento de cuestionar as medidas e as restricións, pero tamén queremos que se nos explique cales son as previsións e cales son os informes do Comité Clínico sobre os que a Xunta de Galicia vai tomar as vindeiras decisións.

No que non podemos ser cómplices é noutras cousas. Non podemos ser cómplices nos erros do proceso de vacinación, porque para salvar a xente o primeiro é a vacina. Á vez que esperamos que a Unión Europea consiga o maior número de vacinas para o conxunto dos países

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e tamén para España, necesitamos unha xestión transparente e eficiente no proceso de vacinación. Preocúpannos as irregularidades que está habendo. Vostede na súa última comparecencia sinalaba que non había ningún alcalde do PP que fora vacinado; 24 horas máis tarde viuse que non. As 200 vacinas irregulares en Pontevedra, a da alcaldesa de Boimorto, a da conselleira delegada dun imperio xeriátrico próxima ao Partido Popular que recibiu a vacina despois de que máis de 2.600 persoas faleceran nas súas residencias amosan que hai que ser máis eficiente, máis rigoroso e máis transparente. *(Aplausos.)* ¿Confirma vostede, señor Feijóo, que non é relevante? ¿Ou está disposto vostede a investigar e a aclarar o acontecido? Os galegos e as galegas queren unha explicación, queren ter a confianza en que a administración das vacinas non vai ter irregularidades. Pedímoslle un exercicio de transparencia para que non se volvan producir situacións sen ética, sen estética e sen regularidade como que unha persoa que é conselleira delegada dun imperio xeriátrico con tantos falecementos poida recibir a vacina...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...cando tantos profesionais da medicina e cando tantos profesionais dos servizos sociais están esperando pola súa. Terá a lealdade do PSdeG para traballar fronte á crise, pero tamén a exixencia de que non se produzan este tipo de comportamentos irregulares.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, coincido con vostede en que estamos moi golpeados pola terceira onda e en que en toda España a inmensa maioría das comunidades autónomas estamos golpeados por esta terceira onda. E coincido con vostede en que é moi duro que morreran en Galicia xa 2.016 persoas, que en Galicia se infectaran dende que comezou a pandemia aproximadamente 106.000 persoas e en que aínda estean como casos activos unhas 17.600 persoas. Non coincido con vostede respecto da Navidad. As instrucións do Goberno de España eran que podía haber mobilidade entre o día 23 de decembro e o día 6 de xaneiro, 15 días de mobilidade completa no país; nós concretamos 5. Non coincido porque denunciamos o concepto de «*allegados*» que o Goberno de España consolidou e ao que obrigou a todas as comunidades autónomas, e nós iamos polo concepto de «unidades familiares», cousa que o Goberno de España desbotou.

Entre o 4 e o 8 de xaneiro empezamos a tomar xa as primeiras decisións con esta terceira onda e fixemos restricións en Santiago, en Ourense e na Coruña. O día 13 de xaneiro tomamos e ampliamos esas restricións en función do índice de incidencia e concretamos que o 47 % da poboación xa se situaba en risco extremo e o 64 % en peche perimetral. A partir de aí o

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

día 26 —doce días despois, como é correcto e conforme o protocolo— pechamos perimetralmente todos os concellos e pechamos a hostalería, baixamos o comercio non esencial ata as 18.00 horas e pedímoslle ao Goberno —ao seu Goberno, ao Goberno de Madrid— que nos autorizara para medidas de diminución incluso dese horario das 22.00 horas ata as 20.00; cousas que en todos os casos foron rexeitadas polos seus gobernos. Por tanto, señoría, xa empezamos a ver os froitos das decisións adoptadas o 13 de xaneiro, e esta semana veremos con máis intensidade as adoptadas o 26 de xaneiro.

Neste momento o número de casos activos en Galicia reduciuse un 23 %. Pasamos do pico de 23.000 —número de persoas infectadas— a 17.000. O máis importante é que a incidencia a sete días neste momento baixou o 46 %; pasamos dun pico de 405 a 220. Baixou o índice de hospitalización de 14 días, e aínda temos un índice alto nas UCI.

Por iso, señoría, seguimos traballando. E por iso me sorprende que vostede —non sei por que— volva ter un concepto tan malo da xestión da pandemia en Galicia. Colle vostede unhas semanas do mes de xaneiro e fai unha serie de cálculos. ¿Por que non colle vostede toda a pandemia? Levamos un ano en pandemia; o índice de mortalidade por 100.000 habitantes en Galicia é o máis baixo de toda a España peninsular, ¡o máis baixo! Ata o 3 de febreiro, cando collemos a actualización dos últimos datos, o índice de mortalidade en Galicia era de 67,5 por 100.000 persoas, e a media de España supera as 127 persoas por cada 100.000. Estamos por debaixo da metade de España, por iso me sorprende, señoría, que vostede non acepte que estamos facendo as cousas con rigor. E xa lle anticipo que imos seguir facendo as cousas con rigor. Seguiremos vendo como funcionan os índices, como vai a pandemia, como se modifica a tendencia á baixa do número de novos infectados e imos facer o que toca facer e o que nos comprometemos a facer: unha apertura, unha desescalada medida, gradual e non dar pasos en falso. E, iso si, pedímoslle ao Goberno un plan de vacinación completo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que nos digan exactamente cantas vacinas imos recibir. Non nos digan cada semana as que imos recibir a semana seguinte; díganos exactamente cantas vacinas lle corresponden a España para tomar decisións de programación e poder dar mensaxes de seguridade e de tranquilidade á poboación.

Podemos dispensar 100.000 vacinas ao día. Neste momento estou en condicións de dicirlle que, de ter vacinas, inmunizariamos a totalidade da poboación galega en seis semanas.

Por tanto, señorías, fixémonos no que estamos xestionando...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e tamén concretemos, como mínimo, o número de vacinas que van ter os galegos para non ter que cambiar cada semana o número e o criterio.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señor Caballero...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...creo que seguimos traballando con rigor. Non haberá desescaladas nin desproporcionadas nin improvisadas, senón que seguiremos desescalando de forma gradual, de forma moderada e con medida. E, con base niso, seguiremos xestionando con maior rigor esta terceira onda.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas.

Señor presidente, vólvolle reiterar a pregunta e a aclaración que lle teño feito en relación co proceso de vacinación e co feito de que a conselleira delegada dun imperio xeriátrico —persoa moi próxima ao Partido Popular— recibira unha vacina fóra das prioridades, fóra dos protocolos, cando máis de 2.600 persoas faleceron nas residencias dese imperio xeriátrico. *(Aplausos.)* Por ética e por estética vostede ten que facer unha aclaración e non escusar unha explicación que os galegos e as galegas queren. Cando a Unión Europea está conseguindo que os cidadáns teñan dereito a recibir a vacina non en función da súa riqueza, non en función do seu poder adquisitivo, senón en función da prioridade do colectivo, temos que conseguir que as vacinas sirvan para protexer a poboación máis vulnerable. E cando se producen irregularidades como esta, non soamente son unha chamada de atención porque se erra ou se mal usa unha vacina, senón porque se dá unha labazada na conciencia colectiva, que ten que traballar conxuntamente para resistir fronte ao virus e frear a curva de contaxios. É unha necesidade que vostede se pronuncie, que vostede investigue e aclare o acontecido e que condene un uso irregular que ten a gravidade de facerse nunha persoa que tivo o papel que tivo na xestión de tantas residencias. *(Aplausos.)*

Quérolle dicir, ademais, señor Feijóo, que a estratexia de salvar o Nadal fracasou, sabémolo todos os galegos e todas as galegas. A mesma decisión que vostede tomou o 26 de xaneiro podía tela tomado o 20 de decembro. Vostede tiña os instrumentos para poder determinar a mobilidade, pero erramos; errou vostede e erramos toda Galicia porque esperamos que, cando se xestione, se faga o mellor posible. Eu estou convencido de que vostede fixo o que cría que era o mellor que debía facer, pero recoñeza que a estratexia non funcionou. Nós seremos tamén leais e cómplices no erro desas decisións porque dende o primeiro momento non cuestionamos cada unha das decisión que se toman, e volveremos respaldar as que tomen a semana seguinte para loitar contra unha pandemia, pero non se exima vostede das responsabilidades que lle corresponden como presidente da Xunta de Galicia. Fallou a estratexia de «salvar o Naval», non podemos priorizar «salvar a Semana Santa»; o que temos

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que conseguir salvar e protexer é a saúde da xente cunha desescalada adecuada, *(Aplausos.)* que ademais ten que ir acompañada das medidas económicas necesarias.

E téñolle que dicir que o día 26 de xaneiro se puxo o cadeado a milleiros de comercios, pero aínda non está publicada no DOG esa ampliación de axudas que vostede constatou aquí hai quince días. *(Murmurios.)* E vostedes recibiron 24 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...o ano pasado para a reactivación e máis de 1.100 millóns de euros nos orzamentos da Xunta deste ano. Ademais de salvar a xente, para salvar a xente, hai tamén que rescatar a economía. Vostedes teñen os fondos, outras administracións non recibiron un só euro a maiores para solventar a situación económica tan grave. Esperemos que polo ben de todo o país este semestre de tantas complexidades teñamos unha estratexia distinta á de salvar o Nadal e teñamos unha estratexia de rescate económico distinta á que vostedes aplicaron o ano pasado co abandono dos sectores produtivos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para o peche da pregunta, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, sobre salvar a Semana Santa, creo que debería vostede bucear nas declaracións que fai o Goberno central e as ministras do Goberno central sobre o interese de provocar unha Semana Santa coma se non houbera pandemia. Nós dixemos que da Semana Santa non falamos e, por tanto, non veña dar lecciónns de salvar a Semana Santa nin de salvar o Nadal.

Salvar o Nadal era que puidera vir todo o mundo e co concepto de «*allegados*». É verdade que a vostede parece que isto... Igual que o plan de rescate, 160 millóns de euros. Dedicamos ao Plan de rescate da hostalería dos autónomos e das microempresas máis diñeiro que o presuposto da Consellería do Mar. Dedicamos un diñeiro superior ao que custaría finalizar a autovía da Costa da Morte. Somos a comunidade autónoma co maior plan de rescate ao sector da hostalaría, ao sector dos autónomos e ao sector das microempresas. E imos seguir, señoría, e imos convocar o sector do comercio, porque hai que seguir traballando.

Mire, na Coruña, demos máis de 2.000 axudas ao sector da hostalería, 4 millóns de euros; en Vigo, demos máis de 2.200 axudas, máis de 4 millóns de euros; en Santiago, máis de 2.600.000 euros; en total, señoría, 19.999 axudas, 39 millóns de euros só ao sector da hostalería. ¿Que fan vostedes, señoría? Nin un euro ao sector da hostalería con axudas por parte do Goberno central. E o Goberno central é o que recibe os fondos europeos, non se equivoquen, señorías, e é o que di agora que «a ver se pode axudar o comercio, o sector da hostalería». ¡Pero baixen o IVE dunha vez!, ¡baixen o IVE do sector da hostalería e reciban o sector da hostalería no Goberno de España, como o recibimos nós de forma continuada e constante, señorías! Recíbano, señorías. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos o maior plan de rescate de España aos sectores... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora vénme vostede dicir que coidado co que facemos coa desescalada e simultaneamente que non axudamos os sectores, e dimo dende un goberno ao que nin lle importa a desescalada, porque non a xestiona, nin recibe o sector da hostalería, porque iso lle dá igual.

Mire, señoría, sobre lecciónns de vacinas... *(A señora Abelairas Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, ¿cal é a razón de que...

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Abelairas, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se vacinase o subdirector de Coidados Asistenciais, a directora insular da Terceira Idade e a subdirectora de Atención á Cronicidade, dun goberno do Partido Socialista? ¿Dimitiu alguén? Tamén altos cargos dunha consellería. ¿Dimite alguén? Vénme dar lecciónns con tres alcaldes do Partido Socialista —que se saiba— en Valencia vacinados. ¿Dimitiu alguén?

Señoría, ante un único caso que se deu en Galicia, invitamos a dimitir. E o que fixo foi darse de baixa no partido. ¿Algunha responsabilidade máis temos que adoptar? *(Murmurios.)*

O que non imos, señorías, é aceptar alcaldes que teñan embargadas as súas nóminas e que conduzan coches a nome de persoas falecidas, sen pasar a ITV, e nin sequera hai ningún tipo de xustificación de vostede como secretario xeral do Partido Socialista. Lecciónns de ética e de moralidade, señor Caballero, por parte do Partido Socialista... Debería de ser un pouco prudente, *(Aplausos.)* un pouco prudente, señoría.

Pero, mire, hai dúas formas de facer política, e tamén hai dúas formas de facer goberno e oposición. Hai gobernantes que prefiren esconderse como as avestruces e dicir que isto é doutras administracións. É a pandemia máis importante de España nos últimos cen anos, e isto non é responsabilidade do Goberno central...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Hai outros gobernantes que prefiren dar a cara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai gobernantes que actúan vendo as enquisas do CIS, e hai outros gobernantes que actuamos vendo o número de persoas ingresadas nas UCI.

Hai gobernantes, señorías, que o único que teñen por diante é o seu interese, e hai outros que poñen os intereses de Galicia por diante de calquera tipo de interese político ou persoal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E por iso, señorías, hai dúas formas de facer oposición: seguir o servilismo do que dite o señor Iglesias e o señor Sánchez ou defender Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): De momento, señor Caballero, vostede... *(O señor Caballero Miguez*: DomusVi.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Lamentablemente, nin sequera o líder da oposición...

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, silencio.

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...fala de Galicia; fala do que fai o Goberno de España. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, por favor, xa terminou.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señorías, con todos os respectos, imos seguir xestionando esta terceira onda... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, pero non interrompa vostede; non interrompa.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...co mesmo rigor co que o fixemos na primeira e na segunda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Abelairas, xa lle dixen algunha vez que hai que estar un pouco máis tranquila. Isto non é o Concello de Vigo. *(Murmurios.)* Aquí traballamos doutra forma. Entón, por favor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, si coñezo ben os plenos do Concello de Vigo e non teñen nada que ver con isto, ¡nada que ver con isto! E, desde logo, eu non vou consentir que se fagan... *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu respecto a Administración local, pero estou falando de comparar plenos dun lado, e non vou consentir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe. Perdoe, ao mellor eu respecto a Administración local máis ca vostede. Ou sexa que, por favor, silencio. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Estoulle dicindo que aquí neste Pleno eu quero que haxa un comportamento normal dentro do que é o marco parlamentario. É claro, pero eu estou comparando con outras cousas que vexo que non me gusta que se fan e tamén teño que dicilo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, agora comparei con quen comparei.

Silencio.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses de Galicia na distribución dos fondos *Next Generation*

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, a pandemia está deixando consecuencias demoledoras cun dato tráxico que resume a gravidade da situación: 2.016 persoas falecidas, a metade nos últimos tres meses. Polo tanto, non hai nada máis prioritario que salvar vidas, sabendo, ademais, que controlar o virus é imprescindible para que haxa unha reactivación económica; unha reactivación na que os únicos fondos extraordinarios van ser os *Next Generation*, un tema crucial no que cabería esperar a máxima ambición, seriedade e rigor pola súa parte, señor Feijóo. Sen embargo, asistimos a unha cerimonia da confusión.

Fíxese, o 17 de outubro anuncia sete proxectos por 3.200 millóns de euros e 18.000 empregos. Cinco días despois, o 22 de outubro, os proxectos multiplícanse até 108, por un importe de 9.400 millóns, e, iso si, xa non dan cifras de emprego. O 29 de xaneiro, tras o encontro co presidente do Estado, os 108 proxectos pasan a 5, que definiu como moi concretos —vese que o resto deben ser inconcretos ou de recheo—. Pero é que nin estes proxectos que define como concretos escapan desa cerimonia da confusión.

Planta de viscosa. O 12 de outubro anuncia que supón 700 millóns e 800 empregos. O 30 de novembro pasa a 900 millóns e 1.000 empregos. Pero hai máis, o 29 de xaneiro —comunicado oficial da Xunta— a mesma planta sobe a 1.140 millóns e o emprego son 9.700. En dous meses a mesma planta pasa de 700 a 1.140 millóns e multiplica por dez a creación de emprego.

Voulle poñer outro exemplo: planta de economía circular. O 12 de outubro ten un investimento de 525 millóns de euros e 800 empregos. Pero o 29 de xaneiro, tamén segundo os seus comunicados oficiais, baixa a 500 millóns, pero aquí —milagre— os empregos pasan de 800 a 5.000.

Señor Feijóo, ¿que clase de tomadura de pelo é esta? É que non é serio. E nada sabemos destes proxectos porque a única información que nos remitiu foi este *PowerPoint* *(A señora Pontón Mondelo mostra o PowerPoint.)* de 12 folios onde, se un suma, nin tan sequera as cifras que nos mandan se corresponden cos investimentos que anuncian.

É evidente que este mix de opacidade e propaganda ten un obxectivo, que é tapar que detrás non hai nada, que non hai unha visión de país, de futuro. O único que hai é un presidente convertido en axente comercial dun puñado de multinacionais mentres deixan na estacada a pequena e mediana empresa, os traballadores e traballadoras autónomos, o tecido produtivo real, e un presidente que nese encontro fiasco con Sánchez renunciou a reclamar a xestión directa e mesmo di que se conforma con recibir o 4,6 % deste Fondo *Next Generation*.

Por iso, señor Feijóo, pregúntolle: ¿por que renuncia a defender os intereses de Galiza nun asunto tan crucial?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Efectivamente, señora Pontón, tiven unha reunión co presidente do Goberno central, ou co presidente do Goberno de España... —pode vostede chamalo de calquera das dúas formas—, pero non co presidente do Goberno do Estado. Por tanto, sorpréndeme... *(Murmurios.) (Risos.)* Supoño que será así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vostedes cren que o presidente do Goberno central é o presidente do Goberno do Estado? *(Murmurios.)* ¡Pero nin sequera se dan conta de que Galicia tamén é Estado! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por tanto, se lles molesta pronunciar a palabra España, esa é outra consideración. *(Murmurios.)* Pero o que si está claro é que me sorprenden todas e cantas preguntas fan en relación co número de postos de traballo dos distintos proxectos. Onte comparece o vicepresidente económico a petición propia e non lle fan nin unha soa pregunta. Os señores do BNG e os señores do PSOE non fan ningunha pregunta dos proxectos tractores, e agora resulta que vén a señora Pontón porque non entende unhas consideracións, cando onte ao vicepresidente non lle fixeron preguntas. Pero é que realmente aquí *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, mostra un documento que sostén na man.)* non me fan preguntas, porque esta pregunta non é unha pregunta; é unha aseveración: que eu non defendo os intereses de Galicia. *Fin de la cita.*

Ben, señorías, entendo que os intereses de Galicia son aqueles que defende o BNG, e os que non defende o BNG non son intereses de Galicia. Podiamos concluír, por tanto, a resposta.

Mire, na reunión co presidente do Goberno central fun defender, evidentemente, os intereses de Galicia. Os intereses de Galicia están aquí, señoría, *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, mostra uns documentos.)* nos 105 folios que lle entreguei ao presidente do Goberno central. Un por un, todos os intereses do país, desde o punto de vista do Goberno, están aquí. Aquí está a petición de que o número de vacinas que nos cheguen veña en función da poboación diana; é dicir, en función da poboación maior de 80 anos, e non en función de criterios descoñecidos, como ata o de agora. Aquí están, señoría, os 15.000 postos de traballo que as políticas industriais e enerxéticas do Goberno central están poñendo en risco en Galicia, nalgúns casos xa definitivamente acabados. Aquí está que Navantia non ten carga de traballo e que dentro de quince días queda sen nada, sen ningún barco nas gradas. Aquí están, señoría, os compromisos coas infraestruturas, que de momento son como un cartel dun aeroporto —en todas as infraestruturas de Galicia pon «retrasada» ou «cancelada»—. Aquí están, señoría, as transferencias da competencia de Costas, as transferencias para que nos deixen, como mínimo, o dereito civil galego, para que non se metan coas herdanzas en vida. Aquí está algo tan elemental como promover o Xacobeo 2021-2022. Aquí está algo tan elemental como as políticas da PAC e as políticas do *Brexit*. Aquí están, señoría, os compromisos, na nosa opinión, con Galicia. Incluso está aquí aquilo que os nacionalistas non piden, que é o

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

IVE, e que xa estamos nos xulgados defendendo, e as liquidacións negativas, máis de 400 millóns de euros. Aquí está o obxectivo dun trato xusto con Galicia.

Mire, un dos documentos que lle entreguei ao presidente foi este. *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, mostra agora un dos documentos.)* Así é como reparte os fondos o Goberno de España con Galicia. Resulta que a comunidade autónoma con maiores dificultades para prestar os servizos públicos —Galicia— é a comunidade autónoma que recibe menos diñeiro por habitante, xunto con Castela e León. Estes son os intereses de Galicia, señora Pontón. Eu non teño ningún interese máis que os intereses de Galicia. Eu non critico o Goberno de España e despois goberno co partido do Goberno de España en todas as institucións galegas onde o Partido Popular non saca maioría absoluta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu non teño máis intereses que Galicia, e por iso nos fondos *Next Generation* lle plantexei concorrencia competitiva; plantexeille criterios de despoboación, de reto demográfico e de transición industrial.

E por iso, señoría, como non temos máis obxectivo que defender os intereses de Galicia, imos seguir defendendo os intereses de Galicia. E a min o que me gustaría saber dunha vez é: ¿vostedes con quen están? ¿Están co partido do Goberno ou están con Galicia? ¿Están pola mañá nas sesións de control en contra do Partido Socialista e pola tarde gobernando con el en todas as institucións, ou están defendendo os intereses de Galicia e non gobernando co PSOE?

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Aclárense, señora Pontón.

Mire, eu fun á Moncloa defender os intereses de Galicia. Lamentablemente, vostede non pode dicir o mesmo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu non lle preguntei pola vacina. En todo caso, está claro que vostede, como non ten argumentos, ten que vir aquí falar de todo e non falar de nada.

Mire, foi vostede quen enviou un comunicado despois desa reunión co señor Sánchez onde dixo que o resultado da reunión fora «moi satisfactorio». Ou sexa, ¿moi satisfactorio cando vén a Galiza coas mans baleiras e cando o único que nos anuncia é un novo retraso no AVE? *(Aplausos.)* Ten que falar de infraestruturas, señor Feijóo. ¿Pero como pode vostede falar de

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

infraestruturas, de transferencias, se tivo durante oito anos gobernando o señor Rajoy e non conseguiu nin unha soa transferencia para Galiza, señor Feijóo? *(Aplausos.)* ¿Pero que clase de tomadura de pelo é esta?

É que mire, os intereses de Galiza non se defenden con soflamas e dándose golpes no peito, como fai aquí vostede no Parlamento, deféndense con feitos concretos, e os seus feitos son que vai á Moncloa e non é capaz de conseguir nada, nin antes con Rajoy nin agora con Sánchez, *(Aplausos.)* porque vostede o que practica é a submisión, a submisión a Madrid.

Mire, eu veño falarlle dun tema que é fundamental para o futuro deste país. E nese tema vostede o que nos está demostrando é que non ten nin proxecto nin ambición. Ofrecinlle até tres veces nesta Cámara, señor Feijóo, que nos sentásemos a falar sobre o tema dos fondos *Next Generation* e da súa repartición, e, cada vez que nos sentamos e que lle facemos esa oferta de diálogo, vostede recrimíname aquí non sei que de pactos. ¡Pero, señor Feijóo, se quere falar de pactos, explique os pactos do seu partido coa extrema dereita!; *(Aplausos.)* eses son os pactos que hai que explicar nesta Cámara.

E miren, Galiza, señor Feijóo, necesita ambicións e proxectos. A esta Cámara o único que ten remitido o seu Goberno é un *PowerPoint* cutre de doce folios; esa é toda a información que temos sobre os fondos *Next Generation*. Volvo reiterarlle que a pesar de que nos parece que están desacertados nun tema coma este e que están facendo propaganda cun asunto moi serio, nós imos seguir defendendo até o último momento que Galiza ten que recibir cada euro que lle corresponde deses fondos *Next Generation*. Para iso necesítase ambición e hai que reclamar unha repartición territorializada dos fondos porque Europa distribúe territorializadamente, pero o Estado español, non, e temos que reclamar que o 9 % deses fondos, 12.600 millóns, cheguen a Galiza, porque se algún territorio ten necesidade dunha transición enerxética, dunha dixitalización, de impulsar a industria, ese é Galiza, e hai que ir con ambición e non con rebaixas, como foi vostede a Madrid nesa reunión con Sánchez. Desde logo, temos que sentarnos a falar en serio sobre os proxectos que hai que candidatar para que este país teña futuro, que non son ir da man de catro multinacionais que xa teñen recursos abondo, senón pensar no interese público. *(Aplausos.)* Esa é a oferta de diálogo que lle facemos, e pedímoslle por favor, señor Feijóo, que non veña aquí con máis politiqueo barato, *(Murmurios.)* porque estamos no medio dunha crise na que está a xente morrendo, onde hai miles de persoas desesperadas, que o que esperan deste Parlamento...,

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...señor Feijóo, é que vostede non se dedique a atacar o BNG, senón que poñamos o interese dos galegos e das galegas por diante. Porque atacando o BNG ao mellor cre que pode esconder os seus erros, pero é que iso non lle serve de nada a este país. Poñamos Galicia por diante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Desde logo, o BNG vai seguir traballando nesa dirección. *(Fortes aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Para o peche da pregunta, o presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Sorpréndeme, señora Pontón, que vostede considere que falar de vacinas non é defender os intereses de Galicia. Se tivésemos as vacinas necesarias, podo asegurarlle que entre o que queda do mes de febreiro e o mes de marzo inmunizariamos o cen por cento da poboación galega. ¿E parécelle que ese non é un tema para defender os intereses de Galicia? ¿Non é defender os intereses de Galicia que, se a poboación diana da vacina son os maiores de 80, nos pasen o 8,2 % do total das vacinas que se repartan en España? ¿Iso non é defender os intereses de Galicia? ¡Moi sorprendente, señora Pontón, o que entende vostede polos intereses de Galicia!

Mire, sobre os asuntos das mans vacías. ¡Pero se teñen vostedes un pacto de lexislatura co Partido Socialista Obreiro Español! *(Murmurios.)* ¡E agora resulta que se instalan no postureo, outra vez, sobre a AP-9! Lamentablemente, cada deputado desta Cámara ten a súa propia historia política. Vostede votou que non á transferencia da AP-9 e eu, cando estaba na oposición e cando estiven no Goberno, sempre votei que si á transferencia da AP-9. Vostede e o BNG votaron que non. ¿De que postureo que me van falar agora na transferencia da AP-9, señora Pontón? Non me verá en ningunha cita do *Diario de Sesións* votando en contra da transferencia da autoestrada. Vostede si votaba en contra, simplemente porque agora gobernan con Sánchez e daquela gobernaban con Zapatero. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, con todos os respectos, falan de fondos e de extrema dereita, etc. ¡Pero se os fondos que temos aprobados en España son como resultado do voto máis radical do país, de Bildu e de Vox! *(Murmurios.)* Evidentemente, xunto co PSOE e Podemos. Por tanto, ¿de que se queixan?, ¿quéixanse de que os seus aliados políticos voten a favor dos fondos que non se distribúen en función da poboación das comunidades autónomas —refírome a Bildu—?

Mire, non se me ocorre nada máis antigalego que apoiar a Otegi e a Junqueras. *(Murmurios.)* Non, non, non bote as mans á cabeza. As mans á cabeza boteinas eu cando vin a señora Pontón nun mitin con Otegi e con Junqueras. *(Aplausos.)* Con iso foi co que botei as mans á cabeza, señoría. Non hai nada máis antigalego, nada máis antidemocrático, nada máis en contra da nosa autonomía que apoiar nun mitin a Otegi e a Junqueras. ¡É lamentable! Non deixa de ser irónico que veña eu aquí ser preguntado pola defensa dos intereses de Galicia pola mesma persoa que participou nun mitin hai uns días co señor Otegi e co señor Junqueras. ¿Pero impórtalle algo a Galicia o independentismo catalán? ¿Vostede cre que a unha persoa condenada por secuestro... (*Un señor deputado*: ¡Hale!) ¿Como que hale...? ¿É que lle parece que facer un mitin cunha persoa condenada por secuestro e por ser un dos membros de ETA político-militar non a inhabilita? *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¿Como que hala? ¿Pero quere lle recorde o número de galegos asasinados por ETA para vir aquí apoiar a Otegi nun mitin en nome de Galicia? ¿Ese é un partido galego ou antigalego, señorías? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Como presidente dos galegos, lamento profundamente que o BNG e a señora Pontón participen nun mitin con Otegi e con Junqueras para pedir non sei que; iso si, como hai correntes

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

internas no BNG despois vin un tuit da señora Presas apoiando a CUP. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡A señora Pontón apoia a Esquerra e a señora Presas apoia a CUP! ¿Pero isto é defender os intereses do país?

O señor PRESIDENTE: Remate.

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Estes son os intereses de Galicia? Pero, con todo isto, ¿pódese ser máis ultra?, ¿pódese ser máis radical? Pero, de verdade, señora Pontón, vostede vén aquí dicirme que quere pactar e que nos fan propostas, cando non propoñen nada, non pactan nada, non apoian nada e non votan nada. Fixemos a Comisión de Reactivación...

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a proposta do BNG e do PSOE, e estamos na Comisión de Reactivación. ¿Non imos acordar nada na Comisión de Reactivación, señor Caballero? ¿Déixanlle acordar algo ou non? O Partido Socialista nas comunidades autónomas nas que están na oposición acorda co Partido Popular... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

E a señora do BNG ten que pedirlle...

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!, remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...permiso ao señor Otegi e ao señor Junqueras para apoiar a Comisión de Reactivación do país...

O señor PRESIDENTE: Non, non, estou controlando os tempos. Os tempos son proporcionais.

Remate xa, presidente. Son proporcionais os tempos. *(Murmurios.)*

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señora Pontón, erros cométeos calquera. Un erro na súa biografía é ese mitin, pero vostede pode rectificar, porque erros os cometemos todos, e todos podemos rectificar. Pero, mire, entre defender os intereses de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Escoitar a súa prédica nese mitin é algo bochornoso.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso lle pido, señora Pontón...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que se centre nos intereses do país e que deixe de facer o ridículo fóra de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Pontón? ¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Perdón! Eu vou preguntar, creo que é obrigación miña saber para que quere a palabra. Despois direi se a dou ou non a dou.

¿Para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Para rectificar as miñas propias palabras, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

A señora PONTÓN MONDELO: Para rectificar as miñas propias palabras.

O señor PRESIDENTE: Para rectificar as súas propias palabras ten vostede un breve turno.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu fixen unha intervención na que falei sobre os *Next Generation* e a falta de capacidade do señor Feijóo para defender os intereses deste país. Eu lamento a súa falla de talla política, porque eu veño aquí falar de Galiza...

O señor PRESIDENTE: Non, non.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e vostede vén aquí a...

O señor PRESIDENTE: Iso non é rectificar as súas palabras.

Non, señora Pontón, iso non é rectificar; iso é o debate político. Non, non, terminou. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Señora Pontón, terminou o turno. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non a están escoitando, terminou o turno. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, terminou xa o seu turno. Non ten vostede a palabra, señora Pontón, non a están escoitando. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Continuamos coa orde do día, con proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei, á que se lle formularon emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Rosana Pérez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-0000819).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Analizar xurídica e economicamente e formular diante do Goberno do Estado, se procede, o recoñecemento de Galicia como 'zona altamente dependente da pesca', como medio para unha maior protección do sector e para a mellora do seu acceso ás cotas de pesca e ao financiamento da súa actividade produtiva.

2.- Demandar do Goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover a revisión do chamado 'principio de estabilidade relativa' no seo da Unión Europea como garantía dun reparto equitativo e axustado ás capacidades produtivas de cada país, asegurando que Galicia non perderá cotas con esa revisión.

3.- Instar ao Goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galicia, da súa participación e consentimento naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira.

4.- Demandar da Unión Europea e do Goberno central o proceso urxente para programar e levar a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas máis afectadas polo recente acordo entre a UE e o Reino Unido que palíen as consecuencias puntuais máis inmediatas e a medio e longo prazo do mesmo.

5.- Informar á Cámara dos resultados e dos traballos que ao respecto se realicen no Consello Galego de Pesca.

6.- Dar traslado das decisións, ditames e argumentos sinaladas nos plenos e nas comisións sectoriais do Consello Galego de Pesca onde se aborden as cuestións relacionadas co Brexit e as súas consecuencias para o sector pesqueiro galego, a un representante de cada grupo político con representación no parlamento galego.»)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 7754).

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa proponse unha nova redacción para o punto 3, que terá o seguinte contido:

«3. Instar o Goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade de participación de Galicia naquelas cuestións de relevancia para o sector marítimo-pesqueiro galego».)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bo día a todos e a todas.

Nunca ningún outro tema foi tan socorrido e foi tan explotado por unha forza política como o Partido Popular como o tema do terrorismo no Estado español. ¡Vale todo, *(Aplausos.)* vale absolutamente todo! E, dende logo, na política, señorías —e señorías, concretamente, do Partido Popular—, non debe valer todo. A estas alturas, hai un alto o fogo dende hai anos de ETA, e estamos noutra fase, pero vostedes seguen no Paleolítico, intentando quitar proveito deste tema, igual que fixeron sempre. *(Aplausos.)*

Hai dous meses, señorías... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señor Pazos!

¡Señor Pazos, silencio! *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Pazos, non está vostede no uso da palabra. ¡Silencio!

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Pazos, se non, teño que chamalo á orde, e non quero chamar á orde a ninguén. *(Murmurios.)* Estou na liña de non querer chamar a ninguén á orde, pero, se se pon nesa tesitura, vouno ter que facer. *(Murmurios.)*

Por favor, está no uso da palabra —compensarei o tempo— a señora Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Dicía Serrat: *«Hoy puede ser un gran día».*

Señorías, hai dous meses, o 15 e 16 de decembro, tivo lugar en Bruxelas o Consello anual de Ministros de Pesca da Unión Europea, onde se decidiu canto e de que especie ía poder pescar

CSV: BOPGDSPGP0bpCLIf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o sector pesqueiro galego durante o ano 2021. Unha semana máis tarde, o 24 de decembro, *in extremis,* tivo lugar o acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido sobre o *Brexit.* Nunha semana producíronse dous fitos de extrema importancia para o sector pesqueiro galego e para o conxunto do noso país. Señorías, hai dous meses.

Se viviramos nun país normal e tiveramos un goberno normal, o máximo ou a máxima responsábel de Pesca tería comparecido nesta Cámara a petición propia ao día seguinte ou, cando menos, na primeira sesión plenaria que se celebrase. Como non foi así, durante todo este tempo, os máximos responsábeis de Pesca tanto na Xunta de Galiza como no Goberno do Estado, e incluso os máis altos representantes europeos, servíronnos a cea do Nadal a través dos medios de comunicación para que a fósemos mastigando lentamente e chegásemos á conclusión de que o ocorrido no mes de decembro era tan só unha mala dixestión —como moito, un malestar pasaxeiro—, e despois de dous meses xa non quedaría nin rastro daquela enchente. Tivemos que aturar de novo as declaracións anuais, pero neste caso por duplicado, o 16 e o 24 de decembro, e sempre, iso si, advertíndonos de que todo podía ser moito peor.

As autoridades europeas e o Goberno de España celebraron o acordo, e mesmo o cualificaron de xusto e equilibrado. O Goberno español, coma sempre, «satisfeito» —en palabras do propio ministro— das negociacións. Unha restra de declaracións que, dende o punto de vista dos intereses do sector pesqueiro galego e do peso que este ten no conxunto da economía do noso país, resultan non só irrespectuosas, senón que amosan claramente o nulo valor que para a Unión Europea e para o Goberno do Estado teñen a pesca e a economía galega; e, o que é moito máis grave, a nula importancia e a falta de peso político que ten Galiza para estas institucións.

A Xunta, coma sempre, vai laiándose polas esquinas e producindo titulares sen parar; e o colofón, a conselleira do Mar, que, mentres por un lado di que agardaba máis «sensibilidade» de Bruxelas, manifesta, sen sensibilidade ningunha —e dígoo textualmente— «que vai haber que pensar en fixar unha cota mínima de pescadores para garantir a súa sostibilidade». Ou sexa, señorías, que a solución a toda esta desfeita é, segundo a conselleira —a máxima responsábel da pesca neste país—, eliminar mariñeiros. Señorías, nun país normal, cun goberno normal, após estas declaracións, a conselleira non tería durado no seu cargo nin cinco minutos. *(Aplausos.)*

En definitiva, a Xunta salda o tema cunha carta, cunha misiva do presidente da Xunta a Sánchez e co encargo de dous informes. Iso si, a parte máis importante para que todo cadre tamén entra dentro do paquete: eliminar mariñeiros.

Señorías, no BNG pensamos que o sector pesqueiro galego leva en modo *Brexit* dende o ano 1986 e que habería que eliminar moitas outras cousas antes de eliminar mariñeiros. Por iso hoxe presentamos aquí as nosas propostas.

As cifras, os datos, xa os coñecemos pola prensa, claro *(Murmurios.).* O *Brexit* sáldase cun acordo que remata no ano 2026, dentro de cinco anos, e que implica que a frota europea —incluída a galega— renuncia a un 25 % das capturas nos caladoiros do Reino Unido.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso das Malvinas non hai recortes, pero estímanse aranceis de ata o 18 %. Despois do 2026, as negociacións teranse que facer anualmente e especie a especie. Supoño que a estas alturas ninguén pensará que após eses cinco anos se vaia recuperar a cota perdida, e no mellor dos casos haberá que pelexar cada ano por minimizar os recortes de capturas.

A todo isto, hai que sumar a distribución anual dos TAC da propia Unión Europea; repartición que ano tras ano é prexudicial para Galicia. De feito, no mes de decembro último, como dixen, o recorte é aínda moi superior ao derivado do *Brexit*: por exemplo, o 5 % na pescada, o 7 % na meiga, o 12 % no peixe sapo, o 20 % no abadexo, o 15 % na cigala, e así sucesivamente.

Pero moito máis alá das cifras e das interpretacións de cadaquén desas cifras, é evidente que o resultado do acordo ten consecuencias nefastas para a nosa frota, agora e no futuro. E tamén é evidente que, chegados a este punto, as medidas a tomar para tratar de reverter a situación non poden ser meramente conxunturais e limitárense a compensacións puntuais.

Por certo, sobre as compensacións volveremos falar máis devagar. Presentaremos propostas concretas, porque o que hai agora mesmo enriba da mesa é outro escarnio, outra burla, un fondo de reserva establecido pola Unión Europea de 5.000 millóns de euros dos que tan só 600 son para mitigar as perdas do sector pesqueiro do conxunto de países afectados. En concreto, ao Estado español destínanse 184 millóns de euros, dos que soamente 2 millóns —soamente 2 millóns; é dicir o 0,35 % do total— son para compensar o sector pesqueiro español.

Cando estas cifras as apliquemos ao sector pesqueiro galego, será outra vez para botarse a temblar. As medidas a tomar, pois, deben ir á raíz do problema, e encamiñadas a remover a cimentación, os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación na nosa frota dende a Unión Europea, dende a mesma entrada do Estado español en 1986.

Primeiro, faise indispensábel traballar politicamente en todas as institucións co obxectivo claro de iniciar un proceso de revisión da noción, ata o de agora ríxida e inamovíbel, de rexión altamente dependente da pesca, precisamente inspirada no seu momento polo propio Reino Unido, entre outros.

Galiza, señorías, ten elementos máis que suficientes como para ser recoñecida como tal, porque a actividade pesqueira inflúe económica, laboral e socialmente de tal xeito no conxunto que as graves dificultades que o sector pesqueiro vén acumulando dende hai anos son determinantes na redución da actividade económica total e na perda de emprego.

Segundo, o coñecido como principio de estabilidade relativa que se mantén dende os anos oitenta, que resultou sagrado nas sucesivas reformas da política pesqueira común e que hoxe xa é cuestionado dende todos os ámbitos —desde o político ata o científico— ten que removerse, ten que eliminarse. Precisamente as negociacións do *Brexit* eran o momento idóneo para intentar negociar un novo status para a frota galega que puidese evitar a súa desaparición.

Agora, señorías, vistos os resultados dese acordo, esa posibilidade ten que converterse nunha realidade e hai que reunir todos os esforzos para poder levala a cabo e conseguir que a Unión Europea derrogue a estabilidade relativa definitivamente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A estabilidade relativa —ese principio que non está escrito en ningún sitio como tal, pero que existe— é a principal responsábel de que Galiza fose a gran perdedora no seu momento e de que aínda no día de hoxe as súas posibilidades de pesca sexan moi inferiores á súa capacidade.

Para ilustrar o que digo, poderiamos tirar de moitos datos, valoracións e estudos feitos, pero vou optar por citar un dos máis devastadores. Nos últimos quince anos, señorías, Galiza perdeu máis do 22 % dos seus buques; nada menos —¡nada menos!— que 1.200 barcos nos últimos quince anos, e na última década as frotas máis afectadas foron a de altura, que perdeu un 45 %, case a metade dos barcos, e a de gran altura, case un 30 %.

Terceiro. Despois de todo o que leva chovido nestes anos e á vista da escasísima importancia que para o Estado español ten a pesca galega, faise máis urxente ca nunca abordar a participación de Galiza na defensa dos seus intereses e na toma das decisións que lle afectan de xeito tan directo. Cómpre, pois, que se nos recoñeza a capacidade de negociar directamente as cuestións en materia de pesca e que esas cuestións non poidan ser adoptadas sen contar co consentimento e a aceptación da Galiza.

Nós sabemos, porque vivimos neste país, que esa tarefa non é doada, e a consecución deste obxectivo non vai ser inmediata, por iso propomos paralelamente que a curto prazo o Goberno galego adopte medidas que sirvan para paliar as consecuencias que derivan do *Brexit*.

Esas medidas teñen que ser, primeiro, áxiles na súa programación, e, segundo, efectivas na súa aplicación. O Goberno galego non pode nin debe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ... —vou rematando, señor presidente— quedar á marxe de elaborar medidas de apoio económico e social para o sector pesqueiro e para as zonas afectadas.

E, por último, señor presidente, a nosa proposta demanda que nun tema de tal envergadura como este os grupos políticos que estamos representados no Parlamento galego non podemos quedar á marxe e que temos que ter directamente os datos, coñecer polo miúdo os detalles do acordo e participar nos debates para contribuír coas nosas aportacións nas decisións de cara ao futuro inmediato.

Polo tanto, solicitamos a nosa inclusión, a inclusión dos partidos políticos aquí representados, no Consello Galego de Pesca e nunha comisión que se crearía especialmente para o efecto.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Patricia Otero.

A señora OTERO DÍAZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Máis aló de que o Grupo Parlamentario Socialista coincida en moitas das reivindicacións que pon o Bloque Nacionalista Galego na súa proposición non de lei e de que moitas delas as compartamos, eu o que quería preguntarlles ás señorías do Bloque Nacionalista Galego e tamén do Partido Popular é: ¿que preferirían?, ¿que houbese un *Brexit* sen acordo?, ¿que os nosos barcos e a nosa frota fora expulsada das augas do Reino Unido con data de 1 do xaneiro de 2021? Porque iso sería o que acontecería se fose un *Brexit* sen acordo.

Dende logo, non é o mellor acordo, todos quereriamos ter conseguido máis, pero todos sabemos que nunha situación de ruptura, coma nun divorcio, moitas veces non se acada o que se quería nun punto de partida. Pero sería moitísimo peor se o *Brexit* fose sen acordo e se os nosos barcos non puidesen estar faenando hoxe nas augas do Reino Unido.

Polo tanto, non é o mellor acordo, pero, dende logo, conseguimos moito máis que se o *Brexit* fose sen acordo. E incluso hai políticos do Partido Popular, como o anterior conselleiro de Pesca, o señor Veiga, que recoñeceu incluso que foi un bo acordo.

En verbas desta deputada non escoitarán dicir que estamos satisfeitos e que foi un bo acordo, pero é moitísimo mellor que se non houbese un acordo, porque as implicacións que tería para Galicia non chegar a un acordo no *Brexit* non son menores.

As exportacións do sector automobilístico ao Reino Unido ascenden a 600 millóns, as do sector téxtil e do calzado rondan os 500 millóns, as exportacións de conservas de peixe superan os 40 millóns e as exportacións de pizarra, por poñer outro exemplo, supoñen máis de 50 millóns.

Polo tanto, o acordo acadado é un acordo que salva o movemento de bens —que parece que nos olvidamos diso—. Trátase dun acordo de cero tarifas e cero cotas; polo tanto, as importacións e as exportacións galegas non se verán sometidas a aranceis ou límites de volume.

Por exemplo, vou poñer tamén un exemplo que non é de pesca, pero do que se leva falando moito neste Parlamento: o problema de Alcoa. Liberty House é unha empresa británica. ¿Pensarían vostedes que Liberty House seguiría interesada en comprar Alcoa se existisen estes aranceis que poderían vir dun *Brexit* sen acordo? Pois non. O acordo en materia de pesca abórdase no título V, nos correspondentes anexos sobre stocks e no protocolo sobre acceso ás augas durante o período de axuste; isto é, entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de xuño de 2026.

Durante este período de tempo, irase implementando unha transferencia parcial das capturas europeas en augas británicas —a parte británica—, e isto acadará un 25 % do valor das

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capturas. Pero o acordo non recolle unha porcentaxe concreta aplicada de forma lineal, senón transferencias específicas por stock. Hai que recordar —que parece que se olvida— que o Reino Unido pedía unha redución do 80,3 % en tres anos. O 80,3 % en tres anos era o punto de saída, e acadamos o 25 %. Creo que a diferenza é considerable. *(Aplausos.)*

E, ademais, o acordo inclúe importantes mecanismos disuasorios de calquera acción unilateral por parte do Reino Unido para endurecer o acceso e capturas europeas na Unión Europea tras o período de transición. Por exemplo, o artigo 9 do Acordo sobre pesca regula as medidas compensatorias en caso de retirada ou redución de acceso. E —repito— non é o acordo que queriamos, pero a ausencia de acordo tería sido moito peor —como dixen— coa retirada dos nosos barcos de augas británicas o 1 de xaneiro. Galicia xogábase moito nestas negociacións, non só no tema da pesca.

O fondo para facer fronte aos danos do *Brexit* prevé 600 millóns para a pesca. Eu creo que, nese senso, debemos de traballar todos e todas —e, dende logo, as administracións que teñen responsabilidade— para que eses fondos cheguen canto antes aos nosos mariñeiros.

Aquí a señora Pérez tamén falaba de que en principio asignaban só 2,2 millóns para a pesca española. Nós, dende logo, non estamos de acordo con eses criterios que se adoptaron, con esa cantidade que lle di tocar a España e, por tanto, tamén á nosa frota galega, e, ademais, o noso eurodeputado así o fixo constar, que non están de acordo; e están a traballar para melloralo. A Xunta de Galicia critica o acordo, pero —repito— non sei o que quería Feijóo, se quería que se rexeitara ese acordo e que se botara a nosa frota das augas británicas.

Hai que esperar á finalización do acordo, das negociacións, para ver as cotas definitivas, porque agora o que temos son cotas provisionais. Dende logo, o acordo garante o mantemento da frota española e galega en condicións similares ás actuais, pero cun marco de estabilidade e seguridade xurídica. Conseguiuse tamén —como dixen— establecer ese período transitorio de cinco anos e medio para que o sector poida adaptarse de forma gradual e equilibrada á nova situación sen que se interrompa a súa actividade. Pero é necesario tamén facer unhas pinceladas en números de canto suporía ese recorte do que estamos a falar. É dicir, as reducións, despois do período transitorio, nas principais especies do Gran Sol son: por exemplo, a redución da merluza do norte é dun 1,02 %; o gallo do norte, un 2,5 %; e o rape do norte, dependendo da zona, oscila entre un 0,24 % e un 0,76 %. É dicir, que nos stocks do sur —no que se inclúe, por exemplo, a cabala— non sofren modificacións e mantéñense as posibilidades de pesca, e tampouco existen cesións en augas profundas, como o besugo.

Coincidimos en que é o momento e en que hai oportunidades de financiamento para os retos do sector pesqueiro: sostibilidade, competitividade e cohesión social. Hai posibilidades de financiamento e hai que traballar para non perder nin un só euro destas posibilidades. A curto prazo sabemos do Plan de recuperación e resiliencia, tamén do FEMP 2014-2020, e, a medio prazo, a través do novo FEMP 2021-2027. Aí as administracións —dende logo, a central, pero tamén a autonómica— deben de impulsar a mellora da execución do FEMP actual e poñer en marcha o novo FEMP, cun programa operativo consensuado co sector e que subsane as dificultades de aplicación que atopa o actual fondo e que tanto temos tratado en diferentes comisións.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, o principal efecto para Galicia do *Brexit* é finalizar tamén esas negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido porque, como dixen, estamos aínda con cotas provisionais. Hai que establecer esas cotas definitivas de pesca para todos os estados membros e, polo tanto, tamén para os nosos barcos.

No Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea de decembro pasado aprobouse un adianto das cotas de pesca correspondentes ao primeiro trimestre do ano, excepto para a cabala, para a que se aprobou un 65 % de cota anual. Polo que Galicia está esperando esa cota definitiva que, como todos sabemos, co tema do *Brexit* se retrasou; pero espérase que no Consello de Ministros de marzo xa se poñan definitivamente esas cotas definitivas.

Estamos de acordo cos puntos que presenta o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa. É certo que emendamos o punto 3, xa que non fala só da capacidade directa de negociación de Galicia en temas de pesca, senón que fala de todas as cuestións de especial relevancia para a súa economía. Ademais, fala tamén de que se necesita o consentimento de Galicia para poder sacar adiante esas decisións. Se poñemos capacidade de veto por parte de todas as comunidades autónomas, vai ser moi complicado poder sacar os temas adiante. Por iso nós dicimos que sería mellor redacción instar o Goberno de España ao recoñecemento da capacidade de participación de Galicia naquelas cuestións de relevancia para o sector marítimo-pesqueiro galego. Pero aquí quero facer unha puntualización, porque parece que ás veces nos olvidamos de algo. A conselleira do Mar, a señora Quintana, xa é a que representa as comunidades autónomas españolas en materia de pesca na Unión Europea. Polo tanto, é aí onde tamén ten que facer valer o posicionamento da pesca da nosa comunidade galega. Dende logo, ela acompaña o ministro de Pesca —como xa acompañaba os ministros de pesca doutros gobernos— e, polo tanto, ela tamén está nesas negociacións.

Repito, para que non se malinterpreten as miñas verbas: é certo que España non foi a máis prexudicada, nin foi dos países máis prexudicados neste acordo do *Brexit* para a pesca —outros países como Francia, Alemaña ou Dinamarca saíron peor parados—, pero non por iso podemos estar contentos con este acordo. Desexariamos ter ido moito máis aló, pero repito que un *Brexit* sen acordo sería nefasto para a nosa frota.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

En primeiro lugar, señora Pérez, pola súa insistencia nas declaracións da conselleira: mínimo e máximo —non sei se vostede lembra as lecciónes que nos daban tamén en Barrio Sé-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

samo—; un mínimo de mariñeiros, e de aí para arriba, para arriba. É a retranca galega. Vostede non entendeu estas declaracións, e eu teño hoxe que matizalas aquí antes de comezar.

¿Con quen está enfadada vostede?, ¿con Sánchez?, ¿con Pablo Iglesias? Porque fala dunha misiva ridiculizando todo o que se lle pide, o que se solicita dende Galicia. Vostedes foron cunha misiva e cuns puntos para facer un pacto co que non tiñamos nada de pesca e ao que, ademais, parece que non lles están facendo absolutamente ningún caso. Polo tanto, todo o que di vostede e o que dixo con esa insistencia nós coñecémolo de sobra.

Por parte do PSdeG, señora Otero, vén vostede aquí xustificarse, explicarnos non sei que; non sei se é o que van facer, o que queren facer, o que pretenden facer ou o que lles gustaría que se tivera feito, pero que non chegaron a iso. Afortunadamente, a señora Quintana e Galicia representan neste momento as comunidades autónomas, non como foi noutros tempos, que as representou, na época de Zapatero, Estremadura. Esa foi a elección que fixeron, malia que Galicia se ofrecera no seu día.

Como saben, esta iniciativa consta de seis puntos, que nós emendamos co fin de matizar nalgún deles algunhas exixencias que nos parecen imprescindibles. Porque si é verdade que xa vén de longo e que levamos falando moito tempo do *Brexit* neste Parlamento. E, ademais, por parte da Xunta lévanse facendo moitas actuacións e actividades dende que soou esa palabra e xa sabiamos que ía afectar directamente a pesca.

No punto 1 propoñen levar a cabo, sen dilación, os trámites para que Galicia se recoñeza como zona altamente dependente da pesca. Nós cremos que sería máis correcto —e abro comiñas porque realmente fixemos así a emenda— «analizar xurídica e economicamente e despois propoñer», porque non son opinións políticas, sabémolo perfectamente, e podémolo demostrar; e, tal e como está na PNL, non sabemos a que trámite se refiren. Polo tanto, nese caso, fariamos ese matiz.

Os puntos 2, 3 e 4 respectariámolos tal e como están en profundidade. Como dixen, nós coñecemos a fondo todos os temas que vostede hoxe expuxo aquí. E no que é o fondo, na necesidade de que Galicia estea presente, en defender os nosos intereses pesqueiros ante o Reino Unido e en ir todos da man, por suposto, estamos de acordo, pero no punto 2, no da revisión do principio de estabilidade relativa ao que se refire vostede, nós non podemos recibir leccións por parte do BNG con este tema do mal chamado principio. O 90 % dos recursos contra a estabilidade relativa, directos ou indirectos, foron interpostos polos gobernos do Partido Popular en España, tomando como razón, por exemplo, a repartición e o intercambio de anchoa no 1996, 1997, 1998, no 2000 e no 2001, e tomando tamén como razón a asignación de cotas no mar do Norte, por exemplo, no Báltico, no ano 2003 tamén foron presentados eses recursos —insisto— por gobernos do Partido Popular en España. Os informes xurídicos dinnos que o mellor camiño non é o recurso, senón abordar ese reaxuste de cotas pola necesidade de asignación para atender os descartes, porque tamén é un factor que entra e que está agora enriba da mesa e que non estaba antes.

Non nos pode tampouco dar leccións o Bloque Nacionalista Galego contra a política pesqueira e a estabilidade relativa porque vostedes cogobernaron en Galicia. Xa que non lles

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gusta que falemos do «Bipartito», digamos que cogobernaron co Partido Socialista e o Bloque legounos un documento de 3 folios —esa era a súa folla de ruta, que non se sabía case nin como querían facelo— e votaron en contra dun ditame do Consello Galego de Pesca naquela época que falaba e apostaba por esa postura contra a estabilidade relativa. Alegrámonos de verdade de que cambien de opinión, pero non poden darnos lecciónns. Hai que botar contas antes de pedir, iso tamén é importante, porque non vaia ser que nesa nova repartición outros países demanden entrar nos acordos en cotas de terceiros e nós, polo tanto, saiamos perdendo. Polo tanto, tamén nese punto é importante ter en conta todos estes temas.

No terceiro punto falan do recoñecemento da capacidade directa de negociación. Entón, aquí é onde presentou emenda o Partido Socialista de Galicia, e a verdade é que nos deixa bastante atónitos. Porque, como digo eu, hoxe a señora Otero falou aquí do que tivo que ter sido pero non foi; veu aquí xustificarse. Neste punto o Partido Socialista de Galicia di que queren o recoñecemento da capacidade de participación de Galicia naquelas cuestións de relevancia para o sector marítimo-pesqueiro de Galicia, pero os feitos —como digo— son outros. Resulta que despois de que o Ministerio deixara a señora Quintana fóra das negociacións dos consellos de ministros de Pesca da Unión Europea o semestre anterior, agora veñen con isto; despois de que a Consellería do Mar tivera que ir a Madrid para seguir desde o Ministerio o Consello de Ministros, cando podería facelo dende Galicia cunha videoconferencia —pero tivo que estar alí, ao lado do ministro, para estar controlada—, agora veñen con isto; despois de que o presidente da Xunta lle pedise a Sánchez que Galicia estivese presente nas negociacións nas que se abordasen temas de cotas co Reino Unido, a través do presidente da Xunta e da conselleira do Mar, presuntamente diso non se sabe nada, e agora véñennos con isto; e despois de que en tempos de Zapatero —como dixen antes— escollesen a Estremadura para negociar as cotas de pesca e os intereses da pesca de Galicia e das comunidades autónomas de España, agora veñen con isto.

Polo tanto, nós cremos que esta emenda é para quedar ben e, non sei, para xustificar tamén o apoio a esta PNL. E tamén cremos que, se cren vostedes que tanto valemos, que somos tan necesarios en Galicia para as negociacións, vaian facendo chamadas para que nos atendan e para que nos deixen participar en todas estas situacións, porque é verdade que nós temos capacidade demostrada e que temos coñecemento e argumentación para participar; e témola no Goberno de Galicia a través do sector pesqueiro —como digo sempre— polo traballo e pola experiencia que temos e que podemos ter tamén a través de todos os deputados nesta Cámara.

Cómpre subliñar nese caso, neste punto terceiro, a importancia da carta enviada polo presidente Feijóo a Sánchez, que neste caso se pon como algo ridículo ou aquí intentan restarlle importancia. Pero nesa carta, en decembro, amósase tamén a preocupación polo impacto na cadea mar-industria —da que falamos onte tamén, do acordo que falamos onte e que votaremos despois— e fálase tamén das negociacións de cotas e da ordenación pesqueira que se celebre no Reino Unido e de que haxa presenza de Galicia. Polo tanto, este punto nós claro que o apoiamos cen por cento. E tamén o de establecer unha estratexia común de defensa dos intereses e da frota ante a negociación actual de ordenación da pesca e das posibilidades de pesca ante este proceso.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O punto 4º é sobre os plans de continxencia e o apoio económico e social. ¿Nós, dende Galicia, unha comunidade autónoma, temos que achegar apoios? Terán que achegar eses apoios o Goberno de España e a Unión Europea, sobre todo tamén a Unión Europea. Nós cremos que ese goberno, a Unión Europea en xeral, e o Goberno de España son competentes na negociación e dispoñen, ademais, do Fondo de Recuperación do *Brexit*, do que se coñece como BAR, e Galicia está a buscar aliados nas rexións europeas para flexibilizar ese fondo, introducindo criterios que recollan impactos non directos dentro do Comité das Rexións do Arco Atlántico, para recibir, por suposto, esas axudas. Nós entendemos que só se debe, ademais, atender as consecuencias inmediatas e non as que poidan vir a medio e longo prazo, que son as máis complicadas para Galicia, porque neste caso temos que saber onde estamos neste momento e que é o que máis nos interesa priorizar.

E chegamos aos puntos 5 e 6. Aquí é onde digo eu —sobre todo no 6— que é onde se ve a verdadeira cara do Bloque Nacionalista Galego e o que pretende. O punto 5 pide que se cree unha comisión no Parlamento para falar do *Brexit*. Nós cremos que vostedes coas comisións teñen aquí bastante —perdóeme a expresión— cachondeo, porque piden moitas comisións e, cando nós estamos dispostos a facelas, non fan máis que criticalas. Despois de estar nunha comisión saen á prensa criticar a comisión do Parlamento: que se non fan o que din os partidos da oposición, que se quen vén comparecer non é a persoa axeitada... E cando votamos e decidimos o plan de traballo coa maioría que temos neste Parlamento, tampouco lles vale. Polo tanto, creo que podemos aforrarnos ese trámite, e o que nós plantexamos é que o Parlamento teña coñecemento de todos os informes, de todos os acordos que se teñen no Consello Galego de Pesca. Poderiamos aforrar o trámite de que vostedes coa comisión aproveiten para criticar outra vez o Partido Popular e para criticar outra vez a Xunta de Galicia, que é o que fan sempre coas comisións, cando o facemos con toda a boa vontade para que saïamos con acordos desta Cámara.

E despois o punto 6 é o máis curioso, é a trampa, como digo eu. Vostedes cando presentan estas PNL con moitos puntos, aproveitan para meter nalgúns casos unha transferencia de competencias, unha nacionalización... E, neste caso, é a presenza dos grupos políticos no Consello Galego de Pesca, a instrumentalización total no Consello Galego de Pesca, meter a Comisión 8ª no Consello Galego de Pesca. ¡Un consello independente do sector, que o 90 % o elixen eles mesmos, e vostedes queren que vaia un representante político deste Parlamento alí para dicirlles o que teñen que facer! ¿Cal é a razón de que esteamos presentes no Consello Galego de Pesca? Que nos informen de todas as súas decisións e, conforme sexan as súas decisións politicamente, podemos debater aquí no Parlamento o que eles decidan. Pero vostedes no punto 6º din que un membro de cada partido do Parlamento estea presente nese consello.

É que vostedes, o Bloque Nacionalista, os partidos nacionalistas en xeral, sempre queren instrumentalizar, marcar a dirección en todos os sectores, e este é un feito, está clarísimo. Isto é unha trampa, é un punto que está clarísimo que queren facer, meterse directamente no Consello Galego de Pesca para controlalo. Polo tanto, mentres o Partido Popular de Galicia siga gobernando e mentres os galegos nos dean a maioría para seguir gobernando, este consello seguirá sendo independente e haberá liberdade para que o sector poida decidir sen que o Bloque Nacionalista Galego queira instrumentalizalo todo. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Remato, presidente.

Direi para rematar que dende que se escoitou o termo *Brexit*, como digo eu, vimos o que se aveciñaba. Feijóo, o seu equipo, a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario comezaron a traballar da man dos sectores máis afectados.

Polo tanto, nós, como dixen, os puntos do 1 ao 4 cremos que podemos apoialos se vostede acepta a votación por puntos, porque cremos que si realmente é unha defensa de Galicia, dos intereses da pesca de Galicia, pero o 5 só o aprobariamos coa modificación da redacción que fixemos, e o 6 por suposto que non o imos aceptar porque realmente aí está onde queren meter vostedes o papel nacionalista en todo o sector...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...da pesca.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Otero, eu sei, nós sabemos, no Bloque Nacionalista Galego, que vostedes, o PSdeG, na Galiza non ten motivos para ningunha celebración, tanto polo acordo do 15 e do 16 de decembro das cotas como polo tema do *Brexit*. Tamén queremos pedirlles que non fíen todo ao Fondo de Compensación, porque baseou gran parte da súa intervención no Fondo de Reserva, no Fondo de Compensación. Polo de agora —xa llo dixen na miña primeira intervención— xa vemos cales son as cifras. Veremos como quedan finalmente, pero moito tememos que vai ser o fiasco de sempre para a frota galega. En todo caso, o Fondo de Compensación, por moi grande que sexa, non pode ser o foco de atención. O principal argumento ten que ser sacar a frota adiante, coas maiores posibilidades para esa frota, porque nos vai moito niso, señora Otero.

Señora Egerique, señoras e señores do Partido Popular, vostedes non aprecian ben o meu estado de ánimo. Eu non estou enfadada con ninguén, todo o contrario. Está mal que o diga eu, pero son unha persoa moi afable e moi sociable. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Pero, señora Egerique, voulle definir exactamente como me atopo eu e o meu grupo: indignados, absolutamente indignados co inmobilismo e coa submisión da Xunta de Galiza neste tema. *(Aplausos.)*

Señores e señoras deputados, frase textual da conselleira de Pesca: «Vai haber que pensar en fixar unha cota mínima de pescadores para garantir a súa sostibilidade». Vólvese confundir vostede de concepto —*el concepto es el concepto*, señora Egerique—; vólvese confundir vostede, a isto o Partido Popular chámalle «retranca galega», *(Aplausos.)* ¡retranca galega!

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Egerique, a estas alturas, o argumento que se utiliza cando non hai argumentos —acabámolo de ver coa intervención do presidente Feijóo, que, cando non hai argumentos, hai que recorrer a ETA, ¿verdade?— é que o Bloque Nacionalista Galego non lle pode dar lecciónns. É que o Bloque Nacionalista Galego non lle vén aquí dar lecciónns a ninguén, e a vostede, señora Egerique, e ao seu grupo, moito menos. Nós ao que vimos aquí é a trasladar as peticións e a preocupación do sector pesqueiro, e ademais a facer propostas serias, rigorosas, traballadas, pensadas e, dende logo, viables. *(Aplausos.)*

E claro, ¿como non? Están de acordo cos puntos 1, 2, 3 e 4 porque, evidentemente, do que se trata é de demandar, traballar, analizar..., principalmente un labor doutras administracións, pero de ningunha maneira —non se nos vaia ocorrer— van votar o punto 6 favorabelmente. ¿Por que? Porque é unha competencia exclusiva do Goberno galego e, entón, aí, *no me lo toquen*; aí non se pode tocar. Son vostedes igual de sagrados en determinadas cousas, ou consagran vostedes determinados principios máis que a propia Unión Europea co tema do principio de estabilidade relativa.

Señora Egerique, formar parte do Consello Galego de Pesca non é ningún favor que nos faría o Goberno galego. Non é ningunha graza concedida polo Grupo Parlamentario do Partido Popular. Está recollido, señora Egerique, no propio decreto que regula o funcionamento do Consello Galego de Pesca. *(Aplausos.)* E vostedes din que que os grupos estean nese Consello Galego de Pesca sería instrumentalizar o Consello Galego de Pesca. Vostedes o que non din é que, efectivamente, o propio Goberno galego, a súa conselleira e determinados representantes da súa consellería, xa están... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Non, todos os grupos non, señora Egerique. Todos os grupos, non. O Goberno galego, efectivamente, o Executivo, que pertence a un partido, ¿verdade?, porque non é un ente abstracto, non é unha cousa absolutamente... Ben, pertence ao mesmo partido que pertence vostede, e está, efectivamente, no Consello Galego de Pesca. ¿E que está facendo no Consello Galego de Pesca? Instrumentalizando as decisións que se toman alí; *(Aplausos.)* teledirixíndoas, señora Egerique.

Eu quero ir rematando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, xa imos pasados.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Si, remato, señor presidente.

Créanme, señores e señoras deputadas, que esta proposta, efectivamente, de seis puntos do Bloque Nacionalista Galego foi elaborada con tempo, con rigor e coa seriedade que require este tema; un tema, efectivamente, moi grave. Esta proposta non consiste simplemente nunha enumeración de causas e, de novo, nunha enumeración de propostas conxunturais que nos leven só a poñer parches nun barco que fai augas por todos os lados, nunca mellor dito.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, señor presidente—...

Gustaríanos...

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ... que vostedes, o Partido Socialista e o Partido Popular, a considerasen tamén con rigor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e con seriedade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: En canto ás emendas, señor presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Home!, en canto ás emendas, houbo tempo, e xa imos pasados nun minuto e medio. *(Murmurios.)*

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Non, non, é unha frase, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A ver se é verdade. ¡Veña!, rápido, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: En canto á do Partido Socialista, é probábel que a tomemos en consideración. E en canto á do Partido Popular, estamos aínda terminando de decidilo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ben.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Quedamos como estabamos. *(Risos.)* Veremos.

Grazas, señora Pérez. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Está ben, está ben.

(Murmurios.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Filgueira Tellado e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade da planta das Somozas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos.

Quero empezar a miña intervención amosando, en nome do Grupo Parlamentario Popular, todo o noso respaldo aos 215 traballadores de Siemens-Gamesa, nas Somozas, afectados polo ERE presentado pola empresa.

Presentamos hoxe unha proposición non de lei coa que pretendemos que os representantes dos traballadores se senten na mesa de negociación do ERE sabendo que teñen detrás deles o respaldo de toda Galicia expresado por esta Cámara, que representa a todo o pobo galego.

Gamesa é unha multinacional de orixe vasca, fundada no ano 1976, principalmente orientada á enerxía eólica e ao sector aeronáutico. No ano 1997 abriu a súa planta das Somozas adicada á construción de pas para aeroxeradores.

É unha instalación que ten dous nomes propios que non debemos esquecer, dúas persoas que se implicaron para conseguir a instalación desta empresa nas Somozas: a primeira, Manuel Candocia, alcalde das Somozas, e a segunda, Juan Fernández García, conselleiro de Industria dunha Xunta que estaba a ser pioneira na aposta polo sector eólico en Galicia.

En 2017 a filial eólica de Gamesa fusionouse coa filial eólica de Siemens para crear Siemens-Gamesa Renovable. Nesa fusión, a sede da sociedade quedou no País Vasco. Iberdrola, un dos principais clientes de Gamesa, quedou co 8 % da empresa resultante e Siemens quedou co 59 % do acccionariado. Logo de varios desencontros, Iberdrola decide abandonar o accionariado da empresa e vende os seus activos a Siemens, venda que se fai efectiva a principios do ano 2020.

En setembro de 2019 Siemens-Gamesa anuncia o inicio das negociacións con Senvion, un dos líderes do sector dos aeroxeradores. En xaneiro de 2020 complétase a operación de adquisición da división europea de Senvion, o que supón a adquisición da súa fábrica de pas portuguesa de Vagos, ubicada entre Coimbra e O Porto; unha planta dez veces maior que a das Somozas e que conta con 1.400 traballadores.

Asistimos, pois, ás consecuencias de dous fenómenos: o primeiro é a concentración no sector da construción de aeroxeradores, a absorción ou a fusión dunhas empresas por parte doutras; e o segundo, evidentemente, a deslocalización do sector. No caso de Siemens-Gamesa, nas Somozas, señorías, estamos claramente ante un caso de deslocalización dunha multinacional que decide pechar todos os seus centros produtivos, adicados á fabricación de pas en España, para trasladar a súa produción a terceiros países; unha deslocalización —hai que dicilo— inadmisible, ¡inadmisible!

En xullo de 2020 asistimos ao peche da súa planta en Navarra e agora á intención declarada de pechar os centros das Somozas e de Cuenca. Siemens-Gamesa non só se vai de Galicia,

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senón que se vai de España; vaise a Portugal, buscando unha fiscalidade e uns custos laborais probablemente distintos. Esta marcha contradí o discurso do Goberno socialista de aposta polas renovables e de compromiso polo avance na transacción ecolóxica. ¿Que transición ecolóxica é esta que nos presenta o Goberno de España, onde se abandona a industria tradicional, onde se pechan as centrais térmicas vinte anos antes de ter a obriga de facelo e, ao mesmo tempo, onde o Goberno permite que unha planta de construción de pas eólicas produtiva, unha planta competitiva, como a das Somozas, peche sen solución de continuidade? Os fondos de transición ecolóxica anunciados polo Goberno de España, pero que ata o momento non dan chegado, deberían ter blindado a continuidade de Siemens-Gamesa nas Somozas.

Nós pedímoslle ao Ministerio de Traballo, como autoridade laboral competente nun ERE de ámbito nacional, que analice ben o expediente presentado pola empresa, que analice se se dan realmente as causas económicas, ou, se pola contra, a empresa ten enriba da mesa pedidos. É verdade que a empresa aduce causas organizativas, aduce causas produtivas, pero o razoamento final é o dun ERE por causas económicas.

A realidade é que a empresa ten pedidos enriba da mesa, ten propostas de encargas de empresas eólicas galegas que permitirían darlle carga de traballo; polo tanto, non se sostén a argumentación que fai a empresa Siemens-Gamesa para tratar de pechar a súa planta das Somozas. E, como non se sostén, nós pedímoslle ao Ministerio de Traballo que actúe, porque ten as competencias plenas nun ERE de ámbito nacional; que actúe e que atope as causas para tombar, igual que se fixo no caso de Alcoa, un ERE que, dende logo, nós cremos que non é de recibo.

Hai posibles pedidos enriba da mesa, por certo, nos que houbo intermediación do Goberno galego para a súa consecución e dos que había conversas activas no momento en que se anunciou a intención de pechar a planta das Somozas. E eu quero dicilo hoxe aquí, en sede parlamentaria, para que conste no *Diario de Sesións* e para que este argumento poida ser utilizado por parte do comité de empresa na mesa de negociación do ERE, porque non se xustifica ese ERE plantexado pola empresa.

A este grupo cónstalle a existencia de conversas, a múltiples niveis, entre a Xunta de Galicia e a dirección da empresa para buscar vías de colaboración que permitan a continuidade da empresa. Dende o Grupo Popular levamos meses interesándonos pola situación da planta das Somozas. As nosas primeiras conversas co presidente do comité de empresa remóntanse a xaneiro de 2020. Nesas datas, antes da pandemia, xa comezaban a xurdir as primeiras inquedanzas entre a plantilla de Siemens-Gamesa pola falla de pedidos; unhas inquedanzas que se agravan en xuño co peche da planta de Navarra e que, logo do verán, se ven reforzadas coa falta de concreción de novas encargas.

En setembro de 2020 o vicepresidente deste Parlamento, Diego Calvo, e mais eu fixemos unha visita á planta das Somozas; unha visita que, por certo, foi dificultada pola dirección da empresa, que tratou de impedila de forma reiterada. Finalmente puidémola realizar. Nesa visita, a dirección da planta asegurounos, en presenza dos representantes dos traballadores, que non había ningún problema, que non había motivos para a preocupación. Mentíronnos. Esa é a realidade.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta crise, a crise de Siemens-Gamesa, prodúcese, ademais, nun momento especialmente difícil na comarca de Ferrolterra; un momento difícil no sector naval que non ten carga de traballo; un momento difícil tamén polo peche da central térmica das Pontes —un peche co que nós non estamos de acordo—; e un momento difícil tamén pola situación na que se atopa a industria electrointensiva de todo o noso país, que tamén afecta e que podería afectar, aínda máis, na comarca de Ferrolterra.

A comarca de Ferrolterra non se pode permitir o luxo de pechar a planta de Siemens-Gamesa nas Somozas, non só polos 315 postos de traballo afectados —entre os que xa marcharon e os que se verían afectados agora polo ERE—, que xa sería motivo abondo, senón tamén polo que supón para o emprego inducido, que non é, dende logo, menos importante.

Sobre a nosa iniciativa, o comité de empresa de Siemens-Gamesa, das Somozas, o que nos demanda é unidade. Se verdadeiramente queremos defendelos, se verdadeiramente queremos apoialos, é preciso que hoxe saia desta Cámara unha posición unánime, unha posición de unidade. E iso é o que pretendemos con esta iniciativa, que di o seguinte: «Instar a Xunta de Galicia a demandar á empresa Siemens-Gamesa que suspenda o ERE da planta das Somozas e acepte a formación dunha mesa de traballo conxunta co Goberno de España, coa Xunta de Galicia e coa representación dos traballadores e da empresa que teña como obxectivo atopar solucións que garantan a viabilidade e o futuro da planta.

En segundo lugar, instar a Xunta de Galicia a que, en colaboración co Goberno do Estado, utilicen todos os mecanismos á súa disposición para lograr que Siemens-Gamesa manteña a planta das Somozas, apostando pola súa modernización e pola implantación de novos proxectos industriais.».

É unha redacción sinxela que, de forma clara e nítida, conclúe cunha mostra de apoio incontestable ao comité de empresa e ao conxunto da plantilla. Os gobernos deben traballar da man —o galego e tamén o Goberno de España—. Eu teño que lembrar que a Xunta de Galicia actuou, lévao facendo dende hai meses, e o comité de empresa sábeo. A Xunta sentou coa dirección de Siemens-Gamesa e fixo todos os ofrecementos de colaboración económica, de colaboración financeira e mesmo de colaboración na busca de posibles contratos, mediando con empresas galegas do sector eólico. Polo tanto, o que pretendemos é que nas instalacións das Somozas se poida fabricar un dos novos modelos de pa que ten demanda na eólica actual. Ese ofrecemento do Goberno galego segue en pé e vai seguir en pé ata o último momento. Foi expresado en varias reunións coa dirección da empresa, xestionando contratos con posibles clientes que tamén puxeron propostas millonarias enriba da mesa que garantirían carga de traballo inmediata para Siemens-Gamesa. Polo tanto, se Siemens-Gamesa quere marchar, que saiba que a decisión é inadmisible e que nós, dende logo, imos plantarlle cara a unha decisión coa que non estamos en absoluto de acordo.

O problema de fondo é que Siemens-Gamesa decidiu sacar de España a súa fabricación de pas, e nós o que lle pedimos ao Goberno de España, especialmente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, é que sente coa dirección desta multinacional para condicionar calquera posibilidade futura desta empresa no noso país e que reverta esta decisión de peche. Se alguén pode facelo, é o Ministerio de Transición Ecolóxica, porque das súas posicións dependen...

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...moitos dos intereses de Siemens-Gamesa en España.

Remato xa, reiterando todo o noso apoio aos traballadores de Siemens-Gamesa, nas Somozas. Dende o Grupo Popular compartimos a súa preocupación e imos contribuír na súa loita por continuar producindo pas dende a comarca de Ferrolterra, como vimos facendo dende o ano 1997, e máis aínda...

O señor PRESIDENTE: Moita grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...neste contexto global de transición ecolóxica onde a aposta polas renovables é indiscutible e onde a comarca de Ferrolterra ten que estar presente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós pedímoslles aos grupos unha posición de unanimidade que permita o comité de empresa de Siemens- Gamesa ser forte nas súas negociacións ante a dirección de empresa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Lástima que, señor Tellado, eses compromisos, co comité de empresa, esas encargas e todas esas cuestións non llelas dean por escrito... —están aí fóra esperando, convocados por vostede, ademais—: que non lles dean por escrito todo iso que di aquí, pero que é incapaz de transmitirlles por escrito, firmado pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, non é un traballo doado, pero aínda estamos a tempo de frear o que quere facer Siemens-Gamesa, que está a tomar unha decisión errada e que pode perder moitas oportunidades de negocio se non reconsidera a decisión de deixar de fabricar pas para eólicos na planta das Somozas. Pero para iso necesitariamos un goberno galego decidido a poñer encima da mesa capacidade e política industrial para conseguir que esta decisión cambiase.

Hai meses advertimos ao Partido Popular que se aventuraba un futuro difícil para a planta de Gamesa, nas Somozas, pero dende o Goberno galego preferiron mirar para o outro lado. Non é nada novo. Vostedes falan de que están implicados dende o ano 2020, pero non é certo; o vicepresidente Conde xa recibiu no ano 2018 os representantes dos traballadores, que, en

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reunión, lle advertían ao responsable de Política Industrial do Goberno dun incipiente proceso de deslocalización da produción industrial cara a outros territorios, que o señor Conde negaba, pero que, ao final, se demostrou certo.

Aínda recordo cando lle preguntamos ao director do Igape pola situación na fábrica, no inicio de novembro do ano pasado, e foi incapaz de enumerar algunha actuación que estivesen levando a cabo dende o Goberno da Xunta de Galicia; só falaban de novas subastas eléctricas e, como sempre, sinalando o Goberno central, dicindo que os problemas da planta viñan derivados do clima de inestabilidade derivado das incertezas do sector. Aínda teño por aquí unha iniciativa do propio Partido Popular na que pedían contar coa implicación do Goberno do Estado, que debería concretar cando, como e en que condicións se levaban a cabo as poxas de renovables. Unha vez realizada a poxa, señores do Partido Popular, xa vimos como este non era o motivo de Siemens, senón que, unha vez máis, unha fábrica galega marchaba a producir fóra de Galicia, porque o Goberno da Xunta de Galicia é incapaz de que o noso territorio sexa atractivo para a actividade económica.

Despois de preguntarlle ao director do Igape, preguntámoslle ao vicepresidente, que, curiosamente, recibiu o comité de empresa, que xa o esquecera un día antes xusto de que se lle preguntase aquí. E volveron intentar volcar a responsabilidade cara a outros, falándonos de política enerxética, sen volver poñer encima da mesa ningún tipo de iniciativa por parte do Goberno autonómico para tratar de ancorar a produción de Siemens-Gamesa, nas Somozas. Só cando o Goberno central saíu ao requirimento dos traballadores foi cando visualizamos que existía a Vicepresidencia Económica da Xunta, secundando como observadores a posición do Goberno central nunha mesa na que lle pedían a Siemens- Gamesa que continuase coa produción de pas eólicas en España, e poñía enriba da mesa a aposta española polas enerxías renovables, cun contexto particularmente favorable para o sector por todas as oportunidades que ofrece a transición enerxética.

A semana pasada a empresa volveu sentar cos traballadores na segunda reunión e hoxe volven estar reunidos, e, como lles diciamos na Comisión de Industria, aínda non é tarde para convencer a Siemens- Gamesa de que debe analizar as opcións de viabilidade que existen de alternativas ao peche, xa que dende unha colaboración coas administracións poden aproveitar e optimizar as oportunidades de desenrolo industrial e transición enerxética cara ao mantemento das plantas. España conta cun importante potencial de enerxías renovables, cunha cadea de valor consolidada e con capacidade de crecemento e xeración de emprego sostible e de calidade.

O desenvolvemento acelerado e ordenado das renovables e a transición enerxética son piares do Plan de reactivación, transformación e resiliencia para a industrialización da economía española e para a reactivación da actividade e do emprego. Nese senso, desde o Estado estase traballando intensamente, xunto coas empresas e os centros de innovación, para ofrecer un marco estable e atractivo para o investimento e a creación do emprego vinculado ás renovables, coa dación dunha importante batería de medidas de acompañamento ao sector; un marco composto, entre outros, polo Plan nacional de enerxía-clima 2021-2030, que prevé a instalación de 60 xigabytes novos de enerxía renovable na próxima década; a Estratexia de descarbonización a longo prazo; a Lei de cambio climático e transición enerxética, en tra-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mitación parlamentaria, así como a creación do Instituto para a Transición Xusta; a aprobación da folla do roteiro de hidróxeno renovable; a convocatoria de novas poxas de renovables, cun marco redistributivo e cun obxectivo de 3.000 megabytes dos que, polo menos, 1.000 deben ser eólico-terrestres, e a Axenda sectorial da industria eólica, pois adicionalmente está tamén a punto de aprobar a Estratexia da eólica mariña, que prevé a asignación de fondos do Plan de recuperación para facilitar a implementación destas tecnoloxías. Siemens debe entender que, para participar neste proceso do que falaba, debe darlles continuidade á actividade e aos postos de traballo das trescentas familias da comarca de Ferrolterra, que nas Somozas ten garantida, ademais, unha plantilla altamente capacitada para desenrolar proxectos eólicos, cunha grande calidade no deseño e na fabricación e que garante seriedade na entrega dos pedidos nos tempos marcados polos clientes. Dende a Xunta de Galicia deben facer unha forte aposta pola competitividade da planta galega para que aquelas cuestións que pon encima da mesa Siemens-Gamesa como motivacións do ERE —señor Tellado— para pechar as instalacións das Somozas, como son os déficits nas infraestruturas para o transporte de mercancías dende a fábrica ata o porto de Ferrol —que son competencia da Xunta de Galicia—, deben ter certeza de que non son problema real para a competitividade, e que o apoio para o desenrolo do I+D+i e para a modernización e a adaptación da fábrica está garantido co apoio da Xunta de Galicia con base nas competencias industriais, e todo iso apoiado polo Goberno de España e os proxectos que antes mencionaba.

En Galicia teñen previsto máis que duplicar nos vindeiros dez anos a potencia acumulada no noso territorio. O outro día, nunha proposición do noso grupo, nunha moción que trataba de fomentar unha mellor redistribución dos beneficios eólicos e de equilibrar as negociacións entre propietarios e promotores, o Partido Popular acusounos de intentar torpedear o desenrolo eólico de Galicia; e resulta que vostedes son incapaces de falar destas cuestións, ao mesmo tempo que son incapaces de que unha empresa como Siemens-Gamesa manteña a súa actividade en Galicia. ¿Cal e para quen é o beneficio, señores do Partido Popular, con este aumento de potencia instalada que se albisca e coa oportunidade que xorde coa eólica mariña e a súa posible implantación en Galicia, un atractivo máis para que unha empresa europea deste nivel non optase por deslocalizar a súa produción?

Tamén se podería optar ás millonarias axudas que poderían chegar de Europa se houbese algún proxecto vinculado coa fábrica, e que podería ser unha oportunidade para manter a súa actividade. Pero a día de hoxe seguimos sendo descoñecedores de se o Goberno da Xunta de Galicia vinculou ao sector eólico algún dos 108 proxectos anunciados aos medios de comunicación para intentar acudir a eses fondos, se é que existen tales proxectos ou simplemente son papel mollado.

Señores do Partido Popular, fai falla implicación, estratexia, equipos, persoal e moita dedicación para facer política industrial; pero vostedes renuncian a facela escondéndose como un neno pequeno detrás do Goberno do Estado, xa que ata o momento é o único que está aportando capacidade política, negociación e estratexia para intentar manter a actividade industrial, como está a suceder no caso de Alcoa ou no caso das Pontes. E, ademais, estamos de acordo en que dende o Estado poden e deben colaborar coas competencias que teñen en política enerxética. Pero non renuncien ás súas competencias en política industrial. Aínda hai tempo para facerlle entender a Siemens-Gamesa de que está tomando unha decisión errada.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso, o outro día levabamos unha iniciativa á Comisión que lle pedía ao Goberno da Xunta de Galicia a elaboración dun documento que garanta a viabilidade para a planta de Siemens-Gamesa nas Somozas, incluído o apoio para a solución das cuestións plantexadas pola empresa como motivo para o peche das instalacións, como eran as obras nas infraestruturas viarias autonómicas para o transporte do material e comunicación co porto de Ferrol, e o apoio público no desenrolo de I+D+i para a modernización da fábrica.

Dende o Partido Popular votaron en contra da nosa iniciativa e foron incapaces de facerlle chegar ese documento ao comité de empresa, pese a que o señor Tellado llelo prometeu aos traballadores, que tiveron unha segunda reunión do período de consultas sen o documento prometido, e hoxe volven ter unha reunión sen o documento prometido. Por iso ten que vir vostede dicir que collan a gravación deste pleno.

Hoxe volvemos pedirlles que o fagan, que axuden os traballadores para transmitirlle á empresa que non está motivado o ERE plantexado, porque, segundo o documento presentado polos traballadores e asinado pola Xunta de Galicia, non existen motivos en infraestruturas viarias e en I+D+i para poñerlle fin á actividade na planta das Somozas; pero vostedes son incapaces ata de facer algo tan simple como firmarlles ou facerlles un documento que poña estas cousas que vostede di que xa están feitas. *(Aplausos.)*

Sexa o que sexa —porque vostedes enchen a boca de falar de compromisos, pero despois non levan a cabo ningún—, señores do Partido Popular, xa anunciamos que votaremos a favor da iniciativa presentada, porque, como dicía vostede, é moi simple, simplemente son cuestións nas que calquera podería estar de acordo, porque, ademais, nós non somos coma vostedes, e como demostrou vostede na Comisión, que vota simplemente con visión partidista. Nós preferimos facelo con visión de país e votar a favor desta proposta, aínda que sexa do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día a todos e a todas.

Obrigado, señor presidente.

Antes de máis, quería enviar un saúdo fraternal ao persoal de Siemens-Gamesa que, mentres se produce este debate, están reunidos en Madrid na mesa de negociación do ERE extintivo. Por certo, un ERE que o Partido Popular reclama insistentemente que sexa fiscalizado polo Ministerio en tanto que é a autoridade laboral competente, e o PSOE, que podería contestar, mesmo airadamente, que despois da reforma laboral aprobada polo PP os ministerios e a

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Inspección de Traballo pintan ben pouco na fiscalización dos ERE e, dende logo, no teñen capacidade ningunha para paralizar ou denegar os despidos, cala e non se queixa, porque está na súa man derrogar a reforma laboral e non o fan.

E agora pasa o que pasa, que os gobernos pintan pouco ou nada nos ERE, sexan as que sexan as consecuencias económicas e sociais para un territorio ou para unha comarca, coma neste caso. Na comarca de Ferrol coñecemos ben os efectos da reforma do PP: Poligal marchou para Portugal e Novamadera para México, e nos dous casos os tribunais ditaminaron que se fixera todo conforme dereito.

En todo caso, sempre que se vén producindo este debate, desde o BNG defendemos que a solución a problemas coma este pasa por vincular a instalación de parques eólicos na Galiza a que os promotores dos parques traian proxectos industriais asociados. Unha proposta que facemos extensiva, ademais, a aqueles parques eólicos que, por ser de máis de 50 megawatts de potencia, sexan competencia do Goberno estatal; unha proposta baseada na idea *louca* de que xa que temos o vento e os montes, xa que soportamos o impacto visual, ambiental e social que significan os parques e toda a infraestrutura necesaria para canalizar a enerxía, deberiamos gañar algo a cambio; algo como país, algo como sociedade que sabe valorar os seus recursos, no que, efectivamente, valen e os explota ou os cede a cambio dun prezo xusto, a cambio dun retorno en forma de empresas, de riqueza e de traballo, que xeren algún tipo de beneficio, directa e indirectamente, para todos e todas os galegos e as galegas, para o pobo galego no seu conxunto; unha proposta que vén sendo rexeitada en todos os casos polo Partido Popular e nalgún caso coa abstención do PSOE e que, nalgunha ocasión, mesmo ten provocado chistes absurdos sobre poñerlle portas ao vento. O vento que resulta ser —¡quen o ía dicir!— un recurso enerxético de primeira magnitude, un recurso que pode monetarizarse, que pode converterse en euros *contantes e sonantes*, que produce riqueza alí onde o hai, e resulta que aquí haino. O que non hai, o que non temos, son gobernos dispostos a poñer ese recurso ao servizo do pobo e da sociedade que é titular do mesmo, porque esta é a verdade: o recurso é noso e temos dereito a tirar proveito del, aínda que esta afirmación poida parecer case que revolucionaria para certos sectores, nun Estado español no que os recursos enerxéticos son desde sempre fontes de riqueza privativas das grandes empresas.

Mais a falta de proxectos concretos por parte do Partido Popular para o desenvolvemento enerxético non quere dicir que non teña unha política coñecida ou recoñecible. Para o Partido Popular o que é de todos non é de ninguén e, polo tanto, pode ser utilizado para beneficio particular daqueles que teñan o favor dos gobernos; e niso consiste a súa política enerxética: *barra libre* para as empresas, sen condicións.

A posición das forzas políticas que sustenta os gobernos galego e estatal debe cambiar substancialmente a este respecto se queren demostrar con feitos que hai algo de certo nos discursos de reactivación económica que escoitamos, que realmente somos as persoas o centro das políticas, que esta non vai ser unha outra crise que as grandes corporacións utilicen para o seu proveito particular sen importar máis nada.

E para isto, os gobernos e as forzas políticas que lles dan soporte parlamentario deben acceder, dunha vez por todas, a regular, a usar a potestade normativa que teñen —que temos— para, efectivamente, poñer os nosos recursos á nosa disposición.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A propia Siemens-Gamesa, que pecha nas Somozas pero se instala en Francia, está indicándonos co seu comportamento o que temos que facer. Os proxectos eólicos en Francia inclúen cláusulas do que denominan «cota local de produción». A propia Navantia tivo que garantir dous anos de traballo para 250 persoas no porto de Brest para poder participar no contrato das *jackets* do proxecto Saint-Brieuc.

Galiza non pode deixar pasar esta oportunidade. Cunha previsión de pasar de 3.700 a 13.700 megawatts de potencia eólica, o que significa case cuadriplicar a potencia eólica actualmente instalada, as forzas políticas galegas deberiamos poder dar un debate sosegado, profundo e serio sobre cal é o mellor xeito de aproveitar esta oportunidade, porque non é admisible que en pleno *boom* eólico vaia pechar unha das poucas fábricas de compoñentes que quedan na Galiza. Porque sobre isto deberiamos ter xa acordos; acordos sobre cal é o mellor xeito de tirar un rendemento social deste recurso enerxético, sobre como aproveitar este *boom* eólico para consolidar empresas, postos de traballo, coñecemento, riqueza..., vinculada a toda a cadea de valor, a todo o proceso produtivo vinculado á instalación e á operación dos parques eólicos.

O BNG ten unha proposta coñecida que repetimos: vincular as autorizacións gobernativas para a instalación de parques eólicos a que traian proxectos industriais asociados. Honestamente, non coñecemos as propostas ou as ideas do PP nin do PSOE, porque as propostas que tanto PP como PSOE traen a este Parlamento, a colación da problemática da fábrica de Siemens-Gamesa nas Somozas, consisten en reincidir nas vellas políticas de negociacións de carácter particular, onde os gobernos adquiren compromisos coas empresas para garantir infraestruturas, realizar investimentos e mesmo encargos sen contraprestación ningunha, sen compromisos recíprocos. Non vale, non funciona. A demostración témola neste mesmo caso: xa se lle ofreceu a Siemens-Gamesa axuda pública, pero non a quere; quere marchar e producir noutro país e, certamente, non é a primeira empresa que deslocaliza a produción, que pecha e marcha despois de recibir subvencións ou outras vantaxes gobernativas.

Pero é que, ademais, esta forma de actuar non é transparente. Estas negociacións particulares son contrarias a calquera principio de igualdade de oportunidades para os diferentes operadores ou empresas que poderían estar interesados, de ter coñecido as condicións.

Definitivamente, non podemos seguir apostando por estas políticas fracasadas. Galiza non pode permitirse perder unha das grandes oportunidades coas que contamos. Cómpre regular, cómpre exixir ás empresas que queiran aproveitar privativamente os nosos recursos unha reciprocidade, un retorno económico de carácter social e colectivo.

Pero temos máis propostas que tamén serían de grande impacto na creación de riqueza a partir dos aproveitamentos dos recursos enerxéticos: a creación dunha empresa galega de enerxía, unha empresa pública. Tamén veñen despachando vostedes esta proposta do BNG sen argumentos serios, con banalidades: «que son modelos desfasados». Pero o certo é que Enel, a propietaria de Endesa, é unha empresa pública; o certo é que hai empresas públicas de enerxía nos estados socios da Unión Europea; o certo é que Endesa gañaba, mentres foi pública, miles de millóns; o certo é que empresas privadas moi vinculadas a Galiza, como Fenosa, gañaban tamén impresionantes beneficios á conta das concesións públicas. Así que

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non parece haber argumentos racionais para posicionarse en contra da creación dunha empresa pública de enerxía que concentre os activos enerxéticos galegos e xere riqueza en Galiza, non só a través da explotación dos recursos enerxéticos, tanto hidráulicos como eólicos, senón tamén dirixindo a demanda dos bens e servizos que precise para operar cara a fábricas e empresas galegas.

Estas son as nosas propostas, as nosas alternativas para consolidar industrias vinculadas á explotación dos nosos recursos. Chamamos tanto o PP como o PSOE a abandonar a política de *barra libre* ás empresas, sen retorno social —unha política que a cada paso se demostra fracasada—, para explorar outras posibilidades. Non podemos permitirnos manter estas políticas, porque nos levan á ruína. É un feito.

Chamamos os gobernos galego e estatal a cambiar o paso, a deseñar un sistema de aproveitamento das oportunidades e dos recursos enerxéticos ao servizo das persoas e non das contas de resultados das grandes corporacións. ¡É urxente!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Eu entendo o apoio de ambos os dous grupos, aínda que o voceiro do Bloque Nacionalista non nolo dixo de forma explícita, pero entendo que é unha proposta compartida por todos. Polo tanto, hai que agradecer que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o PSdG-PSOE apoien esta iniciativa que trae o Partido Popular.

Eu creo, señor Seco, que se equivoca de inimigo. Vén aquí ver se pode atacar o Partido Popular, a Xunta de Galicia... Equivócase de inimigo. Aquí hai un inimigo común, que se chama Siemens-Gamesa, e hai que reverter unha decisión. Sen embargo, vostede vén aquí facer demagoxia, botarlle a culpa a quen leva anos defendendo os intereses dos traballadores de Siemens-Gamesa na comarca de Ferrolterra. Eu pídolle que abandone o sectarismo, pois dixo unha frase que, ademais, o delatou perfectamente: apoiar non sei que, aínda que o propoña o Partido Popular. ¡Non estamos para iso! ¡Que nós non vimos aquí pelexar entre nós, vimos aquí defender os intereses de Galicia! E cando todos apoiamos os intereses de Galicia, Galicia sae reforzada. Pero vostede vén aquí defender o Goberno de Sánchez. ¡Que ninguén me toque a Sánchez! ¡Que ninguén me critique a Pedro Sánchez!

A Xunta de Galicia actuou dende o primeiro momento. Polo tanto, teño que dicir: ¡que lástima a postura do PSdG-PSOE!, que vén aquí repartir culpas. A culpa é da empresa. E do que temos que falar é do que pode facer cada un dende onde está, dende o Goberno galego e tamén dende o Goberno de España. Por iso na iniciativa instamos o Goberno galego e o Goberno de

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

España. Pero vostede vén aquí dicir: «Ben, o Goberno de España non ten ningunha culpa. É o que pode facer cousas». Eu non quero vir con reproches. Aquí se non houbo unha iniciativa, unha declaración institucional en respaldo de Siemens-Gamesa o mes de setembro foi porque vostede mesmo non quixo. Polo tanto, se non houbo un posicionamento unánime antes foi porque vostede non o permitiu.

A carta que pediu o comité de empresa, o que lle teño que dicir é que hai uns minutos estaba reunido o conselleiro con eles na sala do piso de abaixo, e comprometeuse a enviala esta mesma xornada ao Ministerio de Traballo. Porque a autoridade laboral neste ERE é o Ministerio de Traballo. E temos un antecedente, que é o que sucedeu no caso de Alcoa. Pero no caso de Alcoa, como só afectaba un centro de traballo ubicado en Galicia, a autoridade laboral era a Xunta. E argumentando e podendo demostrar a mala fe da empresa, paramos ese ERE. Agora o que lle pedimos ao Ministerio de Traballo é que faga o mesmo cun ERE que depende do Goberno de España, que o pode parar o Ministerio de Traballo como autoridade laboral, e informar que a empresa actuou e está actuando de mala fe.

O inimigo, o rival ao que nos temos que enfrontar, señor Seco, é a empresa. Quen pode tombar ese ERE é a autoridade laboral, que é o Ministerio de Traballo. E quen pode falar coa empresa e convencela de que non se vaia nas súas plantas de construción de pas de España é o Ministerio de Transición Ecolóxica, porque Siemens-Gamesa ten outros moitos intereses en España. Polo tanto, quen pode condicionar o mantemento da actividade da planta galega, e tamén da de Cuenca, é o Goberno de España; o que ten que ter é interese en facelo.

¿Como que non levamos facendo cousas? Dende o Goberno galego ofreceuse unha aposta económica, unha aposta financeira, xestión para a consecución de contratos, que están enriba da mesa, dunha eólica galega. Foi quen lle facía un encargo, o primeiro, de 25 millóns de euros para os próximos dous anos; un contrato prorrogable por outros dous e outros dous. Estariamos falando de 75 millóns de euros en pedidos durante seis anos. Polo tanto, claro que a Xunta de Galicia se implicou dende o primeiro momento. Quen non fixo nada aínda sobre esta crise é o Goberno de España, nin dende o Ministerio de Transición Ecolóxica nin dende o Ministerio de Traballo.

Nós, o Goberno galego, ampliamos unha estrada para que as pas poidan saír de Siemens-Gamesa e chegar ao Porto para a súa exportación. E agora estamos traballando para que se eliminen as curvas que impedirían a saída de pas de maior tamaño. Nesa obra, na que se leva traballando anos, xa está feito todo: o proxecto, as expropiacións... Licítase agora; son 500.000 euros de licitación. Esta partida viña nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2021. ¿Saben que fixeron vostedes cos orzamentos e con esa partida? Votala en contra. Polo tanto, aquí o de vir afear os uns aos outros, este non é o lugar nin o momento. Aquí o que temos que facer é estar unidos e defender unha comarca tremendamente castigada por decisións do Goberno de España no sector naval, o peche das térmicas, as electrointensivas e agora Siemens-Gamesa. ¿Vostedes non apoian tanto a transición ecolóxica? ¡Poñan diñeiro enriba da mesa! ¿Ou van deixar marchar esta planta, como parece ser?

Nós, dende logo, dende a Xunta de Galicia, imos traballar arreo para conseguir reverter a decisión de Siemens-Gamesa e conseguir que esa planta siga aberta e siga en funciona-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mento, e que eses postos de traballo se manteñan, porque Ferrol non pode perder nin un emprego máis. ¡Alá cada un co que fai!

Eu en todo caso agradezo que hoxe…,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: …a pesar de toda a polémica, os grupos da oposición, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, voten a favor desta iniciativa, porque é o mínimo que lles debemos aos traballadores de Siemens-Gamesa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Participar, xunto co Goberno de España, na Mesa de Traballo promovida polos concellos e os axentes sociais de Ferrolterra para impulsar unha verdadeira reindustrialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

2. Expresar o seu apoio ás reivindicacións que motivan a convocatoria dunha Folga Comarcal na comarca de Ferrolterra, para o próximo 10 de marzo, en demanda de carga de traballo inmediata para os estaleiros da ría de Ferrol.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Seguir colaborando coa dirección de Navantia no desenvolvemento do Estaleiro 4.0, instando ó Goberno central a iniciar os investimentos necesarios para a execución inmediata do dique cuberto.

4. Dirixirse o Goberno de España para reclamar unha vez máis o encargo dun barco puente por parte do Ministerio de Defensa que permita dotar de actividade ao estaleiro de Navantia Fene-Ferrol namentres non comeza o corte de chapa das Fragatas F-110, e evitar a perda de empregos na industria auxiliar.

5. Demandar á empresa Siemens Gamesa que suspenda de maneira inmediata o ERE da Planta das Somozas e acepte a formación dunha mesa de traballo conxunta co Goberno España, a Xunta de Galicia e a representación dos traballadores da empresa, que teña como obxectivo atopar solucións que garantan a viabilidade e o futuro da planta, involucrando ás dúas administración na busca mecanismos que fagan posible a modernización da planta das Somozas. planta, involucrando ás dúas administración na busca mecanismos que fagan posible a modernización da planta das Somozas.

6. Dirixirse ao Goberno de España para que, no ámbito das súas competencias exclusivas en materia de Enerxía, garanta a continuidade da Central de As Pontes, orientando a súa actividade cara os biocombustibles, garantindo o emprego directo e indirecto.

7. Dirixirse ao Goberno de España instando a revisión do Estatuto do Consumidor Electrointensivo recentemente aprobado, para garantir que as industrias electrointensivas radicadas en Galicia sigan sendo competitivas.»)

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Nós non vemos inimigos, señor Tellado, nin sequera unha empresa que ten 5.000 postos de traballo en España; vemos precisamente capacidade ou non política para facer que cambien as súas decisións.

Estamos inmersos nunha crise económica de forte calado —como todos sabemos— froito dunha pandemia que afecta non só a saúde senón tamén a nosa actividade económica, social e cultural. No caso de Galicia, probablemente esteamos falando dunha caída do produto interior bruto dun dez por cento no 2020. E esta situación, que golpea todo o noso territorio, ten unha incidencia especial pola crise industrial que están sufrindo as bisbarras de Ferrol, O Eume e Ortegal. Os problemas estruturais destas bisbarras —todas elas desatendidas e sen busca de solución durante os doce anos de Goberno de Feijóo— agudízanse co tempo, sen que fosen capaces vostedes de articular ningún tipo de estratexia e de proxecto que poida reverter esta situación dende as súas competencias exclusivas en materia industrial.

Os problemas dos que falaba non xeraron ningún tipo de preocupación durante as décadas de goberno do Partido Popular en Galicia. Un goberno que demostra día a día a súa incapacidade para fomentar algunha actividade nova para atraer investimentos de empresas xa existentes, ancorar a produción das xa instaladas aquí, ou que aposte pola investigación, a innovación e o emprendemento. Nada, señores do Partido Popular. Vostedes son simple-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente espectadores do que sucede ao seu arredor, e intentan publicitar como propios os únicos éxitos empresarias dun par de multinacionais.

En materia industrial, nos sucesivos gobernos de Alberto Núñez Feijóo, perdéronse nada máis e nada menos que 23.000 postos de traballo, e seguramente algún máis xa. E na pasada lexislatura o índice de produción industrial caeu un 2,5 %, fronte a que caía un 0,4 % no resto do conxunto de España. O emprego industrial galego era no 2009, cando chegou Feijóo ao goberno, o 7,1 % do conxunto en España, e baixamos ata o 6,6 % no ano 2019. A industria en Galicia esmorece co Partido Popular, caen empresas e outras deixan de ter titularidade galega, a pesar de que onte o vicepresidente Conde sacaba peito duns supostos éxitos por ter menos caída que outros territorios nesta crise. ¡Vaia éxitos, señores do Partido Popular: non ser o máis malo na caída! ¡Pena que non sexan uns dos mellores na subida!

Todos os días asistimos a deslocalizacións que vostedes tratan de negar. Recordo a deslocalización da perfilería de EMESA, en Sabón, comprada por un propietario que aproveitou a experiencia e a capacidade da plantilla que tiña en Galicia para activar a produción no exterior e acabar baleirando e deslocalizando toda a produción cara a Portugal. Todo isto ante os ollos dunha Xunta de Galicia que prometía investidores e que foron incapaces de frear o despropósito do peche dunha planta con pedidos e clientes en países do norte de Europa. Pero, señores do Partido Popular, segundo o vicepresidente Conde, en Galicia non hai deslocalización de empresas, e curiosamente este caso é moi parecido ao que estamos vivindo nas Somozas.

Vostedes aprobaron no 2015 a Axenda da competitividade de Galicia Industria 4.0 —dicía onte o meu compañeiro— e poñían nela dúas metas principais ata o 2020: un crecemento do sector industrial ata significar o 20 % do PIB galego e a creación de 50.000 postos de traballo novos na industria. Non fai falla que lles recorde cales son os resultados, e tampouco quero recordarlles como teñen o Igape nunha penosa situación de infrautilización, cando só se executan 160 millóns dos 306 millóns que tiñan para o trienio que vai dende o 2016 ata o 2018.

Esta situación non pode continuar. As comarcas de Ferrol, do Eume e Ortegal non poden máis. O anuncio de peche de Endesa nas Pontes é unha situación que debera de estar nas previsións do Goberno galego, quen debera de estar traballando hai tempo por activar alternativas industriais cando rematase o consumo de carbón nas Pontes. Isto vén motivado pola falla de competitividade na cobertura da demanda pola modificación das condicións do mercado, cun incremento substancial nos prezos dos dereitos de CO_2 e unha caída significativa do prezo do gas. E con isto atopámonos con que despois dende o Goberno galego son incapaces de facer absolutamente nada, simplemente sentarse nunha mesa a esperar o que poida facer o Estado. Un Goberno estatal que, ao igual que na busca de solucións para Alcoa, está tamén implicado na busca de solución para As Pontes. ¡Pena que sempre se atope un Partido Popular máis preocupado por buscar culpables e desculpas para os problemas que para buscar solucións! Algo que se puxo de manifesto cun estatuto electrointensivo que era vital, e causa do peche para Alcoa e tamén para o Partido Popular; o curioso é que non o fose para que Liberty estea interesado na planta da Mariña.

Dende o Goberno xa anunciaron o apoio ao Proxecto de biocombustibles na central das Pontes, poñendo encima da mesa, ademais, liñas de axuda para proxectos empresariais xera-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dores de emprego en pequenos proxectos de investimento de zonas de transición xusta por un valor de 30 millóns de euros, coma neste caso e no de Meirama. Outra liña destinada ao apoio de iniciativas empresariais que teñan como obxectivo a creación de emprego sostible e fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche de centrais termoeléctricas de carbón por valor de 7 millóns de euros. Levaron a cabo a periodiciación destas zonas na convocatoria de axudas aos proxectos de enerxías renovables, e nesta liña concedéronse axudas de 8,4 millóns para instalacións térmicas renovables e outros 12 millóns para instalacións eléctricas. Presentaron un paquete de medidas específico para as zonas de transición xusta dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea por valor de 300 millóns de euros. E na folla de ruta de hidróxeno renovable conceden especial interese ás zonas de transición xusta e recibíronse —como todos sabemos— propostas de proxectos tanto nas Pontes como en Meirama.

¿Que fixo o Goberno da Xunta de Galicia, señores do Partido Popular? ¿Queren que llelo diga? ¡Absolutamente nada!

De todos os xeitos, dende o noso grupo cremos necesario que as administracións estatal e autonómica —como dicía o señor Tellado— traballen xuntas nun compromiso claro coa continuidade da actividade do emprego nas Pontes, cun proxecto de combustión que está avalado técnica e ambientalmente polo Comité técnico da Mesa das Pontes. E deberá de ser un proxecto que teña garantido un operador para levar a cabo, señores da Xunta de Galicia, e ademais que a Xunta de Galicia o poña enriba da mesa para optar aos fondos de recuperación europeos, apostando pola economía circular e a produción de enerxías limpas dende as instalacións da central pontesa, ademais de comprometerse administrativa e financeiramente a apoialo.

O curioso é que onte o vicepresidente Conde case se apropiaba desta proposta. E logo escoitámoslle ao conselleiro do Medio Rural afirmar en diversas ocasións que a Xunta de Galicia non ía apoiar absolutamente ningún proxecto que puidese optar aos fondos de recuperación onde se queimasen biocombustibles. Iso foi dito diante nosa. ¡Que curioso apoio, señores do Partido Popular! ¿Vai por barrios o apoio, dependendo do Goberno, a este proxecto? Pero Ferrolterra necesita certezas e saber se o Goberno está realmente comprometido co proxecto que poida dar continuidade á actividade e ao emprego nas Pontes.

Non vou incidir máis no caso de Gamesa-Siemens, onde son incapaces —e a ver que fai agora o vicepresidente— de darlle algunha solución á planta, e ata son incapaces de asinar ese documento que lle piden dende o comité de empresa. E no que ten que ter con Navantia, esta é unha empresa pública que deixou o Goberno do Partido Popular de Rajoy no 2018 en quebra técnica; inmersa en causa de disolución, segundo a Lei de sociedades de capital. E este Goberno central tívoa que rescatar cun plan industrial asinado cos traballadores, xunto ao compromiso histórico deste goberno, que sacou dun caixón un proxecto tan importante como é a construción das fragatas F-110. Proxecto que o Partido Popular tiña metido nun caixón polos intereses particulares do seu ministro de Defensa, o señor Morenés, que son a causa do atraso que hoxe deixa sen carga de traballo o estaleiro. Cómpre tomar as medidas necesarias para manter a actividade e modernizar o dito estaleiro. E cómpre actuar dende as competencias da Xunta en formación para dotar tamén os traballadores das auxiliares de

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reciclaxes e complementos nos períodos de inactividade xerados por este espazo sen carga de traballo.

Por todo isto, dende o Grupo Socialista exiximos accións integrais e reais do Goberno galego, utilizando as competencias industriais da Administración galega para participar máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.0 de Ferrol, que inclúan proxectos para a captación de fondos europeos de reconstrución no estaleiro ferrolán; que elaboren un plan industrial para a comarca de Ferrolterra, co fin de ter unha maior diversificación do sector industrial; que leven a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector, co fin de garantir a competitividade do sector e unha continuidade na actividade cunha man de obra altamente capacitada; que elaboren un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña que poidan englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e tamén o solo industrial; que se involucren activamente na mesa de traballo que se constituíu xunto co Goberno do Estado, coas administracións locais, coa representación sindical e empresarial para a reindustrialización das comarcas de Ferrol, do Eume e de Ortegal, e que se dirixan ao Goberno de España —porque nós tamén temos deberes para o Goberno de España— para que dote de carga de traballo inmediata os estaleiros de Navantia en Ferrol, tanto para a industria principal como para a industria auxiliar, e que desenvolvan ao cen por cento o Plan industrial pactado e o proxecto de Estaleiro 4.0, coa construción do dique cuberto para as instalacións de Ferrol.

Non se equivoquen —xa llo dicía antes—, nós si que lle poñemos deberes ao Goberno central; lástima que vostedes non llos poñan ao goberno que teñen xusto diante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

O señor Seco falou moito das Pontes e logo na iniciativa, na parte resolutiva, non pon deberes ao Goberno de España sobre que facer nas Pontes. ¡Caramba! ¡Esquecéuselle, claro!

Eu sei que isto molesta un pouco ao Bloque Nacionalista Galego, pero eu vou dicilo porque é unha realidade histórica. Ferrol é unha cidade que nace como tal, como cidade, no século XVIII ao servizo da Coroa, ao servizo do Estado, ao servizo de España. *(Murmurios.)* Ferrol nace coa construción dun grande arsenal militar e duns estaleiros ao servizo da Armada española, e o enclave foi elixido pola propia orografía dunha ría inexpugnable. Ferrol é, dende entón, unha cidade ao servizo do Estado e dependente do Estado. *(Murmurios.)* E así segue

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sendo tres séculos despois a pesar das múltiples reconversións navais impulsadas por gobernos socialistas, que nunca reconverteron nada; reconversións que supoñían despedir traballadores por centos, despedir traballadores por miles, limitar a capacidade produtiva, excluírnos de mercados nos que eramos competitivos. Sempre fomos, señor Seco, unha moeda de cambio para os gobernos socialistas: primeiro, para entrar na Unión Europea e, despois, para desviar carga de traballo a Andalucía, feudo electoral do Partido Socialista. Ferrol sempre *pagou os pratos rotos*.

Hoxe son catro as urxencias que ten a comarca de Ferrolterra; catro urxencias das que vostede apenas falou. Son catro os problemas que afectan directamente, nestes momentos, a comarca de Ferrolterra: o primeiro, a ausencia total de carga de traballo en Navantia Fene-Ferrol; o segundo, o peche anticipado e inxustificado da central térmica das Pontes; o terceiro, a deslocalización de Siemens-Gamesa, que abandona España e pretende pechar a súa planta das Somozas, e o cuarto, a falta dun prezo competitivo para a industria electrointensiva, que afecta a comarca de Ferrol e aínda pode afectar moito máis se non se resolve canto antes a revisión dese Estatuto da industria electrointensiva.

Estes son os catro problemas. Vostede do das Pontes desenténdese; na súa iniciativa non figura nada. Por iso nós presentamos unha emenda de substitución que mellora, clarifica e pon os puntos e as comas nos acordos concretos que debemos impulsar se queremos verdadeiramente defender a comarca de Ferrolterra.

En Ferrol cada vez que escoitamos un socialista falar de novos plans de industrialización botamos a tremer. Esa batalla xa nola contaron tantas veces os socialistas, ¡tantas!, dende os anos oitenta, e sempre foi para tapar con eses plans centos de despidos, cortinas de fume, manobras de distracción. Se o que nós queremos arranxar, arránxase facilmente.

Claro que todas as administracións teñen que contribuír para sacar Ferrol desta crise. ¡Todas!, pero cada unha no seu ámbito competencial. O Goberno de España ten nas súas mans poñer solucións á situación de Ferrol, claramente, nun consello de ministros, o próximo martes. Non hai que facer nada aquí. O próximo martes no Consello de Ministros poden resolver case todos os problemas de Ferrol. Por suposto que a Xunta tamén ten que implicarse coa aposta por melloras nas infraestruturas e con apostas por novos investimentos. Pero a realidade é que todas se teñen que implicar. Tamén os concellos, tamén a Deputación Provincial, todas as administracións e, nomeadamente, o Goberno de España. Non tratemos de agochar cun novo plan que o Goberno de España pode resolver todos os problemas se ten vontade para facelo. Salvo que lle tomemos o pelo á xente e lle digamos que é a Xunta de Galicia a que ten que encargar unha fragata nos estaleiros da ría de Ferrol. Non lle tomemos o pelo á xente, non lle digamos que é a Xunta que ten que resolver a situación do sector naval.

Eu quixera reparar na situación na que se atopa especialmente o sector naval nestes momentos, ás portas de que centos de traballadores das auxiliares sexan despedidos pola finalización da carga de traballo actualmente existente.

Cando chegamos ao Goberno de España en 2011 atopámonos cuns estaleiros que non tiveran un só contrato nos cinco anos anteriores. Dende que chegamos ao Goberno no 2011 conse-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

guimos o flotel, conseguimos a transformación de barcos, encargamos un BAM para a Armada española, ¡o que lle pedimos ao Goberno de España agora! O Goberno do Partido Popular xa o fixo no seu momento: ¡un BAM para a Armada española! ¡E reabrimos a antiga Astano!, apostando pola eólica mariña. ¡Abrímola nós!; pecháraa un Goberno socialista.

E o máis importante: iniciamos un proxecto de futuro para Navantia-Ferrol, como son as fragatas F-110. Si, señorías, en Ferrol facemos barcos de guerra. Primeiro, para a Armada española e, despois, demostrando a potencialidade de construción naval, vendémosllelos ás armadas doutros países.

No ano 2014, cun goberno do Partido Popular, comezouse o proxecto do Estaleiro 4.0, un programa de modernización integral das factorías que ten como obxectivo transformar un estaleiro do século XVIII nun estaleiro do século XXI. Iniciámolo nós, dentro do programa das F-110.

Ademais, supuxo a colaboración das institucións galegas: a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Industria, e a Universidade da Coruña, coa posta en marcha dunha unidade mixta de investigación para deseñar ese estaleiro do futuro. Catrocentos millóns de euros; é ese o investimento que estaba perfectamente programado na programación do programa das fragatas F-110.

¿Pero que pasou? É que no ano 2018 chega o Goberno de Pedro Sánchez, e párao todo. Vostede pódeme falar de Morenés o que queira, pero é que vostedes levan gobernando dende xuño de 2018, e dende xuño de 2018 vostedes o que fixeron foi atrasar o proxecto das fragatas F-110. Atrasaron a orde de execución do buque máis dun ano para logo poder anunciala no medio dunha campaña electoral. É verdade que a anunciaron, pero tampouco fixeron nada, porque as fragatas non avanzan e aquí non vai haber corte de chapa ata mediado o ano 2022.

E mentres, ¿os traballadores das auxiliares a que se dedican, señor Seco? Porque moitas desas empresas, ademais de traballar dentro de Navantia, traballaban na central, no mantemento da central que vostedes pecharon en abril de 2019?

Polo tanto, señorías, ante este contexto, ¿nós que fixemos? Reclamar que o Goberno de España encargase un BAM para que se construíra, ou un AOR, nos estaleiros da ría de Ferrol. Propuxémolo en múltiples lugares. ¿Sabe que ocorre? Que cando se propón nos concellos da comarca de Ferrol, o Partido Socialista vota a favor; cando o propoñemos no Parlamento de Galicia, o Partido Socialista abstense, e cando se debate no Congreso dos Deputados, o Partido Socialista vota «non». *(Aplausos.)* ¿Pero que nos vén aquí demandar o Partido Socialista? ¡Se quere resolver o problema de Ferrol arránxase o martes da próxima semana no Consello de Ministros! Son cento sesenta e pico millóns de euros, ou douscentos se prefiren un AOR. ¿Por que non o fan? ¿Pero como lle vén aquí dicir á Xunta de Galicia que ten que arranxar o problema do sector naval na ría de Ferrol? ¡Se arranxa o sector naval, arranxa toda a comarca de Ferrolterra!, porque a comarca depende exclusivamente dun monocultivo industrial. Todos vivimos do mesmo, do sector naval.

Non só non queren facer o BAM, senón que, ademais, os pedidos que había enriba da mesa, como esa encarga de fragatas para Estados Unidos, o perdeu a Dirección de Navantia, en

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mans dunha enxeñeira agrónoma; un contrato que estaba perfectamente dirixido para que o obtiveran os estaleiros de Navantia-Ferrol.

Febreiro de 2018, titular: «*Estados Unidos elige a Navantia para diseñar sus nuevas fragatas*». Titular do diario *El País*, maio de 2020: «*Navantia pierde el gran contrato de fragatas del Pentágono*». ¡En hora boa, señor Seco!

Eu tamén quixera falar das Pontes, porque vostede non quixo falar. Se hoxe estamos falando do peche da central térmica das Pontes é porque houbo un goberno que decidiu precipitar eses peches. ¡Di vostede que a Xunta de Galicia non estaba preparada! Claro, ¿como vai estar preparada en 2019 para algo que tiña que pasar no ano 2035 e que precipitaron vostedes? *(Murmurios.)*

Mire: os plans da empresa pasaban por continuar a actividade da central térmica das Pontes ata o ano 2045. Por iso Endesa investiu 218 millóns de euros en adaptar a central térmica das Pontes aos requisitos de control de emisións que establece a Unión Europea. ¡A empresa quería seguir, o Goberno obrigouna a pechar! Lea vostede as declaracións da ministra de Transición Ecolóxica nas que di que as centrais térmicas tiñan que pechar. ¿Como o provocaron? A través do mecanismo fiscal; deixando fóra do mercado de produción eléctrica a produción mediante carbón. E esa é a responsabilidade do Partido Socialista; aplaudido, ademais, polo que vemos, polo PSdeG-PSOE. Iso non é nin transición nin é xusto. E a verdade é que Endesa permitiu o desenvolvemento de toda a comarca do Eume durante décadas, e vostedes arrasaron con todo.

As Pontes é o segundo concello de Galicia coa renda per cápita máis alta, despois de Oleiros. As Pontes, o concello de Galicia coa pensión media máis alta de toda Galicia, ¡e vostedes acabaron con todo iso! Por iso esquécese o Partido Socialista de falar das Pontes na súa iniciativa, para tapar esas vergoñas. Iso non é nin transición nin é xusta.

Nós presentamos unha emenda con sete acordos:

O primeiro, instar a Xunta de Galicia para que participe, xunto co Goberno de España, na mesa de traballo promovida polos concellos e os axentes sociais para promover unha verdadeira reindustrialización das comarcas de Ferrol, do Eume e de Ortegal.

O segundo asunto, apoiar a folga comarcal convocada polos axentes sociais e os concellos da comarca para o próximo 10 de marzo.

O terceiro, seguir colaborando coa Dirección de Navantia no desenvolvemento do Estaleiro 4.0, porque ese é o futuro de Ferrol.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O cuarto, dirixirse ao Goberno de España para reclamar, unha vez máis, a encarga dun barco-ponte por parte do Ministerio de Defensa, que permita dotar de actividade o estaleiro de Navantia Ferrol, namentres non comeza o corte de chapa das fragatas F-110.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quinto, demandar á empresa Siemens-Gamesa que suspenda, de maneira inmediata, o ERE da planta das Somozas e que acepte formar unha mesa de traballo con todos os gobernos.

Seis, dirixirse ao Goberno de España...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para que, no ámbito das súas competencias exclusivas en materia de enerxía, garanta a continuidade da central das Pontes, orientando a súa actividade cara aos biocombustibles.

E o sétimo, a revisión do Estatuto do consumidor electrointensivo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Moi boas de novo.

Os ministerios de Defensa e de Facenda, igual que a Dirección da SEPI e a Dirección de Navantia son do PSOE. É dicir, mandan vostedes en Navantia. Mandan nunha empresa pública que ten un centro na ría de Ferrol que conta con 1.800.000 metros cadrados de superficie útil e 6.430 metros de peiraos. ¿Fanse unha idea do que é isto? ¡Quince veces Barreras, quince veces o estaleiro privado máis grande do Estado español! E todo é de propiedade pública. Onde chegaron a traballar 15.000 persoas hoxe hai carga de traballo para 400. E —insisto— mandan vostedes.

¿Ata que punto non é incluso ofensivo que traian vostedes aquí a debate unha iniciativa para industrializar Ferrol? ¿Que significa? ¿Temos que votar que si para que o Goberno español, a SEPI e a dirección de Navantia se poñan a traballar nun plan? E logo ¿que estiveron facendo ata agora? ¿Non sería máis lóxico que presentaran vostedes un plan xa elaborado, algo así como: «O Goberno de España, a SEPI e a dirección de Navantia teñen este plan, con este orzamento, e precisan a colaboración da Xunta para isto, isto e mais isto»?

O que deixan ver, pola súa maneira de actuar, é que non teñen ¡nada! Pero teñen que facer que fan —igual que o alcalde de Ferrol—. E dadas as críticas circunstancias actuais, e coñecendo os precedentes, incluso sería comprensible que moita xente chegase a sentirse ofendida pola frivolidade coa que tratan asuntos tan graves.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nunha intervención anterior sobre Navantia, eu mesmo denunciei desde esta tribuna que a dirección de Navantia está a piques de asinar un contrato para prover Iberdrola de monopás durante cinco anos, o que significa renunciar de facto á eólica mariña flotante, precisamente a que ten máis valor engadido e da que vai haber unha demanda en Europa como para ocupar as instalacións de Fene, do porto exterior e de varias empresas do metal por toda Galiza durante dez anos. ¿Que opinan vostedes disto? Díganos algo, por favor, na súa quenda de réplica, porque isto mesmo tamén o tratamos, por iniciativa do BNG, na sesión da Comisión de Industria que celebramos o mércores da semana pasada. A nós preocúpanos profundamente que Navantia poida renunciar a unha actividade, como é a eólica mariña flotante, para que Windar, unha empresa privada, poida realizar eses monopás para Iberdrola nas instalacións de Fene. E xa roza o escándalo que a mesma forza política que consente isto presente unha iniciativa na que insta a Xunta para facer un plan de captación de actividades ligadas á eólica mariña. Insisto, ¡por favor, aclárenos isto!

Aproveito tamén a ocasión para reclamar urxencia ao Partido Popular e á Xunta no cumprimento dos acordos tomados neste Parlamento, por iniciativa do BNG, respecto das obras de transformación do buque *Galicia*, e do acordo que a semana pasada se adoptou na Comisión de Industria, no que instabamos a Xunta —lémbrolles— a solicitar a súa entrada no Consello de Administración de Navantia; a demandar ao Goberno do Estado a constitución dunha mesa para a diversificación de actividades nos estaleiros; a dotar a fábrica de turbinas de dirección e de recursos propios para a definición de novos produtos destinados ao sector das enerxías renovábeis, en xeral, e para fomentar a súa participación nos contratos de eólica mariña, en particular; e a introducir tamén a fábrica de turbinas naqueles segmentos de actividades relacionados cos novos modelos sustentábeis de mobilidade marítima. As obras de transformación do buque e a constitución desa mesa de traballo para tratar estes temas son fundamentais e urxe —insisto—.

Vou agora procurar resumir as razóns polas que o BNG insiste tanto na defensa da construción naval, aínda a risco de dar a sensación de que desbotamos outras posibilidades industriais e de emprego —cousa que, por suposto, non é certa, e aí están, por exemplo, as nosas propostas para aproveitar os recursos enerxéticos ou as nosas demandas para rexenerar a ría de Ferrol—. Pero é que non hai incentivo ningún que vaia traer a Ferrol unha empresa que poida dar emprego directo a máis de 2.000 persoas, que é o número mínimo de persoas que ocupa un buque de grandes dimensións como os que se fan en Navantia.

A construción naval é diversificada en si mesma, porque integra un elevadísimo número de diferentes actividades na construción do buque —algunhas delas tecnoloxicamente moi avanzadas—. O efecto multiplicador na economía é de catro euros e medio por cada euro, por enriba da media do resto da industria. E, ademais, a maioría dos contratos son para a exportación, co que iso significa en termos económicos. Segundo datos da propia Navantia do ano 2017, o seu volume de negocio significaba unha contribución ao PIB da provincia da Coruña do 15 %. Por iso dicimos sempre que non hai unha alternativa real á construción naval. Non hai ningunha comparable en termos de emprego, diversificación e efectos económicos. A proba é clara: desde que a Navantia —ría de Ferrol— se lle impuxeron as restricións de actividades, o concello de Ferrol perdeu 30.000 habitantes —un terzo da súa poboación—, e lidera as taxas de desemprego entre as sete cidades galegas. Non houbo plan industrial nin

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Poligais nin Gamesas que compensasen iso. Ese foi o custo para Ferrol do veto a facer buques civís, pero o veto rematou hai cinco anos e os plans de reindustrialización xa os experimentamos durante corenta anos sen éxito. Así que vai sendo hora de que os gobernos comecen a pensar seriamente en recuperar unha actividade con tan enorme potencial. Por iso tamén nos parece unha anomalía que a Xunta non procure un papel máis activo na potenciación do sector naval e prefira simplemente usalo como arma política contra o Goberno do Estado.

Sabemos tamén que a pandemia afectou gravemente a contratación mundial de buques —sobre todo os cruceiros, que son o segmento que se traballa en Europa—. Pero tamén sabemos que todos os países do mundo protexen a súa construción naval —países, por certo, con custos laborais moito máis elevados que os nosos—. Os países que teñen ou aspiran a ter economías industrializadas protexen a súa construción naval. Sabemos tamén que Navantia non pode construír o mesmo tipo de buques que facían antes en Astano. Non sería competitiva. Temos que ir a outro tipo de buques máis avanzados tecnoloxicamente e con máis valor engadido. Pero o futuro está aí, non nos incentivos ás empresas. Tendo as posibilidades que ofrece un centro como o de Navantia na ría de Ferrol, é ridículo pedir incentivos para que veñan empresas a asentarse en Ferrol. Xa temos esa experiencia e sabemos que é tirar o diñeiro. Metan eses recursos en constituír un auténtico centro tecnolóxico para o sector naval, amplíen a UMI —déanlle estabilidade e orzamento para investigar—; invistan na empresa que xa temos, unha empresa pública propiedade do Estado, de todos e de todas; poñan Navantia a traballar; cambien as subvencións por investimentos e as empresas virán a Ferrol traballar no estaleiro.

Independentemente das crises conxunturais que poidan afectar nun momento dado calquera sector ou calquera empresa, se hai un sector con futuro é o da construción naval e o das tecnoloxías marítimas, porque, como dicía Xosé Díaz, «nun mundo con tres cuartas partes cuberto polo mar, dicir que a construción naval non ten futuro é como ser doutro planeta». Así que, desfáganse dos vetos mentais que poidan quedar por aí, e das lealdades suicidas con acordos xa superados, e poñan Navantia a traballar. Ese é o mellor plan de industrialización para a comarca de Ferrol. Está na súa man, porque, como di a ilustración de Castelao, «as sardiñas volverían se os gobernos quixesen».

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Alfonzo.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Si, grazas, señor presidente.

Eu teño un concepto diferente da cidade de Ferrol do que ten vostede, señor Tellado. A min gústame máis recordar Ferrol pola súa loita contra a ditadura e polo seu concepto sindical e de loita obreira. Ese é o concepto que teño eu, o que me recorda Ferrol.

É certo que unha das cuestións principais é a das solucións que teñen que dar a Navantia, estou de acordo. Por iso nós, na nosa iniciativa, non nos escondemos e poñemos deberes ao

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Goberno do Estado no que ten que ver coa carga de traballo que ten que darlle ata o inicio do proxecto da construción das fragatas F-110. Porque é certo que agora existe un problema ata que isto comece, e é certo que ten que involucrarse Navantia nun proxecto de modernización do estaleiro, que, ademais, inclúe a construción dese dique cuberto —que nós cremos esencial—. Pero tampouco deberían desbotar —o que precisamente está posto encima da mesa— un proxecto que vai supoñer 4.000 millóns de euros, dez anos de carga de traballo e 7.000 postos de traballo que se van xerar en Ferrol. Isto está posto encima da mesa por este goberno que está actualmente no Estado. E está ben que se fale de política ficción, pero máis política ficción e facer que se fai e dicir que o BNG presenta unha iniciativa no Parlamento Europeo cando non ten deputadas. ¡Iso si que é política ficción, señores do BNG! *(Aplausos.)*

Mire, en Ferrol, á parte dos problemas de Navantia —que si que existen e evidentemente hai que solucionalos—, hai outras empresas e solucións industriais nas que hai que actuar. Por certo, señor Tellado, é hora de que ademais de que o vicepresidente Conde se reúna cos traballadores de Siemens-Gamesa para tratar de frear un ERE... Por certo, non o frea a autoridade laboral senón a xurisdición laboral, señor Tellado. ¡A ver se aprendemos un pouquiño cales son os conceptos! *(Aplausos.)* ¡Non é a autoridade laboral, é a xurisdición laboral a que frea un ERE! E foi o que fixo no caso de Alcoa, cun traballo duro precisamente por parte da Avogacía do Estado... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.) (Interrupción.)* Non se poñan nerviosos. Tamén neste caso se podía poñer da man dos traballadores de Galicia Textil. Está aquí agora o señor Conde e pídolle insistentemente que reciba as traballadoras de Galicia Textil, que están pendentes de falar con vostede por un problema que pode deixar corenta traballadoras na calle. E tamén pertence á comarca de Ferrolterra, que non só é o que pasa en Navantia.

A Xunta de Galicia ten competencias exclusivas en materia de industria, conferidas por ese Estatuto de autonomía do que tanto nos gusta falar. Polo tanto, sería desexable que a Xunta de Galicia non estivese sempre esperando a ver se aparece un goberno socialista para poñer un plan industrial. Dise o de que sempre teñen que aparecer os gobernos socialistas para poñer un plan industrial en Ferrol. ¡Pero é que vostedes non o poñen nunca, absolutamente nunca! Vostedes abandonan o sector industrial para que esmoreza sen ningún tipo de alternativa nin de xestión nin de atracción de empresas. *(Aplausos.) (Pronúnciansе palabras que non se perciben)* Porque se vostede cre que a atracción de empresas é xustamente prometer investimentos de Pemex, investimentos en barcos que logo non se chegan a facer, investimentos no porto exterior de Punta Langosteira que despois nunca aparecen.... Esa é a política industrial do señor Feijóo, que xa non fala nunca deste tema porque, evidentemente, non ten nada industrial que ofrecerlles aos galegos máis que fotos con perfís de empresarios que logo acaban con problemas xudiciais.

Con respecto ás Pontes, creo que foi unha parte importante da miña intervención. Eu o que lle pido ao Goberno galego é que tamén poña algo dentro desa mesa de traballo que teñen formada precisamente para intentar manter a actividade na central térmica das Pontes, que poña algo da súa autoría e que faga, precisamente, que se manteña ese proxecto de biocombustibles que quere levar a cabo; que se poñan de acordo dúas persoas que están aquí, o conselleiro de Industria e o conselleiro de Medio Rural. Porque o conselleiro do Medio Rural di que a Xunta de Galicia non vai apoiar ningún proxecto que queime biocombustibles. Polo

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto, deberíanse poñer os dous de acordo para saber se este proxecto que pon enriba da mesa a mesa de traballo das Pontes ten o apoio ou non ten o apoio do Goberno da Xunta de Galicia, para saber se é o que di o señor Conde —que case se apropia do proxecto— ou se é o que di o conselleiro do Medio Rural —que di que en ningún caso a Xunta de Galicia estará detrás dun proxecto que queime biocombustibles—. Esa é a realidade, señor Conde, explicábanola o outro día o conselleiro do Medio Rural.

Por certo, volvo repetir que o peche de Endesa-As Pontes é derivado sobre todo dunha subida do que hai que pagar polas emisións de CO_2. E, por certo, foi o señor Arias Cañete —que vostede coñece ben— o que tomou, dentro do Goberno da Unión Europea, esa decisión. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* Polo tanto, debería tamén preguntarlle a ese señor, co que lles gusta tanto sacarse fotos. Pero é que, despois, evidentemente...,

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda...

O señor SECO GARCÍA: ...non asumen as decisións que toman neste goberno da Unión Europea señores como o señor Arias Cañete.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¿Sobre a emenda...?

O señor SECO GARCÍA: A nosa proposta mantense tal como está.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais en relación coa supresión ou modificación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como para acadar un consenso para que esta modificación ou calquera outra que se faga no futuro na Lei de costas se leve a cabo logo dun estudo e dun diálogo co complexo mar-industria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 13.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLIf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021.

Non sei se aceptou a emenda. ¿Aceptou a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? ¿Hai unha transacción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Coñécena os grupos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón podémola votar.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do segundo período de sesións de 2020, dun plan de actuación e reactivación cultural para o ano 2021

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a Unión Europea e o Reino Unido en relación co *Brexit*.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Popular e Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Si? ¿Piden a votación por puntos? O Grupo Parlamentario Popular pide a votación por puntos. ¿Cales quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Do 1 ao 4, e 5 e 6 xuntos.

¿E o Grupo Socialista? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Queren votar por separado o número 3.

Temos que facer tres bloques de votación. O primeiro bloque é o punto 1, 2 e 4. O segundo bloque sería o punto número 3, e o terceiro bloque sería o punto 5 e 6. ¿Estamos de acordo? *(Asentimento.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón comezamos votando o primeiro bloque, os puntos 1, 2 e 4.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co Brexit.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 3.

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co Brexit.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 60; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos os puntos 5 e 6.

Votación dos puntos 5 e 6 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co Brexit.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado tendentes a lograr que a empresa Gamesa-Siemens manteña a actividade na planta das Somozas.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista que defendeu o señor Martín Seco.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para que utilice os mecanismos necesarios tendentes a desenvolver un plan de industrialización de Ferrolterra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

Continuamos coa orde do día, co punto 5 da orde do día, de interpelacións.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señor conselleiro.

A verdade é que pensaba que me ía responder o conselleiro de Presidencia, pero, en calquera caso, evidentemente, calquera membro do Goberno pode vir responder calquera das interpelacións que nós presentamos.

Eu queríalle dicir ao conselleiro de Presidencia que levaba once anos coa responsabilidade en Administración local, aínda que nesta lexislatura a verdade é que resulta curioso que a consellaría que antes levaba o nome de «Administración local» perdeu esa denominación. E ademais penso —pensamos os socialistas— que o Goberno é consciente da pouca importancia que lles dá aos concellos galegos.

Despois de once anos, o señor Rueda, e vostede tamén, deberían coñecer a situación dos concellos galegos. E probablemente sexan coñecedores desa realidade. O grave está en que,

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sendo coñecedores, pouco fixeron para colaborar cos gobernos locais a cumprir co obxectivo de suficiencia financeira que lles permita exercer as súas competencias.

Nestes once anos que levan vostedes gobernando ininterrompidamente —e nos que o señor Rueda segue sendo vicepresidente e ademais responsable en Administración local— o Fondo de Cooperación Local non se incrementou nin un só euro dende 2009. Durante sete anos non convocaron a Comisión Galega de Cooperación Local nin unha soa vez, incumprindo co artigo 188 da Lei de Administración local de Galicia, que o establece como un órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas. Levan once anos incumprindo tamén as funcións designadas e encomendadas a esa Comisión Galega de Cooperación Local, que establece, entre outras funcións, a de velar polo cumprimento dos principios de autonomía e suficiencia financeira, e a de definir parámetros obxectivos para a distribución dos recursos das entidades locais. Son once anos nos que o Goberno galego aprobou normas que incrementaron as competencias dos concellos sen achegarlles os recursos necesarios para desenvolver esas competencias, nos que, sendo vostede... —neste caso referíame ao conselleiro de Presidencia, pero vostede tamén é conselleiro neste goberno—, nos que a Xunta de Galicia —quero dicir— esqueceu que ten a competencia exclusiva en política industrial e pretende trasladar aos concellos a carga de asentar as empresas en Galicia, exixíndolles que renuncien a unha parte importante dos seus ingresos fiscais.

En once anos o seu Goberno segue sen asumir a totalidade dos gastos de mantemento dos centros de atención primaria e dos centros de saúde —que están a cargo dos concellos—, sendo unha competencia autonómica e incumprindo o Pacto local, asinado coa Fegamp no ano 2006. *(Aplausos.)* E o Goberno da Xunta de Galicia, durante a crise sanitaria da covid-19, volve cargar os concellos coa responsabilidade de asumir unha parte importante dos gastos necesarios para evitar a propagación do virus sen achegarlles os recursos económicos necesarios, cando o Goberno galego si recibiu fondos do Estado.

Señor conselleiro, o Goberno galego fala do compromiso dos concellos, cando a realidade é que o Goberno galego menospreza os concellos galegos decidindo, dende a súa posición privilexiada, as competencias, as achegas e aqueles concellos aos que pensa beneficiar. Como vostede ben sabe, señor conselleiro, os recursos dos concellos veñen fundamentalmente dos seus recursos fiscais propios, dos recursos procedentes da participación nos tributos do Estado e dos recursos procedentes da participación nos tributos da Comunidade Autónoma, que son transferencias correntes de carácter incondicionado para contribuír a esa consecución da suficiencia financeira das facendas locais.

Os concellos galegos perciben dende o ano 2009 un fondo denominado Fondo de Cooperación Local, que ten unha dotación de practicamente 113 millóns de euros. É un fondo que, como lle dicía ao principio, non se incrementou nin un só euro nestes once anos de goberno de Núñez Feijóo.

Vostedes introducen nos orzamentos dende o ano 2016 o denominado «fondo adicional», cunhas contías variables que nada teñen que ver co obxecto do Fondo de Cooperación Local, xa que o maior logro, precisamente, do Fondo de Cooperación Local se acadou no ano 2000,

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e foi precisamente o de pasar a ser un fondo incondicionado que se reparte entre os concellos galegos cuns criterios de distribución pactados coa Fegamp. E ese fondo adicional —o que lle comentaba antes— plantéxano vostedes nos orzamentos como axudas específicas para determinados concellos e condicionado a determinadas actuacións.

E voulle poñer varios exemplos, señor conselleiro.

Vostedes establecen como fondo adicional e complementario case 11,5 millóns de euros, dende o ano 2016, para os concellos fusionados, esa medida estrela que anunciaba o presidente Feijóo no discurso de investidura da IX lexislatura. E ademais anunciábaa como paradigma. Con iso ía acabar cos problemas do municipalismo galego. Os 11,5 millóns de euros aparecen nominalmente nos orzamentos da Xunta de Galicia para dous concellos, aos que habería que sumarlle a cantidade de convenios subscritos con estes dous concellos por practicamente todas as consellarías do Goberno —amais de ter unha maior puntuación xa de saída en todas as convocatorias de subvencións públicas do Goberno autonómico—. Son 11,5 millóns de euros para os concellos que vostedes deciden.

Ese fondo adicional tamén completa outras axudas, como as dirixidas a concellos con institucións penitenciarias, comarcalización, conservatorios de grao medio, redes de franxas secundarias, retirada de niños de *velutina*, cobertura de telefonía móbil no rural ou participación na sociedade mercantil encargada do ciclo da auga. É dicir, calquera achega para competencias que son case na súa totalidade autonómicas introdúcena vostedes como fondo adicional para repartir entre determinados concellos. E pretenden chamarlle Fondo de Cooperación Local.

Nós non estamos en desacordo con estas axudas. Cremos que son necesarias e que, ademais, a Xunta debe poñer os recursos económicos suficientes para sufragar os gastos, porque na maioría dos casos son competencia da Xunta de Galicia e non dos concellos. O que non aceptamos é que os engloben debaixo do paraugas dun fondo incondicionado e que nos digan que, desde que vostedes están no Goberno, este fondo se incrementou. E simplemente non o aceptamos porque é faltar á verdade. *(Aplausos.)*

Dentro dos orzamentos da Xunta de Galicia en cada exercicio tamén consignan cantidades anuais dentro do apartado de subvencións a entidades locais. Algunhas —non me vou parar en todas, evidentemente— son para o mantemento de escolas infantís, o Plan concertado ou o Plan de protección de animais de compañía abandonados, que son competencias impropias das entidades locais e que ademais supoñen unha carga financeira moi importante para as xa raquíticas arcas municipais. E tamén establecen outras subvencións de concorrencia competitiva ás que concorren aqueles concellos que o solicitan.

E xa por último, señor conselleiro, hai un número importante de partidas que se distribúen en convenios nos que —como nos indicou un alto cargo da Xunta de Galicia nunha resposta formulada por esta deputada en comisión— os criterios de repartición consistían en que os alcaldes e as alcaldesas van onda o conselleiro ou conselleira —ou cargo directivo designado—, piden a obra ou servizo e despois o Goberno galego distribúe —e distribúe en función da necesidade e da urxencia—. Aos socialistas gustaríanos saber en que plan estratéxico

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das distintas consellarías se establece, como criterio obxectivo de repartición das contías destinadas a convenios, esa necesidade e urxencia. E tamén nos gustaría saber como se establece quen ten a necesidade e a urxencia, porque parece —parece— que as necesidades e as urxencias dos concellos gobernados polo Partido Popular non son iguais que as necesidades e as urxencias dos concellos gobernados por outras formacións políticas. *(Aplausos.)*

Eu neste caso voume centrar nos convenios asinados pola Consellería da Vicepresidencia Primeira, asinados polo conselleiro e publicados no DOG. Teño aquí as copias, por se hai algunha dúbida. Como moitas veces teñen a tentación de dicir que mentimos, teño aquí todo e pódollo deixar ao presidente se vostede aquí o require. Entón voulle facer unha demostración para que sexa bastante gráfica.

Estes son os convenios repartidos pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia durante o ano 2017: o 86 % dos concellos son do Partido Popular. Convenios repartidos no 2018: o 82 %, do Partido Popular —falo de contías, pero tamén podería falar de número de concellos—. Convenios da Vicepresidencia Primeira en 2019: o 95 %, do Partido Popular. E, por último, os convenios da Vicepresidencia Primeira no ano 2020: aquí temos o 82,25 % do Partido Popular. É dicir, podemos concluír que, do 2017 ao 2020 —catro anos—, de máis de 6 millóns de euros repartidos en convenios pola Vicepresidencia Primeira do Goberno galego, o 86,27 % —é dicir, 5,5 millóns de euros— foi para concellos do Partido Popular, máis do 86 %. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Contésteme vostede, señor conselleiro: ¿considera que a Xunta de Galicia fai unha repartición equitativa e xusta e que contribúe ao reequilibrio territorial de Galicia repartindo a dedo os fondos públicos, os fondos que son de todos e todas?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: É un sistema caciquil que non respecta a autonomía local, que non está baseado nun plan de reequilibrio territorial para Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Xa terminou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que non procura a cobertura de servizos básicos para toda a cidadanía, que non cumpre... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Desculpe, señora Rodríguez Rumbo, polo feito de que esperaba ver o vicepresidente primeiro. Tratarei de responderlle a algunhas das cuestións que formulou vostede no día de hoxe. Porque a verdade é que é unha desgraza saber ler e escribir desde que teño 3 anos. E, claro, un le: «A formulación da deficiente xestión da Administración autonómica, pois son cantidades non recuperables que ao final do exercicio se perden e que non contribúen a paliar o raquitismo financeiro que padecen a maioría dos concellos galegos» —si, son preguntas formuladas e asinadas, en primeiro lugar, por vostede— ou «¿Que valoración fai o Goberno galego sobre a falla de execución dos créditos orzados e destinados ás corporacións locais galegas na X lexislatura?» ou «¿Cales foron as razóns polas que o Goberno deixa sen executar ano tras ano créditos?», «¿Considera o Goberno galego que os concellos de Galicia están suficientemente financiados?», «¿O Goberno galego coa Fegamp prevé un incremento do Fondo de Cooperación Local para o vindeiro exercicio?».

Permítame que —polo menos por respecto intelectual— conteste un pouco ao que se me formulaba por escrito. Despois tamén farei algunha outra referencia. Porque, igual que vostede non esperaba que o conselleiro de Facenda e Administración Pública contestase nestes momentos, tampouco eu esperaba moito ese cambio que deu —aínda que lexítimo, porque o pode facer—. Pero xa que preguntamos sobre o tema, direille algunhas das cuestións.

Permítame que me cinga un pouco ás dúas primeiras preguntas, ao estado de execución, por un lado, e a cales son as razóns que explican, se é o caso, a non execución.

Cando eu miro a X lexislatura —traballamos con anos completos, do ano 2016 ao ano 2019, porque o 2020 está sen pechar nestes momentos, e cando os haxa tamén lle ofreceremos os datos, se así nolos solicita vostede ou calquera outro parlamentario, obviamente—, eu miro as dúas compoñentes básicas que teñen os fondos que teñen por destinatarias as corporacións locais, que non son outras que o Fondo de Cooperación Local —no que vostede se centrou moito na súa primeira intervención— e o resto de transferencias que aos concellos chegan —sinaladamente, transferencias correntes—.

Partindo do crédito inicial, que era no ano 2016 de 313,3 millóns de euros, chegamos ao ano 2019, con 390,4 millóns de euros. Hai, polo tanto, un incremento nas dúas compoñentes do 24,6 %. Supoño que a partir de aquí o que queda claro é que este goberno ten unha vocación moi clara cara ás necesidades e ás actuacións que se desenvolven nos nosos concellos. Estamos falando dun incremento, polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, que se aproxima ao 25 %; se o prefire, estamos falando de 1.400 millóns de euros durante estes anos.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo que respecta á execución, temos dúas compoñentes: Fondo de Cooperación Local, cuxa execución —como non pode ser doutro xeito— se aproxima ao cen por cento respecto do crédito inicial do crédito vixente —do que é a fase d) e do que é a fase o), falando con relativa propiedade e aburrimento, non digo que non, orzamentario—. No resto de transferencias, capítulos IV e VII, temos no 2016 unha execución de fase d) que se aproxima ao 97 % —e así sucesivamente no ano 2016, 2017, 2018 e 2019— respecto do crédito vixente. Así é como a hai que medir. E resulta que chegamos practicamente en todos os anos ao 97 % —ao 96,5 % de media, en concreto—. Polo tanto, en principio, utilizando un símil máis ou menos académico, unha puntuación de 9,6 —case 9,7— sobre 10 non me parece un mal resultado.

Pero precisemos onde non chegamos a executar os créditos.

Efectivamente, vostede dixo moi ben que os créditos neste resto de transferencias teñen unha dobre compoñente; por unha parte, o que son as convocatorias onde se presentan as distintas corporacións locais con base nunhas bases preestablecidas, e despois están os famosos convenios. Cando así o vemos, vemos que o crédito que non se utilizou —fase d)— resulta que se concentra en tres ou catro das entidades, consellarías, que na Xunta temos no perímetro de consolidación global —sinaladamente, na Consellería de Emprego, sinaladamente na Vicepresidencia Primeira, á que vostede se acaba de referir, e sinaladamente, como exemplo, no Instituto Galego Enerxético—.

Cando analizamos estas compoñentes, do que nos damos conta é do seguinte —e así entramos dentro das razóns que vostede pedía no seu punto por escrito—: as razóns non son outras que, cando estamos, por exemplo, nunha convocatoria ou nun convenio, supoño que a ninguén se lle ocultará que ten que haber unha xustificación ao final de todo. E a xustificación é que é verdadeiramente difícil que en todas e cada unha das múltiples cousas que facemos na Xunta se puidese chegar ao cen por cento. Polo tanto, un resultado do 97,5 % xa me parece moi abondoso en termos de fase d) —en termos de obriga, nese caso—.

Polo que se refire ás convocatorias, teño que recoñecer, efectivamente, que pivota sobre unha cuestión. A primeira delas é a da anualidade. A anualidade non a esgota, porque estamos falando de fondos —a maioría deles— que teñen un carácter finalista ou que son fondos europeos e que poden ser utilizados en anos sucesivos. Polo tanto, con matices, temos a temporalidade. Polo que se refire ás convocatorias, si que teño que recoñecer que estamos mellorando, pero non o facemos de todo ben. A temporalidade hai que procurar tela en case todas as ordes de convocatorias no primeiro trimestre —ou no primeiro cuadrimestre como moito—. Pero comprenderá vostede que hai determinados fondos que son incorporados, o que provoca que non sempre no primeiro trimestre ou cuadrimestre se poidan realizar as distintas convocatorias. É recomendable, pero non é un ben absoluto en si mesmo. A proba está en que moitas veces, vía conferencia sectorial, se poden achegar algúns fondos, e o que provocan é que determinadas convocatorias se realicen a final de ano.

Pero como vostede coñece —ou debemos coñecer todos, xa que estamos falando de fondos públicos—, en toda evolución, en primeiro lugar, pode haber ou non renuncias dos propios concellos, pode haber ou non denegacións por non cumprir determinados requisitos, pode

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

haber determinadas minoracións ou pode haber determinadas modificacións. E ao final, como lle dicía antes, está o tema da xustificación.

Polo tanto, os concellos galegos en toda a X lexislatura tiveron un incremento aproximado do 25 % nos recursos que nacen da Xunta de Galicia. En segundo lugar, o aproveitamento dos recursos aproxímase ao 97 %. E nas fases ás que non me acabo de referir —que son a fase o), o pago, nese caso— vostede coñece coma min que, á parte da xustificación, ao estar financiado isto con fondos finalistas ou fondos europeos, non se perden. Por iso non hai máis que botar unha ollada ao que é o ano 2016, 2017, 2018 e 2019 e comprobar como existe unha correlación *a la menos una* respecto do ano anterior. Polo tanto, ten que ver con esa estrutura de financiamento que non se perde e que non se puido executar. Dito isto, creo que o resultado é máis que digno, e nestes momentos non quero facer ningún tipo de comparación respecto de calquera outro.

Si me gustaría sinalar tamén antes de terminar neste apartado, nos dous primeiros —ao outro referireime tamén, aos concellos galegos suficientemente financiados, porque o que non debe quedar aquí nesta Cámara presente é que a Xunta, como calquera comunidade autónoma, ten unha participación moi importante, e debe seguir téndoa, no tema da suficiencia financeira, sinaladamente dos concellos —que non esgota todas as corporacións locais—. Pero vostede, coma min, que coñece a previsión constitucional que hai sobre a participación das corporacións locais nos ingresos propios do Estado —o que se coñece como PIE, co dobre matiz de «máis de» tantos habitantes, «menos de» tantos habitantes—, o que si recoñecerá comigo é que nisto a primeira derivada segue sendo esa participación nos ingresos do Estado, ao que vostede non fixo ningunha referencia; e a outra é a participación que poida ter a Comunidade Autónoma —comunidade que xa lle adianto que, a través do Fondo de Cooperación Local, vén sendo a segunda comunidade de réxime común que máis participa respecto dos concellos —das comunidades que non teñen carácter insular, que teñen a súa especificidade—. Non se me criticará, polo tanto, cando se mida relativamente a nosa importancia.

Entón, polo tanto, creo que os tiros están relativamente sesgados pola súa parte, porque na insuficiencia que manifestan os concellos galegos —que a Xunta facemos nosa— estamos en total coordinación e apoio respecto da Fegamp, que, como ben debe de coñecer vostede, tamén ten elaborado un estudo —e que foi dirixido tamén á Comisión Nacional de Administración Local—, no que fai fincapé en que os concellos galegos —as deputacións son outra cousa— están recibindo menos do que en principio lles correspondería de aplicar criterios tales como a superficie, a dispersión —medida por entidades singulares de poboación—, etc. Porque o que se deduce do financiamento local a nivel nacional é que existe un sesgo moi sinalado en favor das grandes aglomeracións respecto das aglomeracións máis cativas, que son as que temos na nosa comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): E, por certo, esta comunidade autónoma foi a única que, cando se falou de financiamento autonómico —e levamos xa case tres anos sen falar disto a pesar de ser unha prioridade, en

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

principio, do Goberno central actual—, puxo sobre a mesa que o financiamento autonómico se debe de ver tamén en relación co financiamento local, as dúas cousas. ¿Por que? Porque actuamos sobre persoas tanto físicas como xurídicas nun territorio, e todos merecemos a mesma consideración. E os resultados constatados dinnos que en Galicia perdemos vía autonómica e, sobre todo, vía corporacións locais. Entón, poñamos o acento en cada cousa no seu lado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica da señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vostede non me pode dicir que non me ateño... ¡Home!, se me quere dicir que non lle formulei exactamente as preguntas que están na miña interpelación, pois non. Pero referinme exactamente aos créditos orzamentarios destinados ás corporacións locais, faleille do financiamento, dos recursos propios, do PIE, do PICA, do Fondo de Cooperación Local, de subvencións, dos concellos... Polo tanto, evidentemente, axústome estritamente ao que teño aquí formulado na pregunta. Iso non quita que tamén poida utilizar outros argumentos para defender a miña postura.

Vostede falaba tamén dun apartado que, efectivamente, puxen aquí. Falaba dos créditos orzamentarios destinados ás corporacións locais, que é o punto número 1, e que na miña primeira intervención simplemente non me deu tempo a tocar. Pero tamén o teño e, polo tanto, voullo dicir agora mesmo.

Do título V que aparece nos orzamentos da Comunidade Autónoma todos os anos —no que pon «corporacións locais»—, temos os últimos tres exercicios. E a pesar dese cumprimento do que vostede fala, eu tamén teño feito un *cuadrito* con todas as partidas. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento desde o estrado.)* ¿Ve? Fíxese, ata llo podo deixar tamén aquí ao señor presidente por se ten algunha dúbida ou se pensa que estamos facendo aí unha trapallada. Vostede ten o seu e eu teño o meu. Se me dera o seu, ao mellor a min tamén me facilitaba o meu traballo. Pero xa sei que o Goberno non se preocupa demasiado en facilitarnos o traballo aos deputados e deputadas da oposición. E nos tres últimos exercicios, salvo erro que poida haber, eu teño que no 2017 vostedes deixaron sen executar 40 millóns de euros destinados ás corporacións locais; no ano 2018, 54 millóns de euros; e no ano 2019, case 40. É dicir, hai case 140 millóns de euros sen executar en tres anos, e a iso nos referimos. Porque vostedes, como Goberno galego, se en realidade están preocupados polo financiamento dos concellos galegos e por que se executen correctamente todas as competencias —as propias e todas aquelas impropias que vostedes unha e outra vez, a través de distintas leis e distintos regulamentos, lles *endilgan* ás corporacións locais—, ao mellor eses cartos poderían incluílos para incrementar o Fondo de Cooperación Local; e non como vostedes pretenden, que queren facer tutelación dos concellos e queren decidir en que teñen que gastar os concellos. Ademais de darlles responsabilidades, quérenlles dicir se nisto poden gastar e naquilo non. E os con-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cellos en xeral —e os concellos galegos, en particular— son maiores de idade, son gobernos elixidos democraticamente polos seus veciños e polas súas veciñas, igual que o son vostedes, o Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Polo tanto, teñen o dereito —e vostedes non son quen para quitárllelo— de poder exercer as súas competencias da maneira que mellor o consideren. E se non o fan ben, xa verán dentro de catro anos e xa decidirá a súa cidadanía se é correcto ou é incorrecto, pero non a Xunta de Galicia. Non teñen por que determinar en que teñen que gastar os concellos galegos.

Tamén lle quería comentar outro tema —que nos preocupa bastante e que ademais vostede, na súa segunda intervención, probablemente nolo poida aclarar—. Resulta que este ano acabamos de aprobar —acaban de aprobar; nós, evidentemente, non— un orzamento para o 2021, un orzamento expansivo e que ademais medra 1.575 millóns de euros. E resulta que os concellos son os grandes damnificados. É dicir, as transferencias ás corporacións locais diminúen para 2021 en 11,5 millóns de euros, sendo das poucas partidas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede di iso, pero eu tamén teño o meu papeliño —creo que me quedou alí—, e é unha copia exacta dos orzamentos. E a min paréceme que son 11,5 millóns menos para os concellos galegos durante este exercicio. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, é un pouco curioso que, con ese medre de 1.575 millóns de euros, baixen os orzamentos para os concellos, baixen os orzamentos para a fixación de poboación no rural e baixen os orzamentos para a mocidade. A verdade é que é bastante curioso, señor conselleiro. Aínda que só sexa por estética, deberían de mantelo, porque incrementan 1.575 millóns de euros, non 100, ¡1.575 millóns de euros!

E ademais vostedes votan en contra dunha emenda presentada por este grupo parlamentario na que pediamos un incremento para os concellos galegos —para desenvolver todas esas competencias que vostedes lles *endilgan*, para poder cumprir todas esas obrigas que teñen para evitar a propagación da pandemia— de 100 millóns de euros. Vostedes votaron en contra, votaron en contra de que os concellos galegos tivesen máis recursos para poder desenvolver as súas responsabilidades.

E voulle recordar —xa para rematar, que seguro que me vai avisar xa o señor presidente— que no programa electoral do Partido Popular, do que vostede forma parte, das eleccións autonómicas de 2020, no apartado relativo á Administración local di, entre outras cousas —e leo literalmente— que se comprometen «a revisar o financiamento dos concellos a través do Fondo de Cooperación Local cara a un modelo que sobrepondere o avellentamento, a despoboación e o esforzo fiscal, e que aposte pola cohesión territorial».

Non teño nada máis que dicir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche desta interpelación polo conselleiro de Facenda e Administración Pública.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, de novo, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, algunha equivocación debe de haber por algo. Non digo que sexa súa, ¡coidado coas palabras, ¡eh!, non digo que sexa súa.

Crédito inicial, transferencias a entidades locais —ano 2020—... *(Pausa.) (O señor conselleiro abandona o estrado para recoller os lentes no seu escano.)* ¡O que son as gafas, meu Deus!, ¡o que é a idade!—. *(Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: É mellor andar sempre con elas postas

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Como esta semana que vén fago 60, xa se van notando. *(Risos.)*

Crédito inicial a entidades locais no ano 2020, 401,4 millóns; ano 2021, 407,9. Ata onde eu sei contar, iso é un positivo, que é o 1,6 %. Polo tanto, algunha discordancia hai. Poñámonos de acordo porque creo que está equivocada por algo. E creo que non son eu, porque xa o revisei varias veces, e destas cantidades tamén falamos en orzamentos.

Señora Rodríguez Rumbo, permítanme que non faga escarmento co que son os índices de execución da Xunta de Galicia, pero cando eu falo das corporacións locais —que, si, efectivamente, menos mal que se elixen libremente e cadaquén cada catro anos decide cal é a color en cada lado, ¡faltaría máis, faltaría máis!—, o informe do Consello de Contas —ano 2018— di que a execución media do orzamento de gasto non financeiro dos concellos galegos foi do 67,6 %. E nos concellos de menos de 5.000 habitantes —curiosamente os que teñen menos recursos, menos persoal— a execución foi do 77,29 %. Ambos os dous parámetros de comparación estannos dicindo que os moi grandes non o están facendo tan ben. E se se compara co que estamos facendo na Xunta —que lle falo de máis do noventa e seis con algo por cento—, comprenderá vostede que me teño que sentir relativamente orgulloso de como facemos as cousas —sabendo que algo temos que mellorar—.

Xa non lle digo nada das deputacións provinciais, que teñen o 47,9 % de execución. E paréceme que en tres delas mandan vostedes. É dicir, vostedes coa xestión nunca foron moi alá.

Ben, sobre o incremento do Fondo de Cooperación Local, o que me pedía no punto que vostede dicía, non existe ningunha discordancia. Ao revés, alégrame moito que tamén lera literalmente o que se contén na proposta do Partido Popular para as últimas eleccións de xullo. Hai que revisar o financiamento local, pero iso debe ser un corolario. O primeiro que temos que facer entre todos —si, señora— é nunca máis, a poder ser —ou minimizalo—, falar de competencias que son da Xunta, competencias que son dos concellos, das deputacións ou, se é o caso, de competencias compartidas. O que temos que facer é poñernos de acordo en que é o que estamos soportando realmente ambas as administracións sobre as competencias, clarificar as competencias e asignalas. Estou seguro de que, se así o facemos, avanzaremos moi moito no tema de financiamento. Porque comprenderá vostede —a título simplemente de razoamento, meténdolle algo de métrica tamén, pero de razoamento— que, se así o fa-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cemos, o carácter incondicionado non ten ningún sentido. Porque, se quedan ben delimitadas as competencias duns e doutros..., pois..., iso.

Outra cousa é o concepto de suficiencia, que, xa que non achega o Goberno central, desde a Xunta no seu momento teremos que seguir achegando. Polo tanto, os concellos sábeno, e sempre contaron con nós.

Por certo, levo seis anos de conselleiro —que os fixen onte—, e da miña relación, na Comisión de Cooperación Local, coa Fegamp só podo falar de que os temas se discuten, e non pouco. Houbo un certo cambio de garda ultimamente, a pesar de ser da mesma cor que o anterior presidente. Pero o que si lle adianto é que todas as modificacións foron feitas de común acordo.

E, ¡por favor!, que non se confunda o que son criterios de repartición co carácter incondicionado ou non condicionado dos fondos. Eu creo que é bo poñerse de acordo no que no seu momento foi... E creo que estaba relativamente faltando á verdade —non quero dicir «mentira»— cando vostede falaba dos gastos sanitarios dos concellos galegos. Iso xa foi corrixido no ano 2018. Non existe ningún concello nestes momentos que nos gastos sanitarios non reciba unha compensación, ¡non existe ningún concello! Polo tanto, non lle permito que diga en sede parlamentaria unha cousa que non é verdade. Existe un módulo dende o ano 2018 que foi confrontado, por todos os que nos mandaron, sobre facturas certificadas en cada concello sobre este tipo de gastos. Polo tanto, non permito que se diga isto en sede parlamentaria porque é totalmente falso, ¡totalmente falso!

Polo tanto, o que si saben os concellos galegos e a Federación Galega de Municipios e Provincias é que contarán coa Xunta, en primeiro lugar, cando se discuta dunha santa vez o financiamento local a nivel nacional —aí contarán co noso «si», porque, efectivamente, o actual modelo prexudica os nosos concellos—; en segundo lugar, si que contarán coa Xunta para facer esa especie de auditoría —que xa comentamos cando falabamos de orzamentos para o 2021 cos representantes da Fegamp— para analizar as competencias propias e as compartidas para poñerlles nomes, apelidos e financiamento en cada caso. Así o faremos, e chegaremos a determinadas conclusións que terán carácter condicionado ou non condicionado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Pero, obviamente, desde esta Xunta, como demostrei numericamente, cada vez existen máis transferencias para os concellos galegos. E sempre apoiaremos as peticións da Fegamp, porque son xustas. E a iso é ao que nos dedicamos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as recomendacións de medidas máis restritivas da mobilidade e de reunión nas datas das festas de Nadal e os criterios que fundamentaron as decisións finais que tomou o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Imos felicitar xa de antemán o conselleiro, que vai estar de cumpreanos a semana que vén, segundo dixo. A semana que vén dixo que estaba de cumpreanos. Felicitámolo xa porque non estaremos por aquí. Así, que quede constancia.

E, señor presidente, permítame dicirlle que non estivo vostede hoxe moi acertado pola mañá, cunha falta de respecto moi profunda a unha administración local. E debería desculparse por iso. É sorprendente que non puxera de exemplo plenos que son magnificamente exemplares e dignos, como algúns recentes —igual non os coñece— da Deputación de Ourense e do Concello de Ourense. En fin... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non debe confundir. Perdoe, entendeu vostede mal.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, si, pode ser...

O señor PRESIDENTE: Entendeu vostede mal. Eu teño todo o meu respecto cara á Administración local. Non podería ser doutro xeito. Eu o único que dixen é que estiven comparando un pleno que eu vin dun determinado concello co que sucede neste Parlamento, nada máis. Iso non é que eu teña falta de respecto cara á Administración local, nin moito menos. Quero deixar isto absolutamente claro. *(Murmurios.)* Ou sobre outros que poden suceder noutro lado, seguro. Pero non é ao que eu me refería. E, polo tanto, a Administración local ten todo o meu respecto, que lle quede claro.

O señor TORRADO QUINTELA: Nin dixo iso nin é certo nin lle corresponde. Pero, en todo caso, non se preocupe. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai algunha xente tamén para falar dos regalos nos outros plenos.¡ En fin...! *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, falamos hoxe co interese de plantexar nesta interpelación tres temas, tres temas fundamentais. En primeiro lugar, que as decisións que se toman son políticas, así debe ser, son políticas. En segundo lugar, que a situación que temos derivada das decisións que se toman sobre a pandemia é grave, é moi grave, todos a coñecemos. E, en terceiro lugar, que debemos ser hábiles como conxunto —e o Goberno especialmente, porque é quen ten a capacidade agora mesmo de dirixir a situación— para non cometer os erros que cometemos cos intentos —aínda que é comprensible ter esa vontade— de dar boas noticias. Pero hai que ser prudentes e precavidos. Neses tres eixos voulle plantexar a nosa interpelación, baseada en como se tomaron as medidas en Nadal.

En primeiro lugar, trasladamos que as decisións son políticas. Sono, deben selo. Os técnicos non son só importantes, son probablemente imprescindibles para tomar decisións —espe-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cialmente na situación en que vivimos—, pero as decisións son políticas, tómaas o Goberno. Porque moitas veces hai sempre quen pretende escudarse nesta situación dicindo que as decisións as toman os técnicos, ou os comités. Non é correcto e non é certo. Os comités teñen posicións clínicas —ás veces contraditorias ou ás veces unicamente con diferentes matices—, pero é aos gobernantes aos que lles corresponde tomar unhas decisións difíciles.

Nós, como xa lles trasladamos moitas veces, somos comprensivos cunha situación moi dura, moi difícil, que probablemente exixa tomar decisións que ninguén quere ter que tomar, e en todos os ámbitos. Onte falábase aquí, como xustificación do escenario, de que había que comprender o desacougo e a incerteza que provocaba a situación. E nós estabamos de acordo con iso. Defendíao o Partido Popular e estamos de acordo con iso, comprendémolo. Teríanos gustado que o Partido Popular o entendese na primeira onda, cando utilizou a pandemia para un ataque político frontal co Goberno do Estado. Pero, en fin, nós seguramente nalgunhas nos equivocaremos e noutras acertaremos, pero, por sorte, non somos o PP. E tamén por sorte para este goberno actual da Xunta nós non somos o PP. *(Aplausos.)*

Con todo, diciamos que as decisións son políticas, e así o son. Nós trasladámoslle isto porque hai explicacións diversas en función de se o que se pode dicir é bo ou é malo. E é humanamente comprensible, pero os gobernos deben estar por riba diso. Para poñer un exemplo máis claro: as decisións que se puideron tomar e non se tomaron para o Nadal —é dicir, as que vivimos hoxe en día en Galicia e que se puideron tomar o 20 de decembro— provocaron, por non tomarse, unha situación mala. Reacción do Goberno galego: «O Goberno do Estado obrigoume». ¡Mentira! —mentira covarde, por outra parte—.

Onte —por declaracións de antonte— o Goberno galego anunciou máis ou menos as liñas estratéxicas das medidas que vai tomar a semana que vén. ¿Por que? Porque non lles gaña ninguén a algúns gobernantes, salvo o Correcaminos —e non sei—, en rapidez para dicir cousas boas. É humano. Para dicir cousas boas hai que apurar. Se o Goberno obrigaba a aquelas medidas —que é mentira—, as de agora, que son para desescalar, tómaas a Xunta. *(Aplausos.)* Hai que evitar facer trampas ao solitario. As medidas tómaas o Goberno da Xunta —que ten que facelo, porque as medidas sobre Galicia as toma o Goberno da Xunta—. E, a partir de aí, hai que construír medidas, coas que nós —insisto— somos respectuosos. Comprendemos a dificultade de tomalas. Dixo hoxe Gonzalo Caballero que somos leais coas medidas, non podemos ser cómplices cos erros pero somos leais coas medidas. E incluso asumimos que coas medidas se pode un equivocar, e asumimos equivocarnos con elas, tamén niso. Non hai problema en entendelo, porque ninguén ten unha variña da infalibilidade, iso é obvio. Pero son medidas políticas.

E cando se anuncia unha semana antes a liña das medidas, faise sen datos, e é porque hai unha vontade política de forzar no posible, dentro do marco que se nos defina, poder tomar a parte do marco que sexa máis aperturista. Está ben, non é discutible dende o punto de vista de que é lexítimo facelo. Como en Nadal, cando este Goberno buscou todas as argumentacións para tomar as medidas máis aperturistas. Porque había posicións, dentro do comité clínico, que defendían ser tremendamente cautelosos ou incluso medidas moi restritivas —probablemente na súa totalidade—. Así que había esas decisións, existiron. E o comité clínico plantexou esas medidas tamén —non todo o mundo, por suposto—. Polo

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto, non podemos escudarnos, porque ninguén obrigou a nada; porque é absurdo —ademais de covarde, é absurdo—. E temos que asumir que esas medidas foron tomadas por vontade.

A segunda cuestión é que, como consecuencia daquilo, temos unha situación complicada. Insistimos novamente: é humano querer trasladar as cousas en positivo sempre. Pero hai algunhas cousas que teñen dito que son mentira. E, ademais, dende o noso punto de vista contribúen pouco a mellorar a situación. Por exemplo, dicir que a ocupación das UCI está no 30 % —como se dixo a semana pasada—, non é certo. Hai UCI, probablemente, que non admiten nin un alfiler máis. Hai profesionais facendo traballos nin sequera das súas especificidades propias pero si colaborando. Está o sistema entregado á bondade dos profesionais. Igual un sistema con mellor estrutura previa, de máis persoal, de máis recursos, sería mellor —xa o temos dito moitas veces—, pero estamos entregados á bondade e á vontade dos traballadores. E iso sempre é de alegrarse. Pero un sistema sanitario de primeiro nivel, como aspiramos a ter e queremos ter, non debe fundamentarse unicamente na bondade dos traballadores.

As UCI están mal, moito peor dese 30 %, 32 % ou 40 % que dixo o señor Feijóo. ¡Claro que quere transmitir as cousas boas! Igual a el non lle importa mentir, pero é malo, e ademais ten un problema *(Aplausos.).* E ten un problema porque traslada á cidadanía a situación de que non estamos tan mal. E querer transmitir iso está moi ben no plano persoal, pero contribúe pouco a que a xente se conciencie do mal que estamos. Porque estamos moi mal. Vostede sábeo en primeira persoa, que visita os centros hospitalarios, e cónstanos que se preocupa pola situación.

Polo tanto, non podemos transmitir esa idea. Trasladado a unha pregunta moi concreta, se hoxe, que son a unha e media do mediodía, máis ou menos, se hoxe, mércores, seccionamos agora mesmo o sistema sanitario en Galicia e vemos as camas de UCI que hai dispoñibles —camas reais, que estean alí con profesionais para poder atendelas, non as que poderían estar nun futuro «se facemos...», non as dun hospital que poidamos abrir, senón hoxe, agora mesmo, á unha e media do mediodía deste mércores—, ¿cantas camas hai dispoñibles en UCI en Galicia? ¡Poucas, moi poucas! E isto é un problema. Pretender ocultalo, como se pretendeu dende o Goberno, é un erro. ¿Por que? Porque estamos transmitindo que hai unha situación mellor da que hai e é importante transmitir a dificultade, que a xente entenda o sufrimento que están pasando os que están nas UCI, as súas familias e as daqueles que por desgraza xa non están nas UCI porque xa faleceron. É importantísimo trasladalo sen caer nunha negatividade profundísima, pero é a realidade e hai que transmitila.

En terceiro lugar, non cometamos outra vez o erro de que, querendo transmitir boas novas, transmitamos moitas veces a idea de que xa está todo superado. Pasou algunha vez. Eu lembro perfectamente como se presumía, como se facían actos públicos, para dicir que eramos a primeira comunidade en saír das medidas de restrición da primeira onda. Algúns advertimos, con pouco éxito, con pouco éxito, que non había que ser tan presuntuosos. Algúns presumiron de ser a primeira comunidade. Aquilo naquel momento era fantástico. E daquilo ao seguinte: de pretender dicir que estabamos moi ben en novembro —que estabamos mellor que agora e que, polo tanto, en decembro poderiamos saír da situación e dar as medidas que se permi-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tiron— ao de agora. ¡Non volvamos cometer o erro, porque, por anunciar ou por gañar unha imaxe ou un titular, non debemos facer iso! Polas medallas —se é que por iso alguén se preocupa— non se preocupen, que, cando isto se supere —que o superaremos—, as vai poñer o Goberno da Xunta. Non vai haber nin competición para iso, porque, postos a poñer medallas, non hai ninguén que poida competir co Goberno da Xunta. É o mellor facendo este tipo de campañas. Pero non é esa a discusión, a cuestión está en que non podemos volver cometer ese erro.

Polo tanto, neses tres puntos nós sentimos que hai que ser máis claros, máis directos na claridade da mensaxe, incluso máis simples —enténdase, máis fáciles de comprender—. O sudoku normativo, aquilo do modelo Carballiño e do concello do lado, non funcionou. Sexamos máis simples. Non transmitamos unha imaxe que non é, porque é un error, e sexamos máis claros. Digámoslle á xente que a situación é moi dura, porque o é. E iso tamén é o que lle pedimos ao Goberno, que sexa claro coas situacións, que ninguén lle vai dicir —como si se utilizou á inversa— e ninguén lle vai estar recordando que datos hai para todo, incluso para contar que isto podería ser un desastre —que tampouco o é—. Ben escollidos, algúns datos deixarían a xestión deste goberno moi mal, pero serían utilizados partidariamente porque non estariamos contando todo. Algúns en concreto son demoledores, pero tampouco se trata diso.

Polo tanto, nós preguntámoslle como se toman as medidas e cal é a situación —se nos pode aclarar esa pregunta sobre como están as UCI exactamente—. E, a partir de aí, instamos para ser capaces de traballar nun mellor sentido para ser realistas e non optimistas. Non é tempo de facer campañas de imaxe persoal de ninguén, senón de ser realistas. Porque iso tamén contribuirá a que sexamos todos máis cumpridores, incluso para que algún aprenda a poñer a máscara cando lle toca.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señor Torrado, no pasado pleno comezaba a miña intervención recordando que viviamos días malos, con datos que ninguén desexaría. E hoxe teño que facer o mesmo. Non podemos esquecernos de quen perdeu un familiar nunhas condicións inimaxinables, nin tampouco das persoas que están sufrindo nestes momentos a enfermidade. E, aínda que os datos dos contaxios comezaron xa a descender e parece que o horizonte empeza a clarexar, onde aínda non pode percibirse isto é nos nosos centros, como vostede ben dicía —dende os centros de atención primaria ata os hospitais—, e especialmente nas zonas de críticos, que fan un es-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forzo innegable; pero tamén nas plantas covid, nas urxencias, ou nas plantas de hospitalización convencional, que teñen que reaxustar a súa programación para adaptarse ao número dos pacientes ingresados por coronavirus que temos.

En Galicia sabemos dos esforzos que fan os profesionais sanitarios, e tamén coñecemos a dor de tantas familias. E teñan por seguro que, se tivésemos algunha outra opción ou medida para terlles aforrado a estas familias a súa perda, ou aos nosos profesionais o seu traballo inxente, a teriamos tomado.

Galicia foi, e segue sendo, unha das comunidades máis restritivas, con restricións que ademais son tomadas dende hai meses con criterios únicos que nos permitían obxectivar cales deberían ser esas medidas. Saben, ademais, que a nosa comunidade conta cun comité clínico de profesionais con nomes e apelidos, e sobre todo currículo, que é o que guía as medidas do Goberno. Evidentemente, as decisións tómaas o Goberno, como non podía ser doutro xeito, pero asesoradas, iso si, por técnicos.

Quero aproveitar este momento e o día de hoxe para facer unha defensa máis importante, se cabe, do comité clínico e da súa honorabilidade, despois de escoitar esta fin de semana infamias —que só se poden chamar así— por parte de algo que xa non sabemos moi ben que é, e que, por certo, algún deputado deste Parlamento contribuíu a difundir.

Polo tanto, baseados nese comité clínico tomáronse as decisións. Tomáronse as decisións e, dende logo, non é prato de bo gusto para nós ter que facer restricións —nin nas residencias nin para os familiares nin, por suposto, o peche da hostalaría—, cando xa son moitos meses nos que as medidas forman parte do noso día a día.

Pero cando nós recibimos as queixas en canto ás limitacións establecidas en Galicia, vostedes preguntan por que non fomos máis restritivos. A verdade é que custa entender isto, e sobre todo no referido ao Nadal e vindo de vostedes. En Galicia fomos, despois do remate do estado de alarma, nun momento en que efectivamente Galicia creo que puido presumir de ser a primeira comunidade autónoma que cumpriu os requisitos que o ministerio puxera para chegar a aquela nova normalidade —por exemplo, facendo que a petición de probas PCR estivese por debaixo das vinte e catro horas—, a primeira comunidade que o conseguimos. Pois, cando empezamos nese movemento, o comité clínico e a Xunta non deixaron de facer o seu labor. E xa vostedes recordarán que no verán tivemos o caso de Burela. Por certo, moitas desas restricións foron criticadas naquel momento por alcaldes do seu partido, que dicían que as restricións establecidas imposibilitaban a celebración das eleccións naquel momento.

Esas restricións sempre tiveron un fin único: salvar vidas. En Galicia, á vista das diferenzas existentes na evolución da pandemia, decidimos naquel momento adoptar medidas cirúrxicas por concellos, activándoas ata que diminuían os casos. Aplicamos as máximas medidas de restrición no Carballiño o 9 de outubro. Non vou dicir que esteamos contentos co modelo Carballiño, non é a palabra axeitada. Pero si que probamos nun entorno reducido como funcionaban as medidas restritivas, e esas medidas, sen ningún tipo de dúbidas pola nosa parte —non sei a que dúbidas se refire vostede—, aplicámolas noutros concellos despois diso. De feito, o 4 de novembro aplicamos ese modelo do Carballiño en 60 concellos.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesa data —o 4 de novembro— definimos, ademais, os catro niveis de restricións polos que se determinaría a situación e as limitacións de cada municipio segundo a situación epidemiolóxica. Como comprenderán, aínda que sabemos que pode dar lugar a confusións, non sería xusto para os habitantes dun concello aplicarlles as doutro concello. E por iso tamén nese momento puxemos en marcha unha páxina *web* onde os habitantes dun concello poderían ver a súa situación e entender mellor, se cabe, esas medidas.

O comité clínico estableceu unha serie de indicadores obxectivos que se utilizaron dende ese momento, como son as taxas de incidencia acumuladas a sete e catorce días, como son as taxas tamén de incidencia acumulada para maiores de 65, como é —importantísima— a porcentaxe de ocupación das UCI, ou o número de casos e as características dos brotes, e, por suposto, tamén a porcentaxe de PCR positivas —e sempre diferenciando entre concellos de máis de 10.000 habitantes e menos de 10.000 habitantes—.

É dicir, non tomamos medidas aleatoriamente. Tomamos uns parámetros concretos e sempre dentro do recomendado polo comité clínico de expertos. Esa foi a estratexia que mantivo Galicia no Nadal, exactamente esa.

No seo do Consello Interterritorial, as comunidades autónomas, a principios de decembro, decidimos entre todas o peche perimetral de todas as comunidades autónomas. Creo recordar que Galicia só estivera pechada a principios de decembro, asociados á situación do veciño Portugal. Despois desa primeira vez, Galicia sumouse a un peche perimetral con todas as comunidades autónomas. O peche perimetral buscaba fundamentalmente reducir ou evitar o turismo no Nadal, porque non se permitía o movemento agás o movemento dos achegados —excepto, por certo, nas Illas Baleares e en Canarias—.

Como vostedes tamén saben, nós cuestionamos o concepto de «achegados». De feito —e vostede sábeo persoalmente, porque o comentamos— nese consello interterritorial apuntamos a posibilidade de limitalo a dúas familias. En principio dixéronnos que si, pero despois na redacción viña dun xeito que os dez era mandatorio. Ademais, o ministerio encargouse de recordarnos que non podiamos nunca poñer unha limitación por debaixo de dez. E así o fixemos. E, despois, as restricións de movemento —que eran durante quince días— en Galicia aplicámolas sobre sete días en lugar de quince. Ademais, pedimos expresamente que esas reunións se limitaran a familiares e —como dicía— o ministerio non incorporou esta limitación.

Polo tanto, quero dicir que nos adaptamos ao que estaba establecido no ámbito nacional, e nós insistimos —e pode vostede recuperar as roldas de prensa dos comités clínicos correspondentes— en que, aínda que a pesar de que o número máximo era de dez, recomendabamos idealmente reunións con agrupacións familiares exclusivamente.

Poderiamos falar do decálogo que tamén fixemos nese momento. E tamén quero insistir en que mantivemos o peche perimetral nun total de 50 concellos no Nadal. Tamén moitos deles pasaron o Nadal con limitacións na hostalaría, co peche ata as 17.00 ou 18.00 horas, entre os que se atopaban concellos como Ferrol, Vigo, Pontevedra, Cangas ou Vilagarcía, cunha limitación de aforo do 30 % no interior e do 50 % nas terrazas, en grupos de tan só catro persoas. Incluso moitos deles pechaban a hostalaría no seu interior, como Sanxenxo, Ribeira ou Boiro.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Recórdolles que seguía —e segue vixente— o rexistro de viaxeiros, no que en Galicia se apuntaron máis de 33.000 persoas no Nadal. Isto garantía, entre o 21 de decembro e o 6 de xaneiro, unha PCR específica para aquelas persoas que viñesen de fóra da comunidade autónoma, e incluso engadimos os estudantes aínda que fosen da propia comunidade.

Polo tanto, creo que salta á vista que en Galicia tomamos no Nadal as medidas que se consideraban axustadas —de acordo co procedemento que adoptaramos, por suposto— coa situación epidemiolóxica nese momento. E tomamos sempre as medidas segundo estes parámetros dos que falamos, independentemente das cores políticas de cada un, de cada concello. É dicir, en cada momento o comité valorou a situación de cada concello e, segundo iso, fóronse tomando as decisións —e teño que dicir que sempre cuns límites, respecto da incidencia requirida para tomar medidas, inferiores a outros lugares—.

A mediados de xaneiro, dada a incidencia da enfermidade, tivemos que deixar as medidas por concellos e establecer medidas xerais, que son as que temos agora mesmo. Aínda que calquera subida do número de infectados ou un novo falecido é, por suposto, moi negativo, á hora de valorar as medidas si que podemos establecer comparacións, porque é a única forma de clarexar se as medidas que se tomaron foron axeitadas ou non.

Agora vemos como Galicia segue sendo unha das comunidades con menor porcentaxe de hospitalizados e en UCI. Aquí teño que dicirlle, señor Torrado, que o criterio de ocupación das UCI non é noso, é do Goberno. É o Goberno o que di como temos que contar a dispoñibilidade de camas de UCI. E nós e todas as comunidades autónomas cremos que o facemos igual. Nesa medida os datos que temos son eses. Se vostede me pregunta pola ocupación estrutural das UCI, pódolle dar datos sen problema, pero estamos todos a contar exactamente do mesmo xeito.

As medidas que tomamos permitiron que esa porcentaxe fose menor. Foi moito menor, ademais, que, por exemplo, na comunidade valenciana, que foi a comunidade máis restritiva nesa posibilidade que daba o Goberno e que estaba recollida no documento do Consello Interterritorial —a de aplicar peches perimetrais e non permitir a viaxe dos achegados—. Non permitiu movemento de achegados nin un só día do Nadal. Nós permitimos sete de quince. Pois creo que a situación de Valencia neste caso —e non me alegro, ¡Deus me libre!— non é mellor ca a nosa pese a que tomou esa medida tan restritiva. E repito que nós fomos, a continuación deles, os que máis restricións tomamos.

De todos son coñecidas as novas restricións impostas na nosa comunidade dende mediados de xaneiro. E, como xa dixen, non queremos ser triunfalistas pero si penso que é necesario que os cidadáns saiban —e aí agradézolle as súas palabras tamén— que todo o esforzo que fixeron non foi en van. Saber que por fin os contaxios comezan a descender constitúe, sen dúbida, unha boa nova para todos. Sobre todo, para que isto sexa un sinal de que pronto veremos que os hospitalizados —sobre todo os das UCI— e especialmente os falecidos diminúen, así como —permítanme dicilo— para ver máis preto —aínda que estea lonxe— que este virus deixe de constituír unha preocupación para todos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, di vostede que as medidas tomadas foron axustadas. Eu creo que non é probablemente a mellor cualificación. Non estiveron probablemente moi axustadas. Como lle trasladei, nós fomos, somos e seremos leais coas medidas. E se foron un erro, sentímonos parte —porque ao ser leais somos parte tamén—. Pero cremos que non foron axustadas. Non o foron. A explicación xa ten unha lectura un pouco máis interesante. Permítame entrar un pouco máis no debate.

Das cousas que foron mal dirán que foi porque «o Goberno nos obrigou» —o Goberno do Estado, e dígoo porque hoxe igual ata se discutiu este concepto—. «As cousas foron mal porque o Goberno do Estado nos obrigou, pero non estamos tan mal porque as medidas que tomamos nós foron distintas porque somos moi bos» —falando das mesmas medidas, ¡eh!—. «¡Que malas son as medidas, porque o Goberno do Estado nos obrigou!», «¡que ben nos vai en comparación, porque as medidas que tomamos nós son moi boas!»

Claro, isto é un problema de bifurcación de responsabilidades complicada. Empecemos á inversa, non empecemos a dicir se foron boas ou malas para logo concluír quen as tomou. Coidamos que hai cousas que se fixeron ben e cousas que se fixeron mal. ¿Quen as tomou? Quen as tomou que arrample co que lle pasa, para ben e para mal —para ben tamén, e para mal algunhas cousas—.

Digo isto porque, se non, estamos nunha dicotomía absurda que á cidadanía lle esta... —en fin, xa lle preocupa ben pouco porque cualifica a todos por igual, xa imos todos nese saco e non pasa nada—. Pero hai unha preocupación. E nós temos unha preocupación, que é que, mentres lle transmitimos á cidadanía que isto é por ver quen se colga a medalla —a de dicir: ¡que ben imos porque a Xunta e moi boa! ou ¡que mal imos porque o Goberno do Estado é moi malo!—, mentres estamos nesta loucura permanente, a cidadanía o que non sabe ao final é a que aterse. Non ten esa referencia, como non ten esa referencia cando lle dicimos que as UCI están ao 30 %. «Non, é que o Estado me obriga a contabilizar...» Si, quero eses datos das UCI, porque sempre está esa cousa de «se quere doulle os datos» pero que logo nunca nolos dá. Entón, si, queremos os datos das UCI completos, hoxe, agora mesmo. Non fai falta que sexan exactos se ten unha aproximación —que vostede seguro, seguro, que sabe aproximadamente cal é a porcentaxe real de ocupación das UCI—. Agora mesmo, agora mesmo paramos e preguntamos nas UCI cantas camas hai agora dispoñibles. Non as que pode haber, ou o de «se contratamos máis...». ¡Non! ¡Agora mesmo!

Non son moitas. E isto hai que contalo. E non se trata de contalo para, se hai poucas camas, entón dicir: ¡que malo é o Goberno! Non se preocupe que nese debate haberá poucas camas por culpa do Bipartito. Non se preocupe que esa non é a historia. A historia é dicirlle á xente

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que ten que seguir cumprindo, e que ten que seguir cumprindo porque estamos moi mal nos hospitais. Este é o problema, estamos mal nos hospitais. E non temos os datos porque temos o número de camas ocupadas pero non temos o número de camas totais. ¿Ou alguén sabe plenamente cales son as camas totais que existen agora no sistema? Eu podo sabelo se lle pregunto a un profesional, a alguén que traballe nun hospital, pero non é esta a maneira de conseguir a información neste país; non debe selo —lamentablemente, si o é, pero non debera selo—. ¿Cal é o volume de camas que temos nas UCI? Porque a xente debe saber que estamos no bordo, e non o desexa ninguén, e estamos convencidos de que non ocorrerá, de que pode haber xente que necesita unha cama de UCI e que non teña acceso a unha cama de UCI. Isto non nos está pasando agora, pero podemos estar moi preto de que pase. E por iso hai que transmitirlle á xente que temos un problema e que a xente ten que cumprir as medidas, porque hai xente pasándoo moi mal, porque hai profesionais pasándoo moi mal, deixando todo o que teñen e máis para que non haxa ninguén que se comporte de maneira irresponsable. Isto é o que temos que transmitir, porque hai moitísimo esforzo, tamén, por suposto, da Consellería, moitísimo esforzo en que a situación vaia a mellor, pero non podemos estar transmitindo o que non é, como tampouco podemos estar animando xa a xente a que vaian abrir todo a semana que vén, anunciando unhas medidas do Comité Clínico. E o Comité Clínico dirá: imos ver se nós o valoramos. Porque a ver se vai ser que os queren utilizar, e non creo, non o quero crer. Non vaia ser que se utilicen para as cousas malas e despois, unha semana antes de reunilo, digamos como van ser as medidas a semana que vén.

Entón, non foron axustadas as medidas. Houbo bastantes advertencias de que había que tomar outras. Non se trata de que nos pechemos todos na casa e pechemos as ventás e as persianas dende o 1 de outubro. Claro, si, podemos pasar catro meses encerrados na casa, pero creo que as consecuencias serían peores tamén en termos de saúde. Pero si ten que ver co feito de trasladarlle á cidadanía o que existe, de trasladarlle á cidadanía quen toma as decisións, de entender que as decisións ás veces son humanas e, por tanto, imperfectas —non hai ninguén con ese don de non equivocarse nunca— e de ser capaces de recoñecer as situacións, porque, se non, estamos nun debate absurdo que non leva a ningún lado.

E nós o que trasladamos, e pretendemos a través da moción, é ter capacidade de concretar quen toma as decisións, como, con base en que criterios e cal é a situación real para que ninguén poida dicir —como se dixo hoxe—, como o outro día, hai dúas semanas, que puidemos vacinar a 9.000 persoas nun día. O outro día eran 35.000 e hoxe xa eran 100.000. *(Aplausos.)* Dentro de pouco vai pasar que vai saír Feijóo na TVG e vai dicir: Non o sabedes, pero xa estades todos vacinados, grazas a min. Entón, para evitar ese tipo de cousas, imos ser capaces de facer as cousas con normalidade, que eu creo que é mellor, e trasladaremos unha mensaxe máis natural á cidadanía para que, ao final, se cumpran as medidas, para que, ao final de todo, poidamos facer as cousas canto antes o mellor posible, que seguro —e son consciente, recoñézoo— que tamén é...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...o compromiso da Consellería, que está traballando para iso con bastantes acertos tamén, pero con algún erro, que é importante sinalar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señoría. Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, eu vou seguir insistindo porque, ademais, estou totalmente convencido de que as medidas que se tomaron dende o mes de xuño foron axeitadas á situación que había en cada momento. Outra cousa son os resultados, porque eu na primeira onda descubrín —non o coñecía— o capitán a posteriori, aquel que chega e di: «isto xa o dicía eu». Evidentemente, todas as medidas teñen a súa matización, e os resultados son acordes ao que cada un espera. Pero teño que dicir que na Xunta de Galicia, no Goberno galego e en Galicia —en xeral, en Galicia, e aí teño que dicir que a súa resposta, cando temos falado das medidas, sempre foi no ton que vostede acaba de dicir agora— as medidas sempre foron axustadas á situación. E é moi importante ter uns criterios obxectivos —que Galicia os ten— de cando se abre, cando se pecha, cando se pon ao 30 %, cando ao 70 %... Todos eses parámetros están establecidos. Evidentemente, van evolucionando, porque non tiñamos o mesmo documento no mes de xuño que o que tivemos en outubro. Pero en outubro, precisamente, dende a experiencia do Carballiño, quedou bastante ben modulado, e exactamente ese documento foi o que utilizamos no Nadal.

Teño que recordar que antes do Nadal —porque parece que ao Nadal chegamos así de súpeto— puxemos medidas bastante importantes en moitos concellos, e nas sete cidades grandes —nas xa famosas *almendras*—, delimitacións. Aquelas medidas deron resultado, e a primeiros de decembro, incluso xusto ao pasar a ponte de decembro, puidemos abrir; non porque houbera que abrir polo Nadal, senón porque os datos epidemiolóxicos, novamente, apuntaban ben. Durante o Nadal houbo cidades que seguiron baixando os seus parámetros. E era moi difícil dicirlles aos alcaldes desas cidades e á poboación en xeral —se a súa cidade estaba por debaixo de 100, cando o noso indicador para a apertura a nivel básico era 100— : non, agora non abres. Porque o capitán vai vir dicir despois, a posteriori, que fixeches mal en abrir. Non. Cando estaban por debaixo de 100, abríanse, e, cando pasaban de 250, pechábanse. Iso foi o que se fixo no Nadal e o que seguramente fariamos hoxe se o Nadal non nos levara á situación que todos coñecemos, que nos obrigou a apartar por un momento ese criterio xeográfico tan cirúrxico e ir a algo máis sistémico. Porque fomos conscientes, sobre o 22 de xaneiro, que había transmisión comunitaria, e tivemos que tomar medidas transversais; medidas que tomamos no seu momento e, como digo, están a producir resultados.

Repito que solucionalas a posteriori é fácil. É fácil para min e tamén para vostede, seguramente, e para todos os galegos. Pero é certo que naquel momento a situación epidemiolóxica, que debe ser un criterio fundamental —non o único, pero moi importante—, foi o que animou o Comité Clínico a darnos esa recomendación, e a Xunta a adoptala.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu dicía —e non lle boto a culpa ao Goberno— que había un contexto no Nadal que dicía que en toda España nos podiamos reunir de 10 en 10. Nós dixemos, humildemente, que nos parecía que 10 era moito, e tamén isto é un pouco o do capitán a posteriori. Dixémolo, pero non o dicimos agora; dixémolo daquela e quedou reflectido no documento, aínda que non, como vostede sabe, como nos gustaría a nós.

E de quince días de mobilidade que podiamos facer... E con isto estoulle respondendo estritamente; non é dicir: como saíu ben ou saíu mal, non é culpa nosa. Se vostede me pregunta: ¿poderiamos ter feito máis? Si, señor Torrado. ¿Poderiamos ter feito menos? Si. Podiamos ter feito o dos quince días abertos, como tiñamos adoptado no conxunto do Estado, podiamos facer o de Valencia..., pero nós quedamos nun punto intermedio, porque a incidencia acumulada en Valencia e a de Galicia naquel momento non tiña nada que ver. A xustificación e tamén as medidas ás veces teñen que ser proporcionais. A poboación non entende que, sendo a incidencia de 200 ou de 100, lle apliquen as medidas que noutros sitios aplican en 500. Esa proporcionalidade tamén hai que explicarlla á poboación, e temos que entendela. Evidentemente, non é matemática; por desgraza, na pandemia as matemáticas ás veces non funcionan e os resultados son outros.

Falando xa de como estamos agora. Evidentemente, as UCI están mal. Sabémolo e vímolo dicindo. É máis, tanto o dicimos, que hai dúas semanas tomamos as medidas máis restritivas que están adoptadas agora mesmo en España; as máis. ¿Por que? Porque as nosas UCI están mal, e iso non o ocultamos. A ninguén lle dixemos que pechabamos porque nos parecía que había que pechar. Non, non. Pechamos porque estabamos chegando a valores de ocupación de UCI similares, naquel momento, a case o 90 % do pico máximo de marzo. Por iso tomamos medidas moi restritivas, por iso temos a hostalaría pechada, por iso pechamos os centros comerciais na fin de semana, ou por iso os comercios teñen que pechar ás 18.00 horas, porque estamos nunha situación crítica. E nunca o ocultamos, señor Torrado, sempre dixemos como estamos.

O número de camas é transparente. Nós dicimos cada día... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, señor Torrado, vostede pode ir á páxina web e ver cada día os pacientes que están na UCI. E, se quere calcular as camas, é moi fácil: se sabe a porcentaxe total —isto é faciliño—, hai que facer o número máximo de camas que temos dispoñibles... É moi fácil de facer.

Vostede pode dicirme que esas camas non son as reais. Evidentemente. Vou matizar: son as reais, son as camas que o Ministerio nos dixo que eran ata as que poderiamos chegar, e nós temos unhas limitacións. Voulle dar un dato. En Vigo temos unha UCI normal, cando non hai pandemia, de 30 camas; agora hai 29 pacientes covid en Vigo. ¿Iso que significa? Que temos adaptado outros recursos de camas de críticos para poder encaixar eses 29 pacientes e todos aqueles non covid que temos. Pero isto é de primeiro de xestión básica. ¿Que me quere dicir?, ¿que 30 é moito? ¡Claro que é moito! Por iso —repito— hai quince días puxemos as medidas máis restritivas. ¿Dime que fale doutro hospital? Podo falar doutro hospital e de moitos, pero non ocultamos nunca ese dato. Sempre dixemos que a situación das UCI era crítica.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero se me pregunta: ¿como estamos aquí respecto do resto do Estado? Estamos moito mellor, porque, coa mesma definición, todas as comunidades autónomas dicimos a porcentaxe. E nós, incluso con esa extensión —que é a mesma que fai Asturias, Illas Baleares ou Valencia—, estamos nunha porcentaxe menor. Iso é bo, permítenos ter certa folgura, permítenos tomar as medidas coa mesura coa que as temos tomado ata o de agora. Pero, evidentemente, cando se pasan certos límites, tomamos medidas, e foi o que fixemos hai quince días. E, por certo, estamos vendo os resultados estes días.

Non obstante, non quero deixar de rematar sen facer un agradecemento de forma especial a eses traballadores das UCI, que están facendo ese esforzo importantísimo, porque á súa carga de traballo habitual vénlle engadida esta carga derivada da covid, que ninguén desexa. Pero, en todo caso, insisto en que a transparencia nestes datos creo que nunca debe cuestionarse.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa nova onda de contaxios de covid-19 e a estratexia de vacinación

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Bo día.

Grazas, señor presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Comezou vostede falando na súa anterior intervención dos datos da pandemia en Galiza, e permítame comezar dun xeito similar. As cifras que nos deixa a covid no día de onte no noso país mostran que nos situamos en máis de 17.000 pacientes coa infección activa, dos cales un milleiro deles están ingresados e 240 están en coidados intensivos. Van xa 2.016 falecementos desde o comezo da pandemia aquí, en Galiza. E creo que é importante coñecer as cifras, coñecer os números absolutos, pero tamén ver máis alá; ver que detrás de cada un destes números hai persoas, hai familias e hai pacientes que están vivindo coas secuelas da enfermidade, e hai máis de 2.000 persoas que non puideron superar a enfermidade. *(Aplausos.)* Son cifras que non poden caer nunca na rutina dun parte de guerra e que é importante recoñecer como o que verdadeiramente son. Así que permítanme desde esta tribuna recordar estas persoas.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nunha situación epidemiolóxica cambiante é certo que cando se rexistrou esta iniciativa continuabamos na pendente ascendente, que parece que daquela era cando se achegaba o cumio da terceira vaga. As cifras de contaxiadas por día eran moito maiores do que son no día de hoxe, mais non por iso a situación que temos é menos preocupante. Diminúen levemente as pacientes ingresadas, mais non diminúe a cantidade de pacientes ingresadas en coidados intensivos. Son as UCI que, como se apuntaba anteriormente, levan tempo cheas. Estase contando xa desde hai moitos meses coas camas habilitadas en unidades de reanimación, do espertar, ou alá onde se puido instalar a aparataxe necesaria para crear camas de críticos. As UCI como a do Hospital Clínico de Santiago de Compostela, unha unidade que se atopa nunhas condicións lamentables, polas que as profesionais levan xa trece semanas en folga. Unha unidade que non conta en pleno 2021 con cubículos illados, o que impide, por unha parte, calquera posibilidade de intimidade para as pacientes e de benestar durante o seu ingreso, e que, pola outra, obriga as profesionais a soportar un EPI durante toda a xornada laboral. Unha unidade que, ademais, conta cun material nun estado defectuoso e calamitoso, coas árbores das que se pendura a medicación amañadas en moitos casos con esparadrapo ou con portas de armarios desencaixadas e que están a caer. E para contrarrestar, aparataxe nova que se lles proporciona cando as desborda a carga de traballo e que non saben usar por non recibir a formación axeitada para isto. Un auténtico despropósito.

E, fronte a todo isto, no anterior pleno tivemos a oportunidade de escoitar o presidente da Xunta de Galiza afirmando que Galiza era un dos lugares máis seguros de Europa fronte á pandemia. Falaba vostede anteriormente das porcentaxes, que eran aceptables. Permítame a discrepancia, as porcentaxes poden ser aceptables, pero os números absolutos son outra cousa. Collendo datos do Ministerio de Sanidade referidos ao día de onte, durante os últimos sete días, ingresaron en toda Galiza 105 pacientes nestas unidades de críticos; aproximadamente a cuarta parte de todos os ingresos destas características que se produciron no Estado español durante o mesmo período —o territorio que está inmediatamente por debaixo nesta escala é Andalucía, con 50 ingresos—.

Cando menos, eu creo que estas cifras merecen unha reflexión, sobre todo por parte dun goberno ao que tanto lle gustou compararse con medias durante toda a pandemia. *(Aplausos.)*

E, do mesmo xeito, as cifras de falecementos e a súa progresión tamén terán que ser cuestión de análise. No que vai de 2021, faleceron practicamente tantas persoas contaxiadas polo SARS-COV-2 como durante a primeira onda da pandemia. De feito, durante esta terceira vaga estamos a asistir a máis de 20 falecementos diarios; unha cifra que debera poñer os pelos de punta e prender todas as alarmas.

Toda esta pandemia, ademais, está soportada por un sistema sanitario que se atopa abafado, coas súas profesionais exhaustas e sobrepasadas, que levan un ano traballando nunhas circunstancias extremas, cunha grande carga laboral, tanto física como psicolóxica, e sen contar co apoio debido por parte da Xunta de Galiza. Profesionais como son as de atención primaria; unha atención primaria que se atopa asfixiada ao ter que soportar sobre as súas costas a atención a pacientes contaxiadas e o seu seguimento diario, a petición e a realización de probas diagnósticas a pacientes que son sospeitosas de teren contraída a infección, e unha boa parte do rastrexo dos contactos de cada unha delas; sumado todo isto á atención ordi-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

naria, que, unha vez máis, volvemos presenciar como se está demorando e como se está aprazando, non por ser menos importante, senón porque non se dá abasto.

Son profesionais que continúan, un ano máis tarde, traballando con base na atención telefónica, algo que debera ser excepcional e temporal e que, pola contra, cada día está máis afianzado por parte da Administración; profesionais que levan un ano dando o mellor de si mesmas para poder facerlle fronte a esta pandemia, tirando de imaxinación e de vontade para suplir as carencias e as deficiencias do sistema sanitario; profesionais que non dubidaron nun momento dado en sacar unha mesiña e poñela, aínda que orballaba fóra, para facer uns tests de antíxenos a pacientes sospeitosas de padeceren a covid que estaban no seu domicilio e evitar así, por unha parte, sobrecargar o covid-auto con probas de PCR, que se adentrasen nun centro sanitario moi pouco idóneo para estas circunstancias epidemiolóxicas e que puxesen en risco a outras pacientes. E, a cambio disto, estas profesionais só recibiron amoestacións e convites máis ou menos amables desde a Xerencia para retirar esa mesa pola imaxe que se estaba a dar. E falo da imaxe que se estaba a dar porque esta parece ser a liña política do Goberno: ter o mellor titular, a foto máis bonita e, como se acostuma a dicir, non permitir que a realidade poida afearlles a foto.

Cando na primavera —mencionaba antes o señor Torrado—, o Goberno da Xunta tiña que ser o primeiro en pasar todas as fases da desescalada, despois de que hoxe o señor presidente comezase a poñer enriba da mesa novamente esta palabra, vou recoller as súas palabras, señor Comesaña, para dicir que non podemos falar no día de hoxe de desescalada en ningún momento.

E indo a un dos temas que nos preocupan, a vacinación tamén tiña que facerse rápido e correndo, buscando o mellor titular, aínda que non se fixese do xeito máis eficiente e máis organizado. Como exemplo, a vacinación das profesionais sanitarias, que comezou o 13 de xaneiro, ás que se lles avisou día e medio antes. De feito, solicitóuselle á xefa de servizo unha listaxe das traballadoras de cada centro. Chegaron as citas antes de que esas listaxes foran remitidas e, coa présa de chegar para a foto bonita, esqueceuse en moitos casos atender aspectos fundamentais, como que o espazo estivera verdadeiramente ben acondicionado e que as citas estiveran ben organizadas e non que, como sucedeu nalgún lugar, as profesionais estivesen media hora nunha ringleira agardando a súa quenda no medio da súa xornada laboral.

É un plan de vacinación, ademais, que estamos comprobando que tiña os seus ocos, e no que persoas de dubidosa catadura moral aproveitaron para poñer o seu nome dentro de listaxes por riba de persoas cunha maior necesidade desta vacina, *(Aplausos.)* como alcaldesas ou conselleiras delegadas de grupos empresariais que xustifican a súa inmunización, non dubidan en facelo e que non lles treme a voz por facelo, aínda que hai persoas que a precisan moito máis do que a precisan elas.

Desde o BNG solicitamos xa con anterioridade información acerca de como se teñen previsto desenvolver as seguintes fases do Plan de vacinación. Ata o de agora falamos de fases nas que a poboación diana é facilmente localizable, ben usuarias e traballadoras das residencias, ben as traballadoras dos centros sanitarios. De calquera maneira, son persoas que se atopan todas no mesmo punto ao que pode acudir un equipo de vacinación e administrar alí todas

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as doses. ¿Como se contemplan as fases seguintes nas que as pacientes van ser ambulatorias e non van estar concentradas no mesmo lugar?, ¿ponse enriba da mesa que sexa dentro dos centros de saúde ou tense previsto outra dotación de infraestruturas? E, neste aspecto, sabendo que as vacinas teñen características loxísticas diferentes, ¿como se está a reconfigurar o plan de vacinación?

Comentou vostede no anterior pleno que para estas fases vindeiras, se era preciso, se mobilizarían as enfermeiras de atención primaria; enfermeiras, sen dúbida, amplamente capacitadas para campañas de vacinación. ¿Como se planifica esta mobilización de persoal? ¿Con cantas profesionais e con que categoría profesional se reforza a atención primaria para dar resposta a este Plan de vacinación e á presión asistencial que ten atención primaria? Díxeno antes, falamos de persoal de atención primaria que está esgotado e que leva un ano soportando unha carga laboral importantísima.

Para rematar, tamén consideramos preocupante que se poida trasladar a expectativa de que coa chegada da vacina xa se pode ver de preto o horizonte postpandémico, cando sabemos que, aínda que pode intuírse, ese horizonte está lonxe. Por iso tamén lle queremos preguntar: ¿cal é a previsión que baralla o Goberno acerca de cando se acadará a inmunización da sociedade galega?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Carreira, o pasado 27 de decembro iniciabamos a vacinación fronte ao coronavirus en Galicia e en España; un momento clave nesta pandemia para o que a nosa comunidade estaba, efectivamente, preparada. Estabamos preparados porque tiñamos elaborado un plan de vacinación no que se recollían, non só as características da vacina de Pfizer e despois a de Moderna, senón tamén a loxística, organización, rexistro, formación, aplicación, etc. O que non sabiamos para a elaboración deste plan —e dixémolo aquí— era cantas vacinas iamos ter e con que cadencia.

É un plan perfectamente deseñado, segundo o establecido pola Estratexia nacional de vacinación, que Galicia quixo seguir polo miúdo. Seguindo estritamente este plan, iniciamos a vacinación do persoal das residencias e dos seus usuarios. A continuación, os sanitarios de primeira liña, aos que xa se lles rematou onte a administración desa segunda dose, e o seguinte grupo definido pola Estratexia é o resto dos sanitarios, neste caso, persoal sociosanitario, xunto cos grandes dependentes e poboación maior de 80 anos, que empezarán nestes

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vindeiros días. Mañá, concretamente, empezan os sanitarios non de primeira liña... Perdón, hoxe mesmo empezaron.

Hai algo importante que quero destacar, que é que por moito que vostedes me pregunten aquí no Parlamento, ou por moito que nos empeñemos dende a Consellería de Sanidade, non podemos avanzar máis se o ritmo de chegada de doses non aumenta. Ou, dito doutro modo, adaptámonos ás vacinas que temos, e aínda que quixeramos vacinar as 24 horas, como vostedes dixeron nalgún momento, se non temos vacinas, é imposible.

Polo momento, primeiro foron 12.870 doses, despois 21.060, este luns 19.890, neste caso de Pfizer; de Moderna recibimos 4.500 doses. E, como tamén saben vostedes, dende o luns, 11.100 de AstraZeneca.

Ata que as vacinas cheguen a un ritmo constante e axeitado ao grupo de poboación que precisamos vacinar, está claro que non podemos avanzar ao ritmo desexado por todos; por todos nós, porque aquí penso que non debería haber diferenzas. Seguramente a vostedes e a nós nos gustaría poder avanzar o máis rápido posible.

A vacinación, sen dúbida, axudará a que a terceira onda, como a que estamos vivindo, non se repita. Reduciremos mortes, que é o máis importante, e tamén diminuiremos a presión asistencial dos hospitais. Por suposto, teño que sumarme ás súas palabras —e xa o dixen na primeira intervención— nese recoñecemento aos familiares e achegados desas 2.016 vítimas; dende logo, esa é a nosa máxima preocupación. Ademais dos profesionais, unha das persoas máis interesadas en que isto non volva suceder é o conselleiro de Sanidade.

A terceira onda sobrepasou os picos de case todos os parámetros da pandemia. Por desgraza, o número de hospitalizados, tanto en planta como en UCI, chegou a ser máis que todo o ano pasado, como xa diciamos anteriormente. Sen embargo, o que se demostrou é que avanzamos no tratamento que se lles dá aos pacientes. De feito, as hospitalizacións son máis longas, pero salvamos moitas máis vidas, aínda que lamentamos, por suposto, cada un dos falecementos.

Por iso non podemos esquecernos, como vostede ben dicía, de todos os falecidos e de todas as familias que tiveron que sufrir a perda dun familiar nun momento no que nin sequera a despedida podía resultar un consolo. Pero tampouco podemos olvidar o esforzo dos profesionais do ámbito sanitario galego, que permitiron e permiten salvar as vidas de moitos galegos. A vacinación, nese caso, constátase como principal aliado dos sanitarios. Ata o momento, no desenvolvemento do Plan de vacinación, non constituíu un problema en canto á convivencia coa terceira onda —que era o que vostede preguntaba—, máis alá de que en moitos casos a presenza dun gromo nos impedira acabar de vacinar unha residencia nun momento determinado. Pero en todos os casos nos que por ausencia da persoa da residencia por un gromo ou ben pola chegada de novos residentes, como tamén supoño que saben, eses residentes incorpóranse.

En Galicia tomamos a decisión de contar coas enfermeiras de atención primaria, efectivamente. Cremos —e dixémolo dende o primeiro momento— que é a principal aposta para a

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

campaña de vacinación, porque levan moito tempo vacinando. Este ano mesmo vacinaron 840.000 persoas da gripe. As nosas maiores expertas en vacinación son as enfermeiras de atención primaria. E, sendo conscientes diso, demos un paso que xa contamos aquí, que xa o contei eu no Parlamento, que o contou a directora xeral de Saúde Pública e que o volveremos contar as veces que sexa necesario: deuse o paso de pedir voluntarias entre as enfermeiras de atención primaria e localizamos a 200 enfermeiras que deron ese paso. A esas enfermeiras formámolas, démoslle o material necesario e, o máis importante ou tan importante, é que as substituímos, xa que contratamos a 200 enfermeiras para ocupar os postos destas enfermeiras que deron o paso adiante para que, polo tanto, a actividade asistencial ordinaria dos centros de atención primaria non se vira afectada, como así foi.

Polo tanto, isto foi un incremento do 10 % do persoal de atención primaria en enfermaría, que está feito xa dende antes do 27 de decembro, momento no que empezou a campaña. Cremos, ademais, que foi unha decisión boa, xa que deste xeito contamos cos mellores profesionais para este proceso de vacinación, diferente a todos os que tiñamos visto ata o momento, e os centros de saúde poden continuar traballando como viñan facendo ata o de agora.

Respecto do tema das mesiñas e dos postos fóra, a foto mala non é esa; a foto mala é a xente esperando fóra do centro de saúde. Nós levamos tempo dicindo que os centros de saúde son centros seguros, temos mecanismos para que os pacientes poidan entrar no centro de saúde, estamos insistindo na atención presencial cando é preciso, e cremos que iso vai mudando. Temos vacinado como primeira liña a todos os profesionais de atención primaria, aos 9.150 profesionais: PSX, enfermeiras, médicos... Todo o mundo está vacinado, porque precisamente cremos que é importante esta vacinación. E nós insistimos en que os centros de saúde teñen estrutura e requisitos para poder recibir a un paciente que ten cita e, por suposto, para poder facer un test de antíxenos, pero non na rúa, que é o que dicimos aos profesionais de atención primaria e aos do hospital. Pensamos que ese non é o lugar máis axeitado. Niso imos seguir insistindo: o sitio para facer un test de antíxenos non é a rúa, debaixo dunha carpa ou nunha mesiña. Aí teño que discrepar con vostede. *(Aplausos.)*

Para os seguintes grupos de vacinación polos que vostede preguntaba, contouse e contarase, evidentemente, coas enfermeiras de medicina preventiva e saúde laboral, que son as que teñen feito a vacinación, por exemplo, dos profesionais de primeira liña, e que están a facer agora mesmo a vacinación da segunda liña. E tamén, por suposto, contamos coas 2.000 enfermeiras de atención primaria, se fose necesario, polo volume de doses recibidas.

Por iso, a Xunta de Galicia deseñou esa formación, que se iniciou o 22 de decembro, na que levan participado máis de 13.800 profesionais e que serve de repositorio para dispoñer de materiais permanentemente. Está en constante actualización, por exemplo, coa información das novas vacinas dispoñibles e coa actualización da Estratexia nacional de vacinación. Ademais, organizamos un *webinar*. Primeiro, un específico para profesionais que forman parte dos equipos de vacinación, e outro xa aberto, dispoñible en *YouTube,* que leva máis xa de 21.300 descargas. Tamén se elaboraron vídeos explicativos de preguntas e ata tutoriais de reconstrución de vacinas —66 en total—, aos que pode acceder toda a poboación.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto ás doses que chegan a Galicia, nós descoñeciamos ata o de agora cal era o criterio empregado para a repartición das doses, por moito que outras persoas se cansaran de repetilo. Se o coñecera, non o tería preguntado nos últimos catro consellos interterritoriais, nos que, ademais, solicitei que a Galicia se nos subministraran as doses correspondentes por poboación diana. Temos o 8,3 % da poboación maior de 80 anos, por iso eximos que se nos garantan en Galicia o 8,3 % das vacinas destinadas a este grupo. Parece que a nova ministra tivo consideración suficiente como para axustar e entender a nosa petición, e parece que as previsións a partir de principios de marzo si que van responder a ese 8,2 %.

Nós dispoñemos de toda a infraestrutura e recursos humanos necesarios, pero, polo momento, aínda non somos milagreiros, polo que non podemos avanzar na vacinación ao ritmo desexado por todos, mentres esas vacinas non cheguen dese xeito.

Galicia conta, ademais, como anunciamos ao comezo do proceso de vacinación, cunha reserva estratéxica que varía segundo as necesidades para poder atallar nos momentos que recibimos un menor número de vacinas —como xa pasou por dúas veces neste curto período— e, por suposto, poder garantir a administración da segunda dose.

Onte rematabamos a vacinación nas residencias e tamén para os sanitarios de primeira liña, e hoxe, como dicía, comezamos a vacinar o persoal sanitario de primeira liña e que, por circunstancias como as IT ou por permisos, non se puidera incorporar; e entre mañá e o vindeiro domingo 21 comezamos coa primeira dose dos sanitarios que non son de primeira liña, así como dos traballadores dos servizos de axuda no fogar, que, como vostedes ben saben, co cambio do pasado venres na vacina de AstraZeneca, só orientada a menores de 55, imos utilizalo en paralelo.

Estes grupos, os de servizos de axuda no fogar, van ser vacinados nos hospitais e, a partir do luns 22, imos vacinar os maiores de 80 anos e os grandes dependentes, que si se vacinarán nos centros de atención primaria, porque, como dicía, cremos que os centros de atención primaria son os lugares axeitados para vacinar por proximidade. Temos máis dun, nalgún caso, por cada concello, e parécenos o sitio axeitado para facer esa vacinación, neste caso, aos maiores de 80 anos.

A nosa capacidade —e aquí vou facer unha referencia ao que dicía o señor Torrado anteriormente—, efectivamente, son as 2.000 enfermeiras de atención primaria, máis as 200 enfermeiras adicionais que temos reforzado, que son 2.200. A 45 vacinas por día, sáenos un total de case 100.000 vacinas diarias, e iso, con 2,5 millóns, é fácil facer a conta. Sáenos ben, señor Torrado. É o que facemos sempre dende que tomamos esa decisión das 200 enfermeiras e das 2.000 de atención primaria. Loxicamente, se as enfermeiras de atención primaria se dedican a vacinar todo o día, haberá que ver que se fai coa actividade doutros colectivos. Pero temos algo máis que enfermeiras de atención primaria nos centros de saúde. E tamén está todo o reforzo da atención hospitalaria. Estou seguro de que, se se dera esa circunstancia e tiveramos 100.000 vacinas diarias, non teñan vostedes dúbida de que, cos recursos sanitarios e cos que fixeran falta, as esgotariamos todas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Permítame, antes de nada, comentar, sen ánimo de acritude, nin de crear unha polémica, que o plan si que ten algunhas fisuras e que existen profesionais sanitarios que realizan gardas nas plantas covid, que as realizaron durante todo o mes de xaneiro e o que vai de febreiro e que aínda hoxe recibiron a súa primeira dose. Entón, eu entendo que os grupos estaban ben priorizados, mais si que cómpre facer unha reflexión, cando menos a posteriori, de se se puideron coar ou cometer algúns erros a respecto disto.

Para continuar, súmome a ese recoñecemento ás profesionais que deron un paso á fronte cando se lles pediu a voluntariedade para formar os equipos de vacinación; profesionais que, ademais, en moitos casos, son enfermeiras eventuais que encadean contratos de curta duración e que, ao contrario do trato que se lles dá desde a Administración, desde o Sergas, elas si que non dubidaron en corresponder do xeito axeitado. *(Aplausos.)* E, por iso, permítame incidir: ¿están cubertas todas as prazas destas 200 enfermeiras no día de hoxe? No entanto, como xa dicía antes, aínda que hai un horizonte que podemos vislumbrar coa chegada da vacina, falta moito para chegar. O problema é que agora temos que chegar ata el coas mellores condicións posibles.

Eu pregunto: ¿como está a considerar a Xunta de Galiza a protección dos profesionais sanitarios? E explícolle o porqué. Temos constancia de que hai centros sanitarios onde non se están a dar as máscaras FFP2, ou que, se se dan, é nunha cantidade moito menor ao que estaba estipulado. A explicación que se lles deu as traballadoras desde as xerencias é que o aplicativo informático non permite solicitar máis. O cal non deixa de ser curioso, interesante ou peculiar, tendo en conta que é a propia xerencia a que estipula cal é ese número máximo que se pode pedir. Entón, ¿por que as xerencias están marcando unha menor cantidade de máscaras FFP2 da que se debera? ¿Por que se cambian os criterios e se pasa a dar, por exemplo, para as profesionais do PAC que realizan quendas, nalgúns casos, de sete ou oito horas, pero noutros son de 17 ou de 24 horas, unha única máscara FFP2?

A relaxación nas medidas de prevención pode traernos tamén sucesos da man como o que sae hoxe na prensa a respecto da residencia de Larouco; unha residencia onde todos os seus residentes ou usuarias recibiran as dúas doses de vacinación, pero temos catro casos de covid. Entón, creo que é importante non caer na relaxación, tanto por parte da Administración como tamén por parte da poboación, de asumir que xa está todo logrado, porque si que falta moito para logralo.

E a respecto da anécdota da mesiña, se quere, despois, dialogamos máis en profundidade sobre ela. Era unha mesa, tal e como a deseñaron as profesionais... Tiveron en conta que,

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aínda que os centros sanitarios son espazos seguros, o centro sanitario en cuestión era un centro cunha alta demanda, cunha alta asistencia de pacientes, e por iso se puxeron fóra a realizar os tests, dentro dos coches dos propios pacientes, dun xeito similar a como funcionan os autocovid. Entón, tamén cremos que non recoñecer a súa capacidade de antepoñerse e de sobrepoñerse a unhas circunstancias que non están sendo óptimas e, pola contra, que reciban amoestacións, é un pouco unha mala xestión, un mal xeito de agradecerlles o seu traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Carreira, é evidente, cando se plantexa un proceso de vacinación do número de persoas que se vacinaron en Galicia neste pouco tempo —falamos de máis de 50.000 persoas, entre os 22.000 residentes dispersos en 566 centros—, que parece que é fácil ir a residencias e que o complicado é ir aos centros de saúde. Non, o complicado é ir a residencias, ter alí os residentes preparados e intentar facelo no menor tempo posible. Neses 22.000 residentes, 17.000 traballadores de residencias sociosanitarias, dende pinches de cociña ata os coidadores específicos de residencias, 21.000 traballadores sanitarios de primeira liña, en todo ese grupo de persoas é fácil que haxa algún erro, e, de feito, xa pedimos desculpas por algúns específicos; dende logo, non imos pedir desculpas por outros que non son erros. E vou matizar. Non foi un erro vacinar os administrativos en Pontevedra. Os administrativos de atención primaria, por exemplo, vacináronse, e ben vacinados están, e os administrativos da UCI ou das urxencias do Hospital de Pontevedra ben vacinados están. Quero dicir que, nese sentido, cremos que se fixo ben esa vacinación inclusiva.

Evidentemente, o criterio que se estableceu para facer a vacinación de primeira liña, como expliquei neste Parlamento hai unhas semanas, era de xeito gráfico o seguinte: a todos os que estaban detrás dunha porta que poñía «Covid, non pasar», vacinábanos. Se algunha persoa non estaba detrás desa unidade, aínda que de xeito puntual entrara nesas unidades a facer unha interconsulta, iso non se consideraba primeira liña. Porque se os que fan gardas nun servizo médico porque foron un día á planta covid son primeira liña, estupendo, nós estariamos encantados de poder facelo, pero nós temos estas vacinas e hai estas persoas para a primeira liña, co cal, adaptámonos a un criterio estrito. E un traballador dunha planta de cardioloxía, por exemplo, que vai de xeito puntual a unha unidade covid, se non traballa na unidade de covid, non é primeira liña. É discutible, pero ese foi o criterio que adoptamos e, basicamente, foi o que se seguiu.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En todo caso, tamén é certo que dende o 13 de xaneiro, que comezou a vacinación, ata o día hoxe, hai unidades que non eran covid e que tivemos que facelas covid. Co cal, somos conscientes de que algunha xente non estaba nesa primeira clasificación como primeira liña e que houbo que mudar ese criterio, por iso onte se incorporaron todas esas persoas que estaban nesa situación transitoria, digamos.

Vostede pregúntame se todas as prazas están cubertas. Esa é a instrución que demos e cremos que, maioritariamente, si. Todas as prazas de enfermeiras que deron ese paso e forman parte dos equipos covid están substituídas. Se non é así, teriamos que velo, pero esa é a idea, e basicamente é así.

Respecto da protección dos sanitarios, eu creo que o acabo de dicir agora mesmo e que o levo dicindo nestas últimas intervencións: non hai ningunha dúbida. A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia priorizou a seguridade dos sanitarios... Bueno, antes que os sanitarios, priorizou a seguridade dos residentes das residencias sociosanitarias, e por iso puxo esforzo en vacinalos en primeiro lugar, e sen vacinar a ninguén máis. Os únicos sanitarios que se vacinaron nesas primeiras semanas foron os equipos de vacinación; os demais non se vacinaron. A priorización foi as residencias. Unha vez rematadas as residencias, entre a primeira e a segunda dose, fixemos os sanitarios. ¿A quen? Os de primeira liña que xa temos comentado e toda a atención primaria, volvo insistir nisto.

Polo tanto, o maior compromiso coa seguridade de atención primaria é a vacinación decidida e o xeito no que se fixo. Por certo, non escoitei ningunha crítica de ningún centro de atención primaria respecto da vacinación. Algunha cousa seguro que houbo, porque temos moitos centros de atención primaria e vacináronse 9.150 profesionais, pero non chegou ningunha crítica, nin sequera vostede puido dicir algo da atención primaria, máis alá dunha cola esperando sitio.

E respecto do punto de vacinación, eu creo que o punto de vacinación non require ser unha sala covid, de momento, para vacinar. Hai que ter distancia, como se fai coas probas... Polo tanto, insisto en que as medidas de seguridade son todas as que se poden pór.

Nós adoptamos, ademais, hai pouco tempo —tamén o saben— a decisión de que todo aquel que ten atención directa aos pacientes no ámbito sanitario terá acceso a unha mascarilla FFP2. E temos mascarillas suficientes, tanto nas xerencias como na central de Negreira, para subministrar todas as máscaras que nos soliciten. Non hai ningún problema por iso. Polo tanto, será unha cuestión de subministración que haberá que revisar, pero non hai ningunha instrución, por suposto, e ao revés, toda protección aos sanitarios.

Falaba vostede do caso de Larouco. Xa sabemos, por desgraza, que aínda que os residentes estean vacinados, a vacina non é infalible. Fálase, por unha banda, de porcentaxe de eficacia, que, como sabemos, aínda que é moi alta, non chega ao cen por cento; e logo, aínda nesa eficacia, os contaxios non se poden evitar. Por iso, nós seguimos facendo todas as semanas, os luns, un cribado con antíxenos e os xoves un cribado cos tests de saliva en PCR.. Iso permítenos detectar os gromos canto antes e facer illamento.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha cousa que si que é certa —estámolo notando, e faremos os estudos obxectivos correspondentes—, e é que esta decisión de priorizar as residencias sociosanitarias está a provocar —como era de esperar, pero algún podería ter dúbidas— unha diminución dos contaxios nas residencias, nos ingresos e na gravidade, cousa da que nos alegramos enormemente e que confirma que as vacinas funcionan. Por iso imos seguir nesa aposta. Despois, se quere, falamos, entón, da Mesa.

En todo caso, si quero insistir en que nós apostamos pola atención primaria. Démoslle ferramentas dende o primeiro momento de acceso á información, de petición de probas PCR —falaba antes desas doce horas de resposta media que tivemos no mes de xuño—, seguimos dando acceso a probas para facer no covid-auto, e tamén tests de antíxenos nos centros de atención primaria. Evidentemente, digo eu que a innovación na forma de facer probas é totalmente benvida, pero tamén hai que ter un mínimo de coidado coa xente para que non esperen na porta dos centros de saúde. Niso imos seguir insistindo porque, ademais, cremos que podemos facelo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión co punto 7 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesaria recuperación do diálogo social coa Unidade de Policía Adscrita

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

As nosas forzas e corpos de seguridade están integradas por un extraordinario equipo humano, homes e mulleres cuxa profesión é sinónimo de vocación de servir a unha sociedade democrática para facer fronte aos nosos dereitos e ás novas liberdades. Este labor é tamén sinónimo dun compromiso, que os levan en non poucas ocasións a levar por diante a súa seguridade e a súa saúde, incluso a poñer en risco a súa vida para facer efectivas as nosas.

Dende o inicio desta pandemia, exercen un papel fundamental. Os corpos e forzas de seguridade veñen desenvolvendo na nosa comunidade un labor imprescindible mantendo a orde, garantindo a seguridade dos galegos e galegas, velando polo cumprimento das normas sanitarias. E todo isto fano complementándoo cun labor humanitario en hospitais, centros de maiores, domicilios de persoas que viven soas; en definitiva, axudando sempre que foron

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

requiridos ou requiridas. Pero, sorprendentemente, todo este labor non está a ser considerado polo Goberno da Xunta de Galicia, que, dende hai uns meses, cae en continuos desprezos, cuestionando esta profesionalidade e incluso negándose a recibilos e a atender as súas demandas, como acontece no caso da Policía Adscrita.

Queixábase o señor Feijóo de non ter ao seu mando dispositivos de seguridade. E os que ten non os recibe. A actitude que está a ter o Goberno da Xunta de Galicia cos representantes da Policía Autonómica é dun total desprezo. Como dicía, négase a recibilos, non atende os seus requirimentos e ignora as peticións lexítimas que estes están a efectuar. A Xunta de Galicia despreza as organizacións sindicais que representan a maioría dos funcionarios e funcionarias da Policía Adscrita. Dende o mes de xaneiro do 2020 ata hoxe, tras moitas peticións de reunión mediante solicitude por rexistro, e incluso publicamente, unicamente os recibiu o director xeral de Interior unha vez, e para intentar lavar a cara. Si, falo dun lavado de cara para cumprir o trámite, porque o único que lles transmitiu nesa reunión foi que el non tiña capacidade económica de decisión ningunha, que é o mesmo que non dicir nada. Pero serviulle para vender na prensa que si os recibira.

Señor Rueda, ¿onde está vostede, que está á fronte da Consellería de Interior e polo tanto é a máxima autoridade autonómica nesta área? ¿Por que está a mostrar ese claro desprezo e discriminación cara á nosa policía autonómica?

Éncheselle a boca ao Partido Popular cando exixen ao Goberno central máis efectivos, cando publicitan a seguridade do Camiño neste Xacobeo ou o plan de reforzo na seguridade das vítimas de violencia de xénero. Pero logo ningunean os profesionais que teñen que executar estes plans, que son os funcionarios da Policía Autonómica. E o peor é que ignoran as súas reivindicacións.

Son reivindicacións tan xustas como a necesidade de chalecos antibalas individuais —para o caso de actuacións en materia de violencia de xénero, porque todos sabemos a violencia coa que poden actuar algúns maltratadores—; ou incluso unha maior transparencia, reclaman máis transparencia na gratificación por servizos ordinarios e pídenlle á Xunta uns criterios obxectivos e non a mera imposición e o amiguismo, como se está a facer ata agora.

Hai uns meses tivemos un claro exemplo deses amiguismos coa proposición por parte da Xunta de Galicia... *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Castro.

Vostede fai esta pregunta, que evidentemente é unha pregunta de encargo. Un sindicato encárgalle que faga esta pregunta, e vostede faina. E, claro, ese encargo impídelle ver cales

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

son realmente os problemas aos que se enfronta a Unidade de Policía Adscrita e cales poderían ser as solucións —que están na súa man—. Polo tanto, o primeiro que lle vou pedir é que non confunda o prestixio da Unidade da Policía Adscrita. Respecto dos seus membros vostede di, primeiro, que son moi bos, pero despois di que son un desastre por culpa da Xunta de Galicia. Non confunda o problema que pode ter algún representante sindical cos problemas que ten a unidade. Os problemas que ten a Unidade de Policía Adscrita son moito máis serios, señora Castro, e non teñen nada que ver con que se eu me reúno cun representante sindical ou me deixo de reunir con outros. Os representantes sindicais reúnense tanto co comisario como co director xeral como comigo; polo tanto, por aí non hai ningún problema. Supoño que vostede non me quererá organizar a min a miña axenda, con quen me reúno e con quen non.

Polo tanto, como supoño que a pregunta non irá por aí, vamos centrala no que realmente importa na miña opinión e, por certo, na opinión da inmensa maioría dos profesionais que forman a Unidade da Policía Adscrita.

Mire, señora Castro, o problema da unidade é que está perdendo efectivos continuamente. Levamos moito tempo reclamando —xa co anterior goberno tamén, ¡eh!, o do presidente Rajoy, e por suposto con este goberno—. Eu escribinlle ao señor Marlasca en canto foi nomeado ministro de Interior e díxenlle que tiñamos un problema serio que non fixo senón acrecentarse durante todo este tempo. Obtiven unha resposta —que eu agradecín no seu momento— e dicía que se ía encargar do tema e que xa me diría algo. Dous anos despois non sabemos absolutamente nada. Sabemos a realidade, que é que seguen baixando os efectivos da Policía Adscrita, e sabemos que non temos ningunha noticia de se se van reforzar os efectivos de cara ao Xacobeo. Vostede, por certo —o seu grupo—, votou en contra dunha iniciativa para que se reforzaran precisamente as consignacións do Ministerio do Interior para atender a seguridade no Xacobeo tamén a través da Unidade de Policía Adscrita. *(Murmurios.)*

Non sabemos nada de se se vai poñer —como estamos pedindo— unha comisaria conxunta da Unidade Adscrita e da Policía Nacional no monte do Gozo; non sabemos por que non hai ningún representante da Policía Nacional no centro do 112 da Estrada; non sabemos por que se negou o Ministerio de Interior a que lles fixeramos PCR aos membros da Policía Nacional que non son unidade de Policía Adscrita, díxonos que non —á Garda Civil, si, pero á Policía Nacional, nada—; non sabemos por que os chalecos que son de uso colectivo —que os estamos subministrando nós— xa están subministrados e, en cambio, dos de uso individual —que é cuestión do Ministerio do Interior— non sabemos absolutamente nada.

En definitiva, non sabemos nada do que realmente importa na Policía Adscrita, pero sabemos que a vostede iso non lle importa nada. Impórtalle que un representante concreto dun sindicato non sexa recibido. Eses son todos os problemas que para vostedes ten a Unidade de Policía Adscrita. Por desgraza teñen moitos máis, e teñen que ver, sobre todo, coa perda de efectivos. Pero iso a vostede dálle igual.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Non distraia o tema, porque ese non era. Eu o que lle preguntaba era por que non recupera o diálogo social cos representantes sindicais da Policía Adscrita. Porque a forma de actuar de vostede coa policía autonómica é dun nivel de amiguismo que rompe o decoro. É que suspende en primeiro de democracia. E si é verdade, si é verdade que se reúne. Pero co único representante sindical co que vostede se reúne da Policía Adscrita é co que vai na lista do Partido Popular ao Concello de Pontevedra. *(Aplausos.)* ¡É co único co que vostede se reuniu! E representa o sindicato minoritario, non é o sindicato maioritario.

Polo tanto, amizade, seguidismo e ausencia de respostas é o que están a facer. E eles si que lle piden máis chalecos individuais para poder levar a cabo o seu traballo, como están facendo noutras comunidades autónomas. Vostedes non llo pediron ao Goberno central, non minta, señor Rueda.

Pídolle transparencia. ¿Comprométese aquí agora a actuar con transparencia e atender a criterios obxectivos no próximo concurso de méritos?

Mire, a actitude de desprezo da que eu falo non só se limita á actitude de vostede coa Policía Adscrita, senón que a actitude do presidente da Xunta ultimamente é kafkiana. O desprezo que ten cara aos corpos e forzas de seguridade do Estado cuestiona a súa actitude, cuestiona que estean facendo cumprir as normas de seguridade sanitaria. Vostede nin os escoita nin conta con eles, e aínda por riba o presidente da Xunta cae en continuos desprezos cara á actitude da policía.

Por favor, cambien a actitude porque están a garantir a nosa seguridade e están a facer un labor encomiable; sobre todo, neste momento de pandemia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Peche da pregunta polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Si, señora Castro, cando lle fagan un encargo para traer unha pregunta aquí, que lle dean ben os datos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.),* que lle dean ben os datos. Vostede fala do sindicato maioritario. Para min non é o tema, sinceramente, pero, xa que vostede o trata, entérese ben das porcentaxes de afiliación que hai na unidade de Policía Adscrita. Entón ao mellor daría os datos ben, porque vostede deu un dato que non ten nada que ver. Ao mellor enganárona, ao mellor non lle quixeron contar o que hai para que vostede fixera aquí esta pregunta —que xa sei que non é o tema o que eu lle respondín—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei que non é o tema, efectiva-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mente. O tema é que a Unidade de Policía Adscrita, que fai un magnífico servizo e cumpre perfectamente os seus cometidos, cada día pode facelo un pouco menos ben porque está perdendo efectivos. Este é o gran tema, isto é o que nos tiña que ocupar a todos, e máis nun ano como o Xacobeo.

A vostede iso dálle igual. Se o traemos aquí e o pedimos, vostede vota en contra porque non se pode facer ningunha votación a favor de pedirlle ao Goberno central o que realmente ten que facer, non vaia ser que se moleste. É así con todo.

Hai cousas que son moi importantes e hai cousas que son fundamentais. Esta é fundamental, necesitamos completar os efectivos. Xa sei que a vostede iso lle dá igual, votou en contra vostede e o seu grupo de algo tan elemental. Xa me dirá que explicación ten negarse a que nos completen a Unidade de Policía Adscrita, negarse a que esas magníficas funcións das que vostede fala na súa parte expositiva despois se poidan cumprir como hai que cumprilas porque cada vez teñen menos xente para poder facelo.

Isto é o fundamental, e a partir de aí hai outras moitas consecuencias que xa lle dixen: o tema dos chalecos, o tema das sedes, o tema dos complementos salariais, todo iso. Todo o que depende da Xunta de Galicia estase cumprindo. Todo o que depende do Ministerio do Interior non se está cumprindo. *(Murmurios.)*

Pero isto é o que falamos sempre cos representantes sindicais cando nos reunimos con eles. Claro, hai algún que ao mellor está molesto porque non é a miña axenda como a el lle gustaría que fose. Pero creo que isto non é o tema, sinceramente. Vostede, por suposto, pode traer aquí o que faga falta, o que estime oportuno, e eu téñolle que responder. Pero se quere falar de prioridades, fale de prioridades de verdade. O demais son encargos que non merecen máis tempo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Ramón Fernández Alfonzo e Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación das Pontes en relación co peche da central térmica

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde.

Obrigado, señor presidente.

O BNG trae novamente ao Pleno unha pregunta relativa á situación das Pontes. Malia non contestar vostede ás nosas preguntas nas anteriores ocasións máis que con vaguidades, como que está cos traballadores ou a favor dos biocombustíbeis sen máis detalle, insistiremos na nosa demanda de respostas e de concreción sobre os plans e as actuacións da Xunta para resolver a crise industrial provocada polo peche da térmica, se é que ten algún plan.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Di vostede que está cos traballadores. ¿Que está a facer para evitar os traslados do persoal de Endesa? ¿Que está a facer para evitar os despedimentos do persoal da industria auxiliar? ¿Que está a facer respecto dos transportistas?

Di vostede que está a favor dos biocombustíbeis, pero iso así, sen máis detalle, é como estar a favor da paz no mundo. Un proxecto así precisa de concretarse e cuantificarse. ¿Que plan ou que expectativas manexa a Xunta de Galiza respecto dos biocombustíbeis? ¿Cantos grupos podería manter en funcionamento? ¿Funcionarían permanentemente ou eventualmente? ¿Como ten previsto alimentar a instalación?, ¿con lamas das explotacións gandeiras galegas?, ¿con lamas das depuradoras das cidades?, ¿traerían as lamas de fóra de Galiza? ¿Que prezo do quilovatio estiman para poder entrar no sistema? E no hipotético caso —aínda que probable— de que Endesa decida que queimar biocombustíbeis non é o seu negocio, ¿poden vostedes obrigar a Endesa a realizar esa actividade? ¿Teñen vostedes unha alternativa para ese escenario?

Nós, señor vicepresidente, tememos que o proxecto dos biocombustíbeis, no mellor dos casos, non sexa máis ca unha solución parcial que non compense o peche dos grupos da térmica, por iso nos parece razoable contar con alternativas. E, sobre todo, parécenos unha obriga do Goberno galego implicarse nunha crise que non só afecta o emprego dunha vila ou dunha comarca, senón o modelo enerxético dun país.

Parécenos razoable nesta situación impulsar dunha vez por todas o convenio de transición, que noutros territorios, como Asturias ou Aragón, xa está en marcha —e xa contan con investimentos orzados—.

Parece razoable neste contexto de transición enerxética apostar decididamente pola tecnoloxía, sobre todo por aquelas que sabemos que van ser críticas e que poden servir de impulso, de incentivo ou complemento para atraer outros proxectos industriais —de aí a proposta do BNG de constituír un centro tecnolóxico para I+D+i sobre almacenamento de enerxía na vila das Pontes, que é unha proposta, por certo, que vai na liña do que di o documento da estratexia do almacenamento que manexa o Ministerio e que vén sendo rexeitada polo Partido Popular—.

En definitiva, señor vicepresidente, cuantifique o proxecto dos biocombustíbeis para saber do que estamos a falar, explique que outras alternativas manexa a Xunta de Galiza e por que está en contra do centro tecnolóxico para as Pontes.

Máis nada, obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Resposta do señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Fernández, o Bloque Nacionalista Galego lamentablemente non é un mero espectador do que está a acontecer na central das Pontes. E a verdade é que me sorprende a súa intervención, porque parece que vostede vén aquí a facer de cronista cando en realidade son cooperadores necesarios, xunto con Endesa, da situación que lamentablemente está a atravesar hoxe a central das Pontes e que, polo tanto, pode poñer en risco a súa continuidade. Vostedes —recórdollo— son socios de goberno de Pedro Sánchez, e, polo tanto, as consecuencias negativas que teña para Galicia o modelo de transición do Estado non teña ningunha dúbida de que veñen co aval do Bloque Nacionalista Galego.

Recórdolle, señoría, que grazas á intervención da Xunta de Galicia conseguimos que Endesa aprobase no ano 2016 un investimento de 217 millóns de euros para reformar esta central e adaptala á nova directiva de emisións da Unión Europea —en contra do criterio do BNG—. Recórdolle que grazas á intervención da Xunta de Galicia conseguimos o compromiso do Ministerio de Transición para poder traballar no desenvolvemento de probas para ver se era viable ou non o uso de combustible —en contra do criterio do BNG—. Recórdolle que grazas á intervención da Xunta de Galicia conseguimos que Endesa rectificase e admitise que o uso de biocombustibles na central das Pontes é viable dende o punto de vista técnico e é viable dende o punto de vista medioambiental —en contra do criterio do BNG—. E recórdolle que nestes momentos estamos traballando conxuntamente a Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Concello das Pontes precisamente para buscar a viabilidade económica da continuidade da central e que, polo tanto, poidamos garantir a continuidade industrial, señor Fernández, a continuidade industrial —en contra, unha vez máis, do criterio do BNG—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Polo tanto, señorías, a pregunta é: ¿onde está o BNG?, ¿onde está o BNG? Seguramente o BNG está ao lado dos que defenden o anuncio do peche da central das Pontes e agora veñen aquí intentar ser cronistas.

Pero, mire, señor Fernández, nós imos seguir traballando para garantir a continuidade da planta das Pontes, imos seguir traballando para que a industria auxiliar teña continuidade no seu desenvolvemento e imos seguir traballando para que os transportistas poidan continuar o seu traballo, e iso en contra do criterio do BNG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente segundo.

Réplica do señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Señor vicepresidente, a súa falta de concreción, os seus balóns fóra e a súa teima en interrogar a oposición no canto de cumprir coa súa obriga de dación de contas delatan a ausencia total do seu departamento nesta grave crise industrial. As súas respostas son sempre iguais. É certo que non faltan tampouco as boas palabras, o que faltan son proxectos e cartos, proxectos con asignación orzamentaria. Iso é o que mide o grao de compromiso dunha administración cun obxectivo determinado. Pero vostede prefire vivir fóra de xogo. Vostede e o seu goberno estanse colocando na máis absoluta irrelevancia

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en todo o que ten que ver coa industria neste país, e fano por vontade propia. É a política de non molestar.

Señor vicepresidente, exerza as súas competencias, comprométase cunha solución para As Pontes que a manteña vinculada ao sector enerxético, impulse o convenio de transición, cuantifique e concrete o proxecto dos biocombustíbeis e comprométase coa constitución do centro tecnolóxico para o almacenamento de enerxía que rache con ese papel que historicamente vimos xogando, de meros fornecedores de enerxía, para darmos un salto cualitativo que consolide nas Pontes unha industria complementaria, tecnoloxicamente avanzada e de alto valor engadido.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonzo.

Peche desta pregunta polo vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, sinceramente lle digo que o BNG debería saír de detrás da pancarta e dicir dunha vez se está a favor ou en contra da continuidade das Pontes con biocombustibles. Porque aínda non se pronunciaron, e a falta de pronunciamento deriva en que non, en que vostedes están en contra de que a central das Pontes poida continuar a súa actividade co uso de biocombustibles. Pois nós estamos a favor. E estamos en contra do criterio do BNG —como lle dicía antes—. Lamentablemente, esa é a realidade.

Miren, o BNG ten un acordo de lexislatura firmado co Partido Socialista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Eu recórdolle que o Bloque Nacionalista Galego non pide a continuidade industrial e dos empregos que dependen da central, non o pediu. Entón, que vostede veña aquí a intentar defender os postos de traballo das Pontes é simplemente un anacronismo político; polo tanto, debería de revisar vostede ese acordo de lexislatura que ten co Partido Socialista.

E fálame vostede dos convenios de transición xusta. ¿Que lle parece se falamos do acordo de transición xusta que o seu goberno, o seu socio de goberno, asinou coas empresas, señor Fernández, e cos sindicatos, e que deixou fóra as comunidades autónomas? ¿Que lle parece se se une a este goberno para reclamarlle ao seu socio en Madrid que admita nunha addenda que a Xunta de Galicia participe no acordo de transición xusta, no que se deciden, entre outras cousas, as actuacións de formación en políticas activas de emprego, nas que a comunidade autónoma ten as competencias? ¿Por que non se une a Galicia e deixa dunha vez ese sectarismo dende o punto de vista enerxético, que simplemente o que trae é paro industrial? Porque vostedes non defenden a continuidade industrial e fálanme dun centro tecnolóxico, señor Fernández. ¡Que ironía! ¿Que lle parece se lles falamos aos traballadores das Pontes agora de centros tecnolóxicos? Vaia vostede dicírllelo. Eu non, eu vou defender traballo in-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dustrial, e loxicamente vinculado tamén co coñecemento e con centros de coñecemento, con centros tecnolóxicos. Pero aquí vimos falar de proxecto industrial.

Polo tanto, señor Fernández, o seu currículo dende o punto de vista industrial está escrito —lamentablemente para Galicia—, e seguramente o Bloque Nacionalista Galego se debería seguir entretendo coa ideoloxía, facendo mitins con Otegi e Junqueras *(Murmurios.)* Nós, mentres tanto, señor Fernández, imos seguir actuando, imos seguir traballando, xunto co comité de empresa e os traballadores, defendendo a súa situación —e, sobre todo, defendendo o emprego industrial nas Pontes, en contra do criterio do BNG—.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada ao sector do comercio para o ano 2021 para garantir a súa liquidez

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Boa tarde, vicepresidente.

A alta incidencia da covid-19, xunto coas medidas que houbo que adoptar para conter a propagación do virus, tiveron un forte impacto no comercio e levaron á suspensión practicamente de toda a actividade comercial durante meses, que, despois da reapertura, segue limitada por varias restricións.

Anteriormente a esta crise, o futuro do comercio xa era cada vez máis incerto. Sen lugar a dúbidas, este sector é un dos grandes damnificados da pandemia provocada pola covid-19, pero a súa delicada situación non é nova. Antes da chegada do virus, o comercio xa clausuraba en Galicia unha media de seis establecementos diarios por falta de cambio xeracional, polo exceso de oferta, a atomización das grandes cadeas, o auxe do comercio electrónico e a despreocupación total do goberno do señor Feijóo.

No comercio desapareceron 1.073 empresas en Galicia no ano 2019. A Federación Galega de Comercio estima que entre o 20 % e o 25 % dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021. No 2020 pecharon 1.384 negocios de persoas traballadoras autónomas en Galicia. E 2021 empeora todos os marcadores rexistrados ata a data nun comezo de ano. Só neste mes de xaneiro pecharon 836 negocios, unha media de 25 peches ao día, ¡25 peches ao día! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A maioría das actividades que tiveron que pechar no réxime especial de autónomos concéntranse en dúas actividades: a hostalaría e o comercio, que son as empresas máis afectadas polas restricións impostas pola Xunta de Galicia. O sector do comercio non foi un sector prioritario para a Xunta de Galicia nin antes nin despois da crise causada polo coronavirus, ¡nin antes nin despois! As axudas para reducir ao máximo o impacto da covid-19 no comercio foron escasas, seguen sendo escasas e seguirán sendo escasas se seguen sen incrementar a partida de axudas para o comercio. E, por certo, chegaron tarde, moi tarde. Por iso este sector vén reclamando un plan de rescate ao executivo autonómico.

Vicepresidente, ¿parécelle razoable que en 11.500 millóns que teñen vostedes de orzamento —por certo, grazas á aportación do Estado— só incrementasen en 7 millóns a partida de comercio? ¿Parécelle razoable con 11.500 millóns, que, segundo vostedes, é o presuposto máis alto da historia de Galicia? ¿De verdade? ¡Sete millóns en 11.500?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Señor vicepresidente, ¿vai a Xunta aumentar a partida orzamentaria para o comercio? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señoría, lamento esta visión tan parcial e, sobre todo, tan partidista que ten da situación do comercio e da hostalaría en Galicia ante unha pandemia como a que estamos a sufrir. E lamento que vostede veña aquí simplemente co único obxectivo de xustificar a ausencia de medidas por parte do Goberno central, que esa é a única lectura da súa intervención.

Porque, mire, señora Gallego, o Goberno estivo dende o primeiro momento cos sectores económicos que máis necesitaban axuda da Xunta de Galicia. Estivemos cos autónomos, estivemos coas pequenas e medianas empresas, estivemos co sector do comercio e estivemos co sector da hostalaría cun plan de reactivación que vostedes non queren recoñecer pero que nós puxemos en marcha no mes de xuño dotándoo de axudas directas —e dotando tamén de financiamento as necesidades dos sectores produtivos e, sobre todo, do comercio e da hostalaría—.

Vostedes queren negar aquí a importancia cualitativa e cuantitativa que ten o plan de rescate que está poñendo en marcha a Xunta de Galicia, que non ten ningún tipo de similitude no resto do territorio español, señoría, ¡ningún tipo de similitude! Son 160 millóns de euros os que imos mobilizar en noventa días. Non ten ningún tipo de precedente nin ten ningún tipo de situación homologable no resto do territorio.

Iso si, vostede o que non quere recoñecer aquí é que, efectivamente, España está á cola, señoría. España, o Goberno de España, está á cola en axudas directas contra a crise. E non o di

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a Xunta de Galicia, dío o Banco Central Europeo, que está marcando que España, efectivamente, é o que menos resposta está dando dende o punto de vista non só de axudas directas senón tamén de axudas á fiscalidade dende o punto de vista do comercio e dende o punto de vista da hostalaría.

Nós imos seguir, señoría, apoiando o comercio, imos seguir apoiando a hostalaría. Vostede debería de saber —porque llo trasladei na última pregunta— que foron 4.711 solicitudes as recibidas do comercio no primeiro plan de rescate e que xa se pagaron o 82 % cun orzamento próximo aos 9 millóns de euros —que non estaban presupostados na Consellería de Economía, porque isto é un goberno, isto non son departamentos segmentados como é o Goberno de España—. Entendo que vostede estea acostumada a que teña que identificar vinte e dúas casillas. Pero aquí non, aquí hai un goberno que traballa de forma conxunta e, polo tanto, hai 9 millóns de euros que dende a Consellería de Emprego se están destinando ao sector do comercio.

E seguiremos, señoría. Ímonos reunir co comercio, seguiremos identificando medidas e seguiremos acompañando as necesidades que tanto o comercio como a hostalaría como os autónomos e as pequenas e medianas empresas teñen. E todo a pesar do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidente.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Dende logo, vicepresidente, non falamos cos mesmos sectores do comercio, parece ser. Porque, ¡vamos!, eu levo unhas cantas xuntanzas e non me transmiten para nada o que vostede di. Eu o que si lle digo é que, por favor, fale coa xente do comercio. Porque, dende logo, non é o mesmo o que me din a min.

A semana pasada estiven cun presidente dunha federación de comerciantes de Vigo e ¿sabe o que me dixo? Foi moi claro: «Necesitamos axudas directas, axudas directas para gastos básicos, como alugueiro, luz, auga, etc.» —gastos básicos, axudas directas para gastos básicos—. Está visto que non falamos coa mesma xente, está visto.

Nós exiximos a este Goberno galego un verdadeiro plan de rescate para o sector do comercio. A Xunta de Galicia é a que ten os recursos, recursos dabondo. E hai que lembrar que a Xunta de Galicia xa o ano pasado recibiu 224 millóns de euros do Estado a fondo perdido que se tiñan que destinar a persoas afectadas pola caída da actividade económica. ¿Onde están eses cartos? ¿Por que non se utilizaron para rescatar o sector do comercio ou o sector da hostalaría? ¿Onde están eses cartos? ¡É unha vergoña! E é máis, este ano percibirán outros 441 millóns dos fondos de axuda á recuperación para a cohesión dos territorios de Europa co mesmo obxectivo. Utilicen eses cartos para axudar o pequeno e o mediano comercio e a hostalaría. Utilicen eses cartos. ¿Por que non o fan? ¿Por que non o fan, señor vicepresidente segundo?

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia está obrigada a rescatar o sector do comercio, pois as competencias son súas, non dos concellos. As competencias en comercio son da Xunta de Galicia. E tamén son vostedes, o goberno do señor Feijóo, os que toman as decisións sanitarias, pechan os establecementos e son os que teñen as responsabilidades de salvar o comercio galego. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Peche da pregunta polo vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señora Gallego, mire, repítolle que nin o Goberno central nin as deputacións de Pontevedra e Lugo nin o Concello de Vigo teñen axudas directas á hostalaría, ao comercio e a outros negocios afectados pola covid. Que vostede me veña falar aquí do Concello de Vigo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, o Concello de Vigo estalles cobrando o IBI e o imposto de actividades económicas aos comercios que están hoxe pechados. *(Murmurios.)* ¿Está vostede de acordo con que o Concello de Vigo lle cobre o IBI á hostalaría, que neste momento ten que estar pechada por unha situación de pandemia? Este Goberno non está de acordo e parécelle lamentable o comportamento que está tendo neste caso o Concello de Vigo. *(Aplausos.)*

A partir de aí, señoría, nós imos seguir traballando co comercio e imos seguir traballando cos sectores máis afectados. Temos un investimento superior aos 160 millóns de euros a través deste plan de rescate. Fálame vostede do REACT. ¿Vostede está de acordo con que o Goberno nos estea limitando 100 millóns de euros do fondo REACT? Vostede sabe que o fondo REACT se destina a diferentes actividades; entre elas, a necesidades sanitarias, ¡sanitarias, señoría!, sociais e educativas. ¿Ou pensa que a actuación da Xunta de Galicia está simplemente para o que vostede considera oportuno? Non, non, estamos atendendo as necesidades da pandemia sanitaria, estamos atendendo as necesidades sociais, estamos atendendo as necesidades educativas e, por suposto, estamos atendendo tamén as necesidades do comercio e do tecido produtivo.

E, polo tanto, señoría, eu creo que deberían ser un pouco máis humildes, e deberían, sobre todo, defender os intereses, neste caso, dos galegos. E, lamentablemente, vostedes están defendendo a actuación dun goberno de España que está abandonando o comercio e a hostalaría, que está abandonando o comercio e a hostalaría. E simplemente vostede vén aquí a intentar xustificalo. Pois é lamentable, señoría, que nestes momentos o Goberno de España non estea adoptando medidas fiscais para defender o comercio e a hostalaría e que non estea adoptando un paquete de medidas de axudas directas como están facendo outros países —como Alemaña ou Francia—. Repítollo, España está declarado como o país de toda Europa que menos axudas directas está destinando aos sectores produtivos. Señoría, iso si que é, lamentablemente, unha vergoña. Lamento profundamente a súa posición de defensa do Goberno de España neste caso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9

O señor CALVO POUSO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora conselleira, a pasada semana foi unha honra poder defender no Congreso dos Deputados unha petición conxunta deste Parlamento sobre a transferencia da AP-9. Diciamos naquel momento que era un proceso longo, que tiña os seus trámites, pero que, de maneira paralela a ese proceso que se ten que desenvolver, nós pediamos que se convocase a Comisión Mixta de Transferencias para ir avanzando na negociación entre a Xunta de Galicia e o ministerio, e sobre todo que se cumprisen cos compromisos adquiridos. Concretamente falabamos do levantamento da peaxe do tramo Vigo-Redondela e, sobre todo, da redución do custo das peaxes.

No ano 2019 o presidente Sánchez convertíase en presidente despois de prometer a transferencia da AP-9 a Galicia e de prometer reducir as peaxes. No ano 2020, os presupostos xerais do Estado aprobáronse incluíndo unhas bonificacións nas peaxes. E en febreiro do ano 2021 non sabemos nada.

Bueno, máis ben algo sabemos. Sabemos que en xaneiro as peaxes se incrementaron en Galicia un 0,92 %. Polo tanto, non é que non se fixera nada, fixeron o contrario do que tiñan comprometido. Foi Sánchez o que blindou a subida do 1 % anual para as próximas dúas décadas. É o mundo ao revés, porque é o cuarto ano consecutivo no que esta AP-9 se converte na autoestrada que máis sobe a peaxe en toda España. Diciamos no Congreso o outro día que a viaxe entre A Coruña e Vigo é tres euros máis cara que en decembro do ano 2018, que foi cando se debateu por última vez esa petición de transferencia. E diciamos que todo o que ocorría na AP-9 afectaba a miles de familias e empresas diariamente en Galicia. Polo tanto, este é o mundo ao revés. Non chega con non facer o prometido, non chega con incrementar as peaxes, senón que, ademais, se asegura a subida durante dúas décadas. Pero se iso aínda non fose suficiente, agora o que pide da Xunta de Galicia o Ministerio é que axude a pagar as peaxes coas que se comprometera.

Polo tanto, nós queriamos facerlle unha pregunta. E é cal é a valoración que fai o Goberno galego de que as peaxes volvan incrementarse o 1 de xaneiro e non se cumpran todas as expectativas que tiñamos depositadas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, señor Calvo, a historia da AP-9 cun goberno socialista en España pois é a crónica dun agravio aos galegos. Mentres vemos como as autoestradas en España baixan as súas peaxes ou desaparecen, pois a AP-9 en Galicia sobe. Víase vir. Advertímolo e así foi. O goberno de Pedro Sánchez comprometeu bonificacións e comprometeuse tamén a eliminar esas subidas extraordinarias. Dicían os seus aliados, os seus discípulos socialistas en Galicia, que claro que si, que é un compromiso firme que está nos orzamentos. Pois así pasou. O pasado 1 de xaneiro subíronas, o goberno de Pedro Sánchez autorizou unha nova subida extraordinaria das peaxes. E lamentamos que non se tivese reparos por parte do Goberno de España en darlle luz verde a esa subida extraordinaria das peaxes e que se inclúa esa subida extraordinaria coñecendo dende hai meses —meses, volvo repetir, porque é algo tremendamente importante do que fan caso omiso— que hai un informe do Consello Consultivo que di que esas subas extraordinarias son nulas de pleno dereito, pero ¡nin caso!

Sobe case o 1 % —é a cuarta subida consecutiva—. E o Goberno de España actual pois dálle ese triste honor á AP-9 de ser a autoestrada que máis sobe en toda España este ano. Polo tanto, Pedro Sánchez dixo si, sen ruborizarse en incumprir a súa palabra dada. Porque comprometeu a liberación da peaxe en Redondela, e nada sabemos da peaxe en Redondela dende hai anos. Nada sabemos desas bonificacións que se prometeron e tampouco nada sabemos das demandas dos veciños de Chapela, desas vías estragadas que non arranxan, desas pantallas acústicas que non se colocan. Os profesores, que teñen que ter as ventás dos nenos abertas, teñen que dar as clases con micrófonos por culpa de que non hai esas pantallas acústicas.

Hai, polo tanto, unha listaxe de agravios interminable que vai crecendo. E vemos como o goberno de España actual pois é o avogado defensor de Audasa. Vemos como se dirixe o Goberno de España á Xunta de Galicia pedindo que lle dea 15 millóns a Audasa —e tamén para os anos seguintes—. Dente logo, ¿isto que é —pregúntome eu—? Parece unha broma, unha petición sen pudor que tamén realizou Audasa. Audasa pídelle tamén á Xunta de Galicia que lle deamos cartos, bailando ao mesmo son, coa mesma canción, Audasa e o goberno actual de España. A música, de galega, ¡nada!, pero bailándoa ao mesmo tempo, sen pudor e, dende logo, sen memoria.

Hai un acordo do ano 2018 que eximía a Xunta de Galicia de pagar esas bonificacións. O Consello de Estado di que hai un enriquecemento inxusto nesas subas extraordinarias. Sabemos que non lle gustan ao Goberno de España os informes do Consello de Estado, pero non nos deixa de sorprender que o Partido Socialista pida tamén aquí á Xunta de Galicia que sexa a Xunta quen subvencione as peaxes da AP-9.

Non se fan os investimentos necesarios e hai dúas cousas claras: o descrédito do Goberno de España —incapaz de cumprir as súas promesas— e a necesidade de lograr unha transferencia xusta da AP-9. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Calvo.

O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, conselleira.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A verdade é que creo que, como grupo parlamentario —o noso— e como Goberno de Galicia, debemos ter unha estratexia para intentar presionar o Goberno do Estado para que cumpra cos seus compromisos. Porque, se vostede, nalgún momento ou por estraña circunstancia, pensou que ía poder contar co apoio dos outros grupos que non son o Partido Popular, permítame que lle diga que non vai ser así.

O Partido Socialista presentou a semana pasada aquí neste Parlamento unha iniciativa onde poñía en valor que o señor Touriño fora o primeiro en preocuparse da AP-9. ¡Xa o creo! No ano 1994 foi, como secretario de Estado, co señor Borrell, o primeiro que incrementou a duración da concesión da AP-9. Eu xa sei que probablemente os deputados do Grupo Socialista non o saiban, pero isto certifica que co Grupo Socialista non imos poder contar.

E lamentablemente, non creo que poidamos contar tampouco cos outros grupos que están acostumados a estar detrás dunha pancarta e que falan coa boca pequena. Se realmente creran en que se poderían baixar esas peaxes, se quixeran baixar as peaxes, poñerían enriba da mesa os gobernos nas deputacións e nos concellos para retratar o Partido Socialista. *(Aplausos.)* O que pasa é que é máis fácil falar coa boca pequena e conservar o sillón. Iso é do que se trata.

Por iso, señora conselleira, que saiba que pode contar con este grupo parlamentario para levar a cabo calquera reivindicación diante do Goberno do Estado a pesar doutros grupos que moito falan pero pouco fan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Peche desta pregunta pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, moitos dos problemas que temos detectados da AP-9 —deficiencias, nada de bonificacións ou subas extraordinarias— estarían solucionados ou moi cerca da solución se o goberno que preside Pedro Sánchez nos convocara a esas comisións de seguimento que temos na AP-9 e que non nos atenden. Porque o certo é que temos esa comisión que se creou, e queremos trasladar necesidades concretas, dialogar, que se escoite os galegos nesa comisión. E non foi por falta de insistencia. Teño unha, dúas, tres, catro..., teño aquí un rosario de solicitudes. Si, é tremendo que, dende logo, a unha administración se lle solicite en reiteradas ocasións e non conteste nin unha. O secretario de Estado non contesta ningunha solicitude de atención da comisión de seguimento da AP-9. É lamentable porque teriamos solucionado moito.

Eu agardo que se abra unha nova etapa no Congreso e que poidamos manter ese consenso da transferencia da AP-9. Señor Calvo, xa dixo vostede na súa intervención en Madrid que a transferencia da AP-9 é un acto de xustiza e, coa lei na man, é unha demanda que viñamos

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facendo dende a Xunta de Galicia dende o ano 2009. E logramos un consenso aquí en trámite parlamentario pero queda moito traballo por diante, quedan moitos pasos. E o certo é que a transferencia é máis necesaria agora ca nunca con todo este rosario de incumprimentos que xa relatei na miña primeira intervención. É máis necesaria ca nunca pois para unha xestión máis eficiente —xa que estamos pegados ao territorio—, máis eficaz para velar pola calidade do servizo e tamén para ter unha resposta moito máis axeitada. Seguro que a resposta sería moito máis áxil, moito máis axeitada e acorde coas necesidades dos galegos.

Con esa negociación aberta en Madrid eu agardo que Galicia asuma as competencias e esas funcións como debe ser e como é básico, nas condicións máis xustas para Galicia —eu agardo que esteamos todos de acordo e que agora non rompan vostedes o pacto por unha defensa real de todos os galegos e para asumir ese control para dar as mellores condicións aos galegos e que AP-9 estea ao servizo dos galegos, non o que estamos a ver, que é todo o contrario—. E, polo tanto, hai que traballar polo futuro desta autoestrada, que conecta cinco das sete grandes cidades —son 220 quilómetros e supón un grande esforzo que queremos asumir—, e para que esa transferencia, dende logo, sexa xusta e veña acompañada —como ten que vir— coa dotación económica e técnica necesaria para darlle a mellor funcionalidade. É unha oportunidade de demostrar que podemos facelo moito mellor —porque o faremos moito mellor—.

E volvo reiterar por enésima vez, respecto desa comisión de seguimento da AP-9 —e para defender os galegos—, que nos contesten para que se apliquen as bonificacións, poder ter un diálogo e defender os galegos nesa comisión de seguimento que non quere atender o Goberno de España.

Pola miña parte, nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os intereses que poden mover o Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do concello de Folgoso do Courel ao convocar un concurso de transporte escolar que unifica as rutas en lotes que non responden ás necesidades do concello.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Aira Díaz.

A señora AIRA DÍAZ: O BNG vén acompañando a comunidade educativa e o pobo do Courel nas súas reivindicacións de coidados para as súas crianzas e tamén para o seu tecido social e económico. Todo isto nace dun concurso de transporte escolar que saca a licitación a Consellería de Educación para o CPI Uxío Novoneira. Faino cunhas bases que son inasumíbeis para o mantemento do tecido socioeconómico da serra do Courel. Empeora os servizos de transporte escolar que viñan satisfacendo adecuadamente as necesidades de nenas e nenos, e mantiña servizos de taxi no concello para toda a poboación de paso que se conservaban postos de traballo.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por unha banda, e a respecto do dano para as criaturas, está por detrás o deseño dunhas rutas de transporte que foron feitas por unha empresa que descoñecemos —pero que vostedes avalan—, con paradas e medidas de tempos ficticias, que reduce as rutas de seis a catro, que alonxa as criaturas dos seus domicilios e que as deixa á intemperie —porque non teñen sitio onde protexerse—. Sométeas a uns tempos de viaxe inmensos con riscos innecesarios polas distancias que hai que percorrer, os tipos de vías e os vehículos que exixen —que pasan de ser dun máximo de 9 prazas a microbuses de ata 25—.

Preguntámonos se contemplou a consellaría as consecuencias que terá para esta rapazada ter que vivir esta penosidade sostida no tempo —probablemente durante os catro anos que durará o concurso—. Non poden conculcarlles dereitos ás nenas e nenos do Courel, ou de calquera outro sitio da montaña, ao obrigalos a facer moito maior esforzo para estudar que se vivisen mesmo no concello do lado —sen ir máis lonxe—. Incúmprese así un principio de igualdade que en teoría nos debería garantir a lei.

Por outra banda, coa escusa das exixencias da Unión Europea e da normativa de contratos do sector público, fixeron uns macrolotes para cubrir estas necesidades, e de novo conculcan o principio de igualdade cando aos prestadores actuais do servizo se lles impide participar por ser inasumíbeis as condicións impostas.

Presumimos que vostedes terán un plan para a recuperación de emprego para esta zona que mitigue esta perda de postos de traballo e presumimos tamén que terán un plan «b» para dotar o concello de servizos para a mobilidade dos seus habitantes.

Quede claro que o BNG non está pedindo que dean contratos a dedo, pedimos que se use a razón, a lóxica e a legalidade para darlle unha oportunidade ao tecido socioeconómico e humano da serra do Courel e non deixar o concello perdendo poboación en caída libre. —Teño que mirar o tempo porque non vexo, e estáseme acabando.—

Pedimos que se cumpra coas directrices europeas, e que se usen os fondos Feder para favorecer as zonas de montaña, non para prexudicalas. Pedímoslles, sobre todo, que non entren nestes fondos para ganancia das grandes empresas, porque hai algúns lotes...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: ...que parece que levan nome e apelidos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, xa está entendido. Grazas.

A señora AIRA DÍAZ: E a pregunta xa a ten o conselleiro.

(Aplausos.)

Reposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, ben, a verdade é que, se nos poñemos de acordo nuns principios básicos, estou seguro de que nos imos entender moito mellor.

O primeiro, o primeiro principio básico, é que hai que cumprir a lei, hai que cumprir a lei e os procedementos. Neste caso hai que cumprir a Lei de contratos públicos e tamén as directivas europeas en materia de transporte, que, como vostede dixo, non poden ser escusas. Non son escusas, e non se poden dar en ningún caso, como vostede dixo, contratos a dedo.

A segunda é que, no caso concreto do transporte escolar, é necesario poñer en marcha un concurso para renovar o servizo. Non se pode renovar automaticamente, salvo que vostede nos pida que incidamos nunha ilegalidade.

A terceira, a terceira cuestión na que é importante que nos poñamos de acordo, é que a defensa do rural non é patrimonio exclusivo de ningún partido político, de ningunha formación política. Todas —ou polo menos a formación á que eu pertenzo— temos o mesmo interese que, por exemplo, a súa formación política en apoiar e dar servizos ás persoas que viven no medio rural. Non teremos máis pero tampouco teremos menos interese que a súa formación política.

A cuarta é que Galicia ten a rede de servizos e de dotacións de ensino no rural máis significativa —non teñan a menor dúbida— do conxunto de España, en número de centros educativos, na súa distribución xeográfica, en que temos un 25 % do custo do transporte escolar do conxunto de España cun 6 % do alumnado. En definitiva —e é o máis importante—, os resultados dos centros educativos do rural non difiren en nada dos urbanos. Ten que ser así. Por exemplo, neste colexio, neste centro público, hai 33 alumnos e hai 14 profesores. Iso é un exemplo do esforzo que se fai polo ensino no rural.

E, quinto, a responsabilidade desta consellaría é licitar un sistema de transporte escolar que lles dea solución aos alumnos, que lles dea solución aos nenos e ás nenas que teñen que ir ao centro educativo. Neste contexto, e con estes principios básicos, licitamos un contrato moi potente, moi grande. Datos: 1.574 rutas, 424 centros de ensino, 57 lotes para o propio concurso. ¿Como se fixo? Fíxose, obviamente, atendendo aos principios básicos marcados na lei, buscando optimizar os recursos, dando prioridade ás empresas da contorna e facendo que poidan participar e concorrer tamén taxistas, tamén autónomos en UTE e que se poida subcontratar ata un 20% dos vehículos.

E vostede sabe moi ben cal é a situación actual. A situación actual é que, despois dunha rolda de contactos, a consellaría *motu proprio*, o 11 de xaneiro, plantexou suspender o prazo de presentación de ofertas. ¿Para que? Para estudar, analizar e resolver as alegacións. Somos conscientes de que existen deficiencias, de que existe algún erro, de que poden faltar algunhas paradas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...de que pode haber algunha imposibilidade de circulación.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Pero, en todo caso, estas cuestións...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Conselleiro, ten outro turno despois. Xa está. *(O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, grazas.

(Aplausos.)

Réplica da señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Señor presidente, pídolle que me escoite un segundo. Se pode, déame a mesma marxe que ao conselleiro, porque teño moitas dificultades para respirar coa máscara posta.

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón, perdón!, non entendín nada.

A señora AIRA DÍAZ: Que me deixe, se pode, a mesma marxiña de tempo tamén, porque me custa moito falar coa máscara posta e respirar ao mesmo tempo. Non sei vivir doutra maneira que facendo as dúas cousas. *(Risos.) (Aplausos.)*

Mire, agradézolle ao señor conselleiro que me conte algo que xa non dou crido, porque non é crible. A consellaría si que paralizou os prazos *motu proprio*, pero por instancia dun tribunal —o Tacgal—, porque neste tribunal había denuncias presentadas por empresas que se sentían afectadas, así como asociacións e sindicatos. Isto non se fixo por unha cuestión relativa á calidade de vida das nenas e nenos do Courel, senón por cuestións de índole concursal; co cal, esa primeira cousa que eu non creo igual é porque non a podo crer, porque é incrible.

Ben, segunda parte, se a boa xestión e o cumprimento da normativa supón precarizar a vida das nenas e nenos do Courel, mala normativa temos, paréceme a min. (*Aplausos.*) E que a súa consellaría só se ocupe *de lo suyo* paréceme aínda peor, porque a educación é para a poboación. E O Courel ben merece ese interese tamén por parte da súa consellaría.

E, por outra banda, voulle contar que as nenas e nenos do Courel pasan quince días enteiros —de 24 horas— por curso metidos nun bus, segundo a súa proposta de concurso; que se o prolongamos ao longo de catro anos, pasan dous meses, ¡dous meses!, nos que perden de xogar, nos que perden de vivir, nos que perden de estar coas familias, dos que van en perigo por esas estradas do Courel cunha climatoloxía extremadamente adversa. Se iso non é da súa consellaría, pois, mire, creo que igual ten que cambiar de consellaría, porque eu creo que isto non é maneira de defender os dereitos da infancia. E creo que o merecen.

Para finalizar, pídolle que refagan os lotes, porque é un clamor unánime, e que se comprometan co Caurel, coas zonas de montaña, coas persoas que viven nelas e que cada día superan as dificultades que supón vivir alí e que, aínda así, optan por quedar alí. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Aira.

Peche desta pregunta polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Como lles dicía, paralizouse o proceso non por un mandato de ningún tribunal, señoría, non se pode mentir en sede parlamentaria. *(Fortes murmurios.)* Paralizouse para estudar, paralizouse para estudar unha serie de alegacións, unha serie de cuestións, identificar deficiencias, identificar erros..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señora Aira, señora Aira, por favor...!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...e a partir de aí plantexar as correccións que haxa que plantexar.

Eu creo que os argumentos infantís e a demagoxia fácil non axuda nada, non axuda nada. Mire, co que pode estar segura, señoría, é con que, unha vez que se analicen as alegacións, se retomará o proceso de licitación e teranse en conta, sen dúbida, as condicións e as circunstancias especiais dalgunhas zonas; pero, obviamente, cumprindo sempre as leis e sen distorsionar principios básicos da contratación pública. Porque, se non, señoría, vostede mandarame ao cárcere se o fago. Entenderá que non o queira facer.

En todo caso, mire, xa lle dixemos que isto non é un contrato que estea pechado, nin moito menos. Eu non podo concordar co que vostede plantexa aquí. Porque, mire, dá a sensación vostede de que intentamos prexudicar a alguén. Non, a ninguén, non queremos prexudicar a ninguén. Queremos cumprir a lei e cumprir as normas básicas de contratación.

¿Temos necesidade de cumprir a lei? ¡Toda, toda a necesidade! ¿Temos no noso ánimo atopar unha solución e corrixir as deficiencias técnicas? ¡Absolutamente! Agora, non podemos asumir o seu discurso, que está cheo de lugares e críticas comúns e infundadas. ¡En ningún momento o imos asumir!, ¡en ningún caso!

Vostede plantexa respecto e apoio ao rural. Por suposto, nós tamén, ¡total! En todo caso, señoría, temos que ser conscientes de que as familias do Courel, de que os nenos do Courel, as persoas do Courel, nos están mirando. Algunhas delas, posiblemente, nos lean mañá nas redes sociais ou nos lean nos xornais. E, mire, eu estou seguro de que a vostede lle gustaría que cortase calquera tipo de esperanza ou calquera tipo de posibilidade de corrixir as deficiencias técnicas deste prego, estou absolutamente seguro, porque lle daría folgos para seguir no seu discurso infantil. Pero, mire, vaise equivocar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*, vaise equivocar absolutamente. Estamos nun proceso de avaliación, estamos deseñando solucións e estamos buscando atopar solucións que sempre, sempre —respectando a lei— xeren o menor prexuízo posible para os nenos e as familias do Courel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLIf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, como xa se ten destacado en múltiples ocasións nesta Cámara, o ensino galego conta cun programa de continxencia completa e detallado para axudar a afrontar a situación excepcional que está a provocar a pandemia. A través deste instrumento, a Xunta de Galicia blindou este curso cun investimento de 162 millóns de euros para atender as diversas necesidades do conxunto da comunidade educativa.

Este traballo de planificación do curso e o impulso investidor por parte da Xunta de Galicia ten como obxectivo garantir a seguridade sanitaria nos centros educativos e apoiar e acompañar o esforzo que, desde o conxunto da comunidade educativa, se está a facer para sacar adiante este curso nunha situación, como dicía, tan excepcional.

O orzamento concéntrase no reforzo con 2.300 profesores, na dotación de recursos tecnolóxicos, no reforzo das medidas de seguridade e hixiene nos centros e no apoio aos servizos educativos complementarios. Ante a probabilidade de que se decreten corentenas de aulas, colexios completos, ou incluso un confinamento xeral da poboación —como no pasado mes de marzo—, é preciso anticiparse e ter prevista a engrenaxe do sistema educativo para adaptalo a este tipo de circunstancias. Para esta anticipación foi moi útil a experiencia coa que xa contamos en Galicia dende hai uns cantos anos ao apostar polas novas tecnoloxías aplicadas ao ensino. Así o certifican os datos das aulas dixitais existentes. Pasouse de cero aulas en 2009 a 6.000 aulas dixitais no ano 2020, con 120.000 alumnos beneficiados e 900 centros implicados.

A través do Programa E-Dixgal no día de hoxe traballan co libro dixital 34.000 alumnos en 470 centros educativos; a posta en marcha do Programa Avalar, que, a pesar das críticas dalgúns partidos no seu momento, está sendo moi avalado polas familias; a Estratexia dixital favoreceu, polo tanto, que os centros se familiarizaran cos contornos dixitais, e foi moi útil para poder continuar traballando nos contidos de cada curso no pasado confinamento.

Mais, ante a situación actual de pandemia, faise preciso regular, estruturar e organizar o sistema educativo para mellorar as prestacións do ensino a distancia no hipotético caso de confinamentos parciais ou totais da poboación escolar.

Nesta liña, a Xunta de Galicia elaborou o Plan de ensino virtual, co obxectivo de ter protocolizado o sistema educativo en caso de que se requirira pasar da presencialidade á educación

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a distancia; un plan virtual que xa recibiu críticas dalgún partido da oposición, que, ao mesmo tempo que censuraba a semipresencialidade no ensino, pedía un confinamento xeral de toda a poboación.

Para coñecer máis polo miúdo a planificación e os protocolos acordados no Comité Educativo, gustaríanos preguntarlle, señor conselleiro, que nos debulle un pouco máis polo miúdo en que consiste este Plan de ensino virtual posto en marcha pola Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, creo que todo o mundo sabe que dende hai once meses aproximadamente estamos absolutamente dentro dunha crise pandémica, dunha crise sanitaria sen precedentes, que afectou practicamente todo, que impactou no conxunto da sociedade e, por suposto tamén, no sistema educativo e nos procesos de aprendizaxe vencellados a el.

O último trimestre do curso pasado houbo que facer fronte a unha situación absolutamente novidosa, con moitos problemas e con moitas luces e moitas sombras. Foise, dun xeito progresivo, buscando solucións e aportándoas, e Galicia tivo un comportamento, no remate do curso pasado, se o comparamos con outras comunidades autónomas, relativamente positivo grazas á forte presenza que ten no sistema educativo galego o libro dixital e o ensino dixital.

Co inicio de curso vivimos unha aposta moi clara e moi decidida por fomentar a presencialidade do sistema educativo. Creo que foi unha aposta moi significativa. En Galicia, salvo FP, a presencialidade é total no ensino non universitario. Somos das poucas comunidades autónomas que o fixemos; nalgunhas outras mesmo hai semipresencialidade a partir de segundo da ESO, o cal realmente é unha situación moi complexa, e fíxose unha aposta pola presencialidade con medidas de forte impacto económico, de forte impacto organizativo. Pensemos no reforzamento das plantillas, o maior que houbo nunca na historia deste país. E realmente o primeiro trimestre, igual que todo o que imos desenvolvendo, fíxose cunha relativa normalidade dentro da enorme excepcionalidade na cal estamos metidos.

Obviamente, era necesario planificar, era necesario traballar con urxencia para, no caso hipotético de que fose necesario levar a cabo un confinamento xeral ou un peche das aulas por razóns vencelladas á pandemia, estar preparados e facer unha acción preventiva.

Por iso, impulsouse o Plan de ensino virtual, que se levou a cabo conxuntamente dentro do Comité Educativo e tamén co traballo e cos contactos da Xunta Autonómica de Directores. Basicamente traballamos para ter unha ferramenta que, se fose necesario implementala, tela en marcha dun xeito preventivo.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Puxéronse en marcha accións formativas para o profesorado, púxose en marcha un sistema para distribuír, nas persoas que o necesitasen, os equipamentos e as dotacións tecnolóxicas precisas e apostouse, sobre todo, por medidas organizativas, unha das máis significativas é a elaboración dos denominados horarios espello, que, desde a perspectiva organizativa, posibilitaban estar preparados e que houbese unhas rutinas; é dicir, trasladar ao mundo virtual as rutinas educativas que existen no mundo presencial.

En definitiva, o obxectivo era estar preparados, con anticipación, con planificación e, afortunadamente, non fixo falta. Agardemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Rematou o seu tempo.

(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Para a réplica, o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, entendemos que un dos piares máis importantes do Plan de ensino virtual ten que ver tamén coa formación do profesorado en competencias dixitais, para que afrontar un novo proceso de ensinanza e aprendizaxe en modo virtual se leve a cabo con todas as garantías. Tamén outro piar imprescindible é a dotación entre a comunidade educativa dos equipos informáticos, como ben dicía, necesarios para dar cobertura a toda esta despregadura tecnolóxica.

Esta situación require un esforzo extraordinario para atender as necesidades do conxunto do sistema, tamén as diversas realidades familiares, e ter en conta as situacións das familias con escasos recursos.

Tamén temos falado do complexo proceso de adaptación por parte dos centros á nova realidade da covid, protocolizando clases, horarios, avaliación e seguimento en modalidade a distancia; unha tarefa laboriosa que supuxo un esforzo exemplar por parte de toda a comunidade educativa e que dende este grupo parlamentario tamén queremos poñer en valor.

Por todo iso e xa para finalizar, señor conselleiro, gustaríanos que nos explicase en que situación se atopan os centros educativos no marco do Plan do ensino virtual e se contan os centros coas ferramentas necesarias para garantir o desenvolvemento do ensino en caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro.

Pola miña parte, máis nada, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Como dicía, este plan ten unha vocación preventiva para evitar que a crise pandémica non derive nunha crise educativa. Obviamente, para o plan que se puxo en marcha é necesario ter un seguimento e é necesario ter unha avaliación de como estaba. A principios deste ano fixemos unha auditoría, fixemos unha avaliación da situación actual do plan para saber se estabamos realmente preparados, por se fose necesario, nun caso hipotético non desexable, pasar a un ensino non presencial.

Afortunadamente —e sen ningún triunfalismo—, creo que os centros educativos tiveron unha moi boa resposta. No cen por cento dos centros había aulas virtuais desenvoltas; un número moi cativo non as tiña. O cen por cento dos centros tiñan os horarios espello elaborados. Houbo unha conexión, naquelas aulas que estaban nunha situación de corentena, durante este tempo moi importante. No primeiro trimestre houbo 7,5 millóns de conexións ás aulas virtuais, púxose en marcha un sistema de continxencia para dotar de equipamentos e dotacións tecnolóxicas aquelas familias que o precisaban e, afortunadamente, deuse resposta a todas as precisións sen ningún tipo de problema. Por certo, algúns países, mesmo hoxe, están comezando a facilitar e a favorecer o aporte de tecnoloxía ás familias.

Fíxose moita formación, moitísima formación ao profesorado; un esforzo enorme dos centros de formación do profesorado e do propio profesorado: 1.700 accións formativas, e 30.231 docentes no proceso de formación, dos cales 22.175 xa están acreditados.

Sen dúbida, este plan de ensino virtual estivo ben plantexado, estivo ben desenvolto e, cando fixo e fai falta, está dando unha resposta moi acaecida; obviamente, non perfecta pero tremendamente acaecida. Hai moi pouco tivemos que pasar do réxime especial á modalidade non presencial os centros de ensino: conservatorios e escolas oficiais de idiomas fundamentalmente. Aproximadamente 30.000 alumnos, e a experiencia da aplicación do Plan de ensino virtual, de todo o que significan horarios espello, equipamentos, etc., estase facendo creo que cunha nota moito máis que aceptable. Obviamente, non é perfecta, pero tremendamente aceptable, e con moi boa resposta por parte dos usuarios deste servizo, que posibilita que estean funcionando razoablemente ben dentro dunha situación absolutamente excepcional.

En definitiva, os centros educativos fixeron un gran traballo para adaptar o Plan de ensino virtual ás súas necesidades; cando tocou —e está tocando— aplicalo nos centros de réxime especial está funcionando ben e realmente o traballo de prevención e de planificación previa está dando resultados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Acumulación de dúas preguntas para a súa formulación conxunta

O señor PRESIENTE: Debatemos agora de xeito acumulado dúas preguntas, unha é do señor Rivas Cruz e outra é do señor Pablo Arangüena.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vacinación supostamente irregular contra a covid-19 da alcaldesa de Boimorto na residencia de maiores dese municipio

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coas informacións referidas a supostas irregularidades no proceso de vacinación contra a covid-19

O señor PRESIENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Rivas Cruz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Non están acumuladas, señor presidente.

Na orde do día non aparecen acumuladas.

O señor PRESIDENTE: Si, si, están acumuladas. Están acumuladas.

O señor RIVAS CRUZ: ¿Si? Moi ben.

Grazas.

O ruxe ruxe andaba na boca da xente, aínda que non había probas, pero, como non se fai cousa de noite que non se saiba de día, o asunto saltou á prensa e a alcaldesa de Boimorto, vacinada. E a alarma social, o debate e a indignación saltaron á rúa. As primeiras declaracións que fai á prensa son inquietantes para a poboación: «*Me vacuné porque soy personal de la residencia. Yo estaba incluida en el listado de la Xunta y no me quería vacunar. Me dijeron que si no me la ponían a mi había que tirarla. Tengo una relación laboral, porque voy todos los días por allí.*»

Había poucos días que o presidente Feixóo, diante dos primeiros casos de vacinacións irregulares, afirmara categoricamente que todos os políticos que recibisen o fármaco fóra dos protocolos deberían dimitir. E si, en declaracións cara a galería, para se librar do escándalo e quedar ben, o Partido Popular aconsellara a dimisión da alcaldesa, e falouse dun expediente e da posible expulsión, pero esta resistíase. E deron coa saída, a de sempre do PP: ela pediu a baixa no partido, pero seguindo de alcaldesa; e xa non hai pulgas, sacudíronse dun golpe.

O grupo municipal do PP de Boimorto non sabía que facer, había división de opinións: todos ao Grupo Mixto, ou quedamos no PP e apoiamos a alcaldesa, agora non adscrita, que vén sendo o que aconsella o libro, o manual do partido en casos semellantes. Pero nestas, vaise a conselleira delegada de DomusVi e aparece tamén vacinada. Agora non se trataba dunha alcaldesa dun concello pequeno da Galicia profunda, non; agora tratábase de relacións de

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

peso, das de cartos, das que manteñen a caixa B, empresas adictas —e digo ben, adictas— ao Partido Popular.

E daquela saíu Feijóo como un lóstrego e puxo orde e concerto neste remexido: agora o novo cambio de rumbo, a alcaldesa de Boimorto tamén entraba no lote a protexer. Pero hoxe, esta mañá, volveu mudar de opinión na resposta á oposición, así, en quente, de repente, e deixounos pampos. Claro que un presidente dun partido que anda seguido nestes trotes non ten por que sentir vergoña nin manter unha postura ética con firmeza; depende de onde veña o aire.

A todo isto, señor conselleiro, polo seu cargo, vén sendo o xefe de persoal do Sergas, ¿non si? ¿Vostede vacinouse? Non me sexa exquisito, hai que limpar cando vai aire. Ese é o refrán preferido da xente adicta ao PP na Galicia profunda.

E para as traballadoras do servizo a domicilio, imprescindibles nunha poboación saturada de vellez e dependencia, ¿non sobra algunha dose que se vaia tirar ao lixo? ¿E as traballadoras que teñen concesión de servizos nas residencias e que van varias veces ou algunha vez á semana peitear e arreglar os e as maiores non estaría ben que entrasen na lista e fosen tamén vacinadas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Formula agora a pregunta don Pablo Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, presentamos esta pregunta ao fío das vacinacións irregulares que se produciran en Pontevedra, que o señor Feijóo dixo que eran 20, pero os sindicatos din que foron 200, e das vacinacións presuntamente irregulares de Burela denunciadas tamén polos sindicatos. E tamén ao fío do caso da alcaldesa de Boimorto, que no día de hoxe aínda non dimitiu. A única medida que adoptaron vostedes foi abrirlle expediente, que é tanto como dicir nada, cando o señor Feijóo dicía que os políticos non deben de ser os primeiros en vacinarse, senón os últimos, de acordo co protocolo. E dicía tamén que a decisión responsable no caso de vacinación irregular é renunciar ao cargo. Fermosas palabras, pero cando a alcaldesa de Boimorto foi vacinada irregularmente, vostedes non fixeron nada, e a alcaldesa de Boimorto segue sendo hoxe alcaldesa.

Logo coñecemos a vacinación indebida da conselleira delegada do imperio xeriátrico DomusVi, unha señora que, ademais, é amiga do señor Feijóo e doutros cargos do PP de Galicia. Unha vacinación indebida pola que lle preguntou dúas veces Gonzalo Caballero está mañá ao señor Feijóo e á que non respondeu porque non lle gusta falar da súa amiga nin de DomusVi. Quen si falou do tema foi o seu voceiro neste Parlamento, que respaldou a versión da señora Fernández e dixo que a súa vacinación foi correcta, porque en Galicia se inmunizou a todos os directores das residencias e porque o seu contacto cos usuarios dos centros é permanente, segundo di a empresa.

Teño que dicir que esa resposta oscila entre a manipulación e a falsidade. A señora Fernández non é unha directora de residencia, senón a máis alta directiva dun imperio xeriátrico no

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cal houbo 2.600 falecidos nesta pandemia, ademais de accionista millonaria dese imperio, por certo, creado e expandido baixo o paraugas da Xunta de Galicia. Por tanto, non é, como di o PP, unha directora da residencia, nin persoal asistencial ou administrativo que deba ser vacinado segundo o protocolo. É, ademais, completamente falso que o seu contacto cos usuarios dos centros sexa permanente, como di a empresa e aceptan vostedes. De feito, non é nin permanente nin esporádico, como demostra o comunicado que a Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia emitiu hai uns días, no cal din que non é certo que a señora Fernández teña trato directo con usuarios, nin con familiares de usuarios, nin sequera que acuda ás residencias de maneira regular. E manifestan tamén a súa indignación e rechazo polo trato de favor, saltándose todos os protocolos. Tamén din que máis ben parece que utilizaron o seu cargo e influencias para recibir unha vacina, o cal é tanto como facer unha acusación de prevaricación e tráfico de influencias en toda regra.

¿Señor conselleiro, teñen vostedes algo que dicir que teña...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...un mínimo de coherencia ao respecto? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta do conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señores Arangüena e Rivas, primeiro, quero dar as grazas por conceder esta agrupación das respostas, porque, evidentemente, as preguntas son moi similares.

Como falabamos esta mañá, no inicio da vacinación fronte ao coronavirus tiñamos un reto ao que nunca se tiña enfrontado a sanidade pública galega: a vacinación o antes posible das persoas máis vulnerables, os que sufriron máis a pandemia, os usuarios e traballadores das residencias de maiores, cunha vacina da que mesmo días antes de recibila descoñeciamos, por exemplo, a súa ficha técnica, cos problemas de loxística que supoñía especialmente respecto á conservación e ao traslado. Aínda así, a Consellería dispoñía dun completo plan e do persoal e da infraestrutura necesarios para iniciar esta vacinación en canto as doses de Pfizer chegaran a Galicia, o mesmo 27 de decembro.

Neste plan fixáronse varias cuestións, a meirande parte delas adiantadas nesta sede parlamentaria a petición propia da Consellería, por parte da directora xeral de Saúde Pública, a doutora Durán, o pasado mes e por min mesmo a semana pasada e tamén esta mesma mañá para conseguir unha organización axeitada do proceso e a mellor e maior trazabilidade das vacinas. E dispúxose, como xa comentabamos, dun equipo específico de enfermeiras de atención primaria para vacinar, de equipamento, tanto de ordenadores portátiles como móbiles, para que se puidera facer esta vacinación, e de formación específica.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como dicía antes, o reto loxístico estaba tamén en chegar aos puntos de vacinación e en poder administrar o maior número de vacinas posible en cada residencia, coas menores incidencias posibles. Quero recordar que se trata de 566 residencias.

Xunto á Consellería de Política Social estableceuse o sistema que iamos empregar para poder axustar e planificar a vacinación. Cada punto —eses 566 que antes comentaba—, cada residencia —despois, para o segundo grupo, as áreas sanitarias— remitiu á Consellería a listaxe das persoas usuarias e traballadores aos que se lles ía administrar a vacina. É dicir, cada equipo de vacinación conta cunha listaxe de persoas que van recibir a vacina nese día. E tamén, segundo esa listaxe, remítense as doses correspondentes dende o almacén central que temos disposto en Santiago de Compostela.

Respecto a isto, gustaríame comentar a pauta que marca a Estratexia nacional de vacinación —permítame que me pase ao castelán para lelo literalmente—.

«*Como se estable en la Estrategia de vacunación frente al covid-19 en España*» —fai referencia ao documento publicado o día 2 de decembro e actualizado o 18—, «*en la primera etapa, en la que el número de dosis de vacunas serán limitadas, se ofrecerá la vacunación de manera priorizada a las personas que se incluyan en los siguientes grupos de población:*

Grupo I. Residentes y personal sanitario y sociosanitario que trabaja en las residencias de personas mayores y de atención a grandes dependientes.» —E, a continuación, detalla:— «*A continuación, se incluye una descripción más detallada de las personas incluidas en cada uno de estos grupos de población. Grupo I: residentes y personal sanitario y sociosanitario que trabaje en residencias de personas mayores y de atención a grandes dependientes; personal sanitario y sociosanitario en centros de mayores y de atención a grandes dependientes.*» —Paro aquí.—. «*Todas las personas que trabajan en estos centros, incluidos los que desempeñan otras funciones distintas a la prestación de servicios sanitarios (administrativos, limpieza, cocina, etc.), están contempladas en esta categoría. Además, se incluye también a las personas que trabajan en centros de día vinculados a centros de mayores; es decir, con actividades y personal compartidos. Se recomienda su vacunación en este primer grupo de la primera etapa.*»

Da lectura da Estratexia concluímos que os casos aos que vostedes fan referencia debían incluírse nas listaxes de vacinación, xa que, ademais, son precisamente esas persoas as responsables da elaboración das listaxes.

Se, efectivamente, estas persoas que vostedes comentan están nas residencias, acoden a elas con regularidade, teño que dicir que, na miña opinión, están ben vacinadas, porque o criterio... *(Murmurios.)*, o criterio de vacinación para este grupo non é a protección dos usuarios, non é a protección da persoa que se vacina, é a protección dos residentes, *(Murmurios.)* do mesmo xeito que se vacinou a todos os traballadores das residencias. Creo recordar que a primeira persoa que se vacinou en Galicia foi Nieves Cabo, na residencia de Porta do Camiño, e a segunda persoa foi un cociñeiro desa residencia. ¿Por que se vacinou o cociñeiro? Porque traballa na residencia e entra na residencia, porque o obxectivo é protexer os residentes vacinando os que entran na residencia.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entón, repito, se estas persoas entran regulamente nas residencias, están ben vacinadas; se non entran regularmente nas residencias, non están ben vacinadas. ¿Vale? *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Pero, como dicía, para nós o subliñable é que, a pesar das limitacións pola chegada da vacina, esas persoas máis vulnerables e que sufriron tanto a pandemia agora contan xa na súa meirande parte —excepto casos concretos— coas dúas doses da vacina. Hoxe temos un total de 54.504 persoas con pauta completa de vacinación. Iso para nós é o máis importante, e nesa liña seguiremos traballando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Están, logo, ben vacinadas...

¿E a alcaldesa traballa na residencia? ¡Vaites, vaites! Di vostede que vai moito. ¿É xerocultora? ¿A que vai? Ou, mellor dito, ¿a que ten que ir en tempos de pandemia e risco? ¿Non son as súas funcións as de control e xestión? ¿Ou vai a algo máis? ¿Está no organigrama da residencia? Eu dígolle que non. ¿Estaba inclusa na lista que saíu da residencia para o Sergas? Non o sei.

Mire, o triste, señor conselleiro, é que as visitas da señora alcaldesa á residencia e aos domicilios dos e das veciñas, levar recados, alimentos ou remedios da farmacia no coche do Concello, en lugar de mandar traballadores ou traballadoras municipais, forma parte do caciquismo decimonónico que vostedes alimentan nunha agónica destrución das liberdades de todos nós: *(Murmurios.)* «Nada», «non me deas as grazas», «xa mo terás en conta cando sexa oportuno». Porque cada vez que alguén vende un favor como favor, o que nos corresponde por dereito, está violentando a nosa liberdade. *(Aplausos.)* A relación de dependencia ten a ver co medo acumulado e co silencio debido, e non lle son antiguallas de vello, non, sonlle realidades dun país aferrollado pola corrupción: sobresoldos, mentiras continuadas, vacinacións de privilexio e medo... Ese é o gran problema: ¡o medo!

E díganos: ¿van continuar a entrar nas listas de vacinación do Sergas estes xefes de persoal, falsos xerocultores, xerentes..., xa sabe, eses, os de sempre, os que fan que a democracia cadre ben co tempo en que estamos?

Mañá é xoves, creo que de comadres.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Para a réplica, o señor Arangüena.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, ou menten vostedes e DomusVi ou menten as traballadoras das residencias. E incluso, aínda que fose certa a burda mentira de que esa señora ten contacto cos residentes, non debería telo, porque non é persoal dunha residencia, senón unha empresaria que ten as súas oficinas na Avenida García Barbón, 60, de Vigo, non nunha residencia. *(Aplausos.)* Por tanto, incumpriron vostedes o protocolo dun xeito descarado en beneficio da amiga empresaria do PP de Galicia.

E, señor conselleiro, chámame a atención que vostede actuase fulminantemente para cesar unha xefa de servizo do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, no mes de marzo, por pedir unhas mascarillas —e queixarse, por suposto—, e sexa, sen embargo, tan ineficaz á hora de explicar e de investigar —xa non digamos investigar— por que foi vacinada unha persoa que baixo ningún punto de vista podía ser vacinada e que casualmente dirixe un imperio xeriátrico afín ao PP de Galicia. Chámame a atención que a Asociación de Traballadoras das Residencias de Galicia faga unhas acusacións moi graves, que encaixan perfectamente no ámbito da prevaricación e do tráfico de influencias, e vostede bote balóns fóra. *(Murmurios.)*

Pero, señor conselleiro, en todo caso...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...co máximo respecto, quen tería que estar respondendo aquí —e aí está a explicación, probablemente, da súa ineficacia—, é o señor Feijóo, que non lle respondeu esta mañá a Gonzalo Caballero, porque vostede vén aquí falar dun tema do que non pode coñecer o transfondo porque é novo nun goberno que leva once anos privatizando ata niveis máximos o sistema xeriátrico de Galicia e entregándolles ese sistema a empresas amigas tan pouco recomendables como o grupo DomusVi, *(Aplausos.)* que non por casualidade, senón por causalidade está dirixida por unha amiga do señor Feijóo e doutros militantes do PP e que ten no seu comité ético outra destacada militante do Partido Popular de Galicia, que é unha das dúas únicas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena, terminou o seu tempo. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Xa non ten a palabra.

Réplica. Turno de peche, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor Arangüena e señor Rivas.

Como dixen, é a propia Estratexia do Goberno de España a que define cales son as persoas que deben incluírse nos grupos de vacinación, e dende logo que podemos cuestionar máis ou menos quen se debe incluír ou non. Díxeno no anterior pleno: calquera persoa que ten

CSV: BOPGDSPGP0bpCLIf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que pasar unha porta na que estea prohibido o paso por ser unha zona covid ten dereito a vacinarse. É obriga moral no caso de residencias de persoas maiores.

E gustaríame incidir no traballo que fixo Galicia. A elaboración das listaxes permitiu planificar e actuar de xeito ordenado, ademais de contar coa loxística inversa, que nos permitiu non desbotar viais.

E si, nesas listaxes pode haber erros, dende logo que si, pero o que non pasou en Galicia é que se vacinase a alguén que pasaba por alí. E aínda que, como dicía, eticamente pode ser cuestionable, aquí ninguén saltou a orde de xeito aleatorio.

Vostede pregúntame que vai facer a Xunta. Miren, nós seguiremos traballando para poder vacinar, como antes, a todos os galegos. Aínda que non depende directamente da Xunta, dependemos, por suposto, nun primeiro termo, do Goberno español e tamén da Unión Europea para recibir as vacinas. Nós seguiremos procurando e reclamando a chegada de vacinas o máis rápido posible.

E quero mostrar aquí dúas gráficas coa evolución da situación nas residencias con vacina e sen vacina. *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, mostra unha gráfica.)* Isto é o que pasa cos usuarios de máis de 65 anos que están nas residencias, esta é a caída dende que empezamos a vacinar, e isto é o que pasa cos que non están en residencias. Ou unha gráfica parecida *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, mostra outra gráfica.)* onde vemos os ingresos nas residencias, como baixan claramente respecto a antes da vacina. Isto é importante. Nós non imos seguir vixiando, dedicándonos a ver quen se vacina e quen non. *(Murmurios.)* Seguramente algún alcalde, algún concelleiro dalgún partido, de calquera partido, pode estar vacinado tamén. Nós imos seguir insistindo: para os servizos de axuda no fogar, para as listaxes que veñan dos concellos, empezamos esta semana a vacinar, e iso é o importante, vacinar a todos os traballadores, vacinar a todos os residentes —que xa está feito—, e agora seguiremos vacinando o persoal de axuda no fogar. Polo tanto, iso é o importante. Estamos conseguindo estes cambios na incidencia e nos contaxios nas residencias, e por aí seguiremos.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os vindeiros pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Se hai unha infraestrutura que nos últimos vinte anos conseguiu converterse nun símbolo de orgullo para toda a cidade de Santiago, para todos os veciños, é, sen dúbida, o Hospital

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Clínico, o CHUS, un símbolo de orgullo especialmente polo seu capital humano, por esa comunidade sanitaria que ano tras ano se vai convertendo en referente para toda a cidade. Non se pode entender hoxe a Santiago sen unha das súas características fundamentais, sen unha das súas esencias, como é esta comunidade sanitaria e, por extensión, este centro hospitalario, que ademais non pecha as súas funcións nos límites administrativos do concello, senón que atende ou presta servizo a practicamente medio millón de galegos e de galegas.

Este centro hospitalario está nestes momentos pasando por un dos seus momentos máis complicados, cunha presión hospitalaria importante como consecuencia desta terceira onda. Aproveitamos dende o Grupo Parlamentario Popular para mandar unha mensaxe de apoio a todo este persoal sanitario de primeira liña que está salvando vidas; en definitiva, arriscando as súas.

Unha infraestrutura destas dimensións ten que estar en constante renovación, en constante adaptación, para os retos que poidan chegar no futuro. Anunciouse xa meses atrás a importante ampliación de todo o complexo hospitalario. Pero o Grupo Parlamentario Popular quere preguntarlle, señor conselleiro, sobre investimentos concretos, investimentos urxentes, investimentos inmediatos que están, ademais, orzados para este ano 2021. Gustaríanos saber o estado de situación destes investimentos. Gustaríanos saber tamén —máis importante— a valoración que vostede fai deles. Estámonos a referir á reforma da farmacia, á reforma das Urxencias, á reforma pendente da UCI, á nova área de ictus ou ás novas tecnoloxías que se incorporaron e das que puidemos ver estes días o anuncio, por exemplo, para o tratamento de persoas con problemas de mobilidade ou de párkinson.

En definitiva, señor conselleiro, ¿podería vostede adiantarnos o estado da situación destes investimentos e cal é a valoración que vostede fai deles?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Verea.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Verea, o Hospital de Santiago de Compostela é un centro de referencia para un total de 450.000 persoas, por iso temos comprometidas dende o Goberno diferentes actuacións para levar a cabo nel. En concreto, como vostede dicía, no orzamento do ano 2021, temos incluída unha partida de 10 millóns de euros para diferentes reformas comprometidas, como a reforma e equipamento da unidade de ictus, a de farmacia, a incorporación dun novo sistema de tratamento neurolóxico para os pacientes de párkinson e a reforma da UCI.

Empezamos os investimentos xa o pasado ano coa ampliación do Servizo de Urxencias e cun orzamento de 1,6 millóns de euros. Permitiu crear un novo espazo con 40 camas de obser-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vación máis, ademais de crear circuítos diferenciados para pacientes covid e non covid. Esta obra foi executada con moita dilixencia e permitiunos contar cunhas novas instalacións, así como ter mellorada a organización do servizo de cara a esta terceira onda. Neste ano está en marcha xa o procedemento e licitación da reforma da farmacia, ao que se xa se presentaron nunha oferta cinco empresas. O orzamento desta actuación ascende a 1,5 millóns de euros e ten un período de execución de catro meses, ao que hai que sumar o orzamento de equipamento do servizo, que ascenderá a outros 1,5 millóns de euros máis para facer un total de 3 millóns de euros na farmacia do Hospital Clínico de Santiago.

As obras consistirán na creación de novos espazos de almacenaxe, vestiarios, salas para a elaboración de medicamentos e terapia xénica e instalacións destinadas a farmacotecnia. Ademais, inclúese nesa dotación de equipamento un robot de preparación de mezclas intravenosas e outro para dispensación ambulatoria, e tamén un almacén automatizado en formato carrusel.

Con esta actuación preténdese, ademais, mellorar os usos de traballo, repercutindo na mellora das condicións dos profesionais deste servizo e tamén, por suposto, na atención ao paciente.

Como saben, avanzamos tamén na creación dunha unidade de ictus. Dende a Consellería consideramos fundamental levar a cabo esta actuación, xa que o ictus é unha patoloxía de ampla incidencia na nosa comunidade autónoma. En Santiago, en concreto, ingresaron o pasado ano máis de 720 pacientes no Servizo de Neuroloxía do CHUS co diagnóstico de ictus. O ictus leva consigo unha importante presión hospitalaria, polo que calquera mellora e a creación desta unidade en concreto repercutirá moi positivamente no coidado dos doentes e tamén en beneficio dos traballadores do servizo. Respecto a isto, temos xa adxudicada a obra e esperamos iniciar axiña a súa execución, pero non antes de que a situación actual de presión no centro diminúa. Ademais, está iniciado xa o proceso de adxudicación dos diferentes lotes de equipamento da unidade, ao que se presentaron 18 empresas. O investimento total da obra xunto co equipamento ascende a 576.000 euros. Esta nova unidade permitirá crear unha sala específica para estes doentes composta por seis camas e un control de enfermería, que permitirá o aceso visual aos pacientes e a monitorización das súas camas, polo que constituirá unha importante mellora para as persoas que sexan tratadas de ictus no Clínico e tamén para os profesionais, que contarán coas mellores instalacións e equipamentos.

Unha das cuestións máis destacadas no ámbito dos investimentos no CHUS e a que permitirá... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor conselleiro, ten outro turno despois.

Grazas.

Para a réplica, o señor Borja Verea.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, señor conselleiro.

Moi brevemente. Grazas por explicar polo miúdo estes investimentos.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Gustaríanos dende o Grupo Parlamentario Popular, se puidese ser, que concretase os investimentos da reforma da área UCI; unha área que nas últimas semanas está xerando incerteza, está xerando preocupación, ademais especialmente entre os traballadores sanitarios; incerteza e preocupación que se está ademais traducindo nalgún caso en mobilizacións e en certo malestar. Polo tanto, gustaríanos saber cal sería o estado actual, o estado de situación deste investimento, que é urxente, e cal sería a valoración que fai tamén o señor conselleiro del.

E aproveitando que está aquí, se lle quedasen tamén minutos, aínda que non estaba na pregunta rexistrada, se puidese, gustaríanos tamén facer unha actualización da situación desa ampliación do centro hospitalario do CHUS. Outras cidades están xa iniciando eses proxectos de ampliación. Gustaríalle a este Grupo Parlamentario Popular coñecer tamén a situación desa futura ampliación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Verea.

Para o peche desta pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señor Verea.

Vou directamente responder a súa pregunta. As obras da UCI pendentes e tan agardadas foron licitadas, precisamente, no día de hoxe e publicadas no Perfil do Contratante da Xunta de Galicia para que nuns meses poidamos iniciar a súa execución. A reforma, cun orzamento de 1,2 millóns de euros, permitirá crear boxes individualizados, mellorando a hospitalización dos pacientes e tamén as condicións nas que realizan os seus traballos os profesionais deste servizo. Cremos que todas estas actuacións, a reforma do servizo de farmacia, a creación da Unidade de Ictus, a implantación do HIFU e as reformas na UCI, ademais da xa concluída reforma e ampliación de Urxencias, constatan o compromiso da Xunta de Galicia co Hospital Clínico Universitario de Santiago e, sen dúbida, son un exemplo do esforzo e do investimento que o Goberno galego está a realizar na meirande parte dos hospitais galegos. Ademais, como vostede preguntaba, tamén está previsto que se vaia definir o proxecto básico de ampliación do Hospital Clínico, que houbo que reformular, ao ter realizado e planificado esta situación da que falabamos e converter o Clínico nun centro de futuro adaptado ás novas e crecentes necesidades da área.

Cun orzamento previsto de 50 millóns de euros crearanse novas plantas de hospitalización, que terán continuidade coas urxencias actuais, e localizarase unha nova zona de urxencias pediátricas, deixando espazos dispoñibles para futuras ampliacións. E tamén, no novo espazo que deixa a actual urxencia pediátrica, crearase un novo espazo para urxencias de adultos. Así mesmo, contará con novos quirófanos, unha área de espertar, unha nova área de endoscopias dixestivas, urolóxicas e pneumolóxicas, e contará con seis novas unidades de hospitalización, cinco polivalentes e unha hematolóxica.

No segundo bloque de consultas externas, con cinco plantas e construído a continuidade do actual, albergaranse consultas de cirurxía plástica, maxilofacial, unidade da dor, preopera-

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

torio, pneumoloxía e alerxia. Este edificio tamén albergará un novo hospital de día e os demais apoios, e tamén a gardería do persoal.

En definitiva, os vindeiros meses constituirán un importante reto para o hospital que reverterá nunha mellora da atención aos cidadáns de Santiago e a súa área de influencia.

Quero rematar tamén co que quería completar antes —e aínda me queda tempo—, coa incorporación desta tecnoloxía para converter o Hospital de Santiago nun centro pioneiro. Neste caso vai ser o primeiro centro público en España que conte coa tecnoloxía HIFU; un sistema de alta frecuencia e de ultrasóns para os procesos neurolóxicos, ademais de ser un dos primeiros de Europa. Cun importe total de 2,4 millóns de euros complementará Santiago, que xa é un centro nacional de referencia para pacientes con trastorno de movemento, e ampliarase esta técnica —que, como dicía, é un sistema de ultrasón de alta intensidade e que permite actuar naqueles casos nos que o tratamento para o párkinson ou temblor esencial non dá resultados— ata o 50 % deles, permitindo unha melloría no 80 % dos casos.

En definitiva, como dicía, é unha aposta importante para o Hospital Clínico de Santiago, que o coloca, por outra parte, onde merece.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e dez minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura (S)
2. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
4. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
5. Arangüena Fernández, Pablo (S)
6. Arias Rodríguez, Raquel (P)
7. Armada Pérez, José Antonio (P)
8. Balseiro Orol, José Manuel (P)
9. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Cores Tourís, José Manuel (P)
19. Díaz Mouteira, María Sol (P)
20. Díaz Varela, Noa Susana (S)
21. Egerique Mosquera, Teresa (P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Fernández Prado, Martín (P)
25. Ferro Iglesias, José Luis (P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
27. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
28. García Martínez, Fabiola (P)
29. González Albert, María (BNG)
30. González Iglesias, María do Carme (BNG)
31. González Vázquez, José (P)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
33. Lorenzo Goméz, Rubén (P)
34. Martínez García, Valeriano (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
37. Núñez Feijóo, Alberto (P)
38. Ortega Otero, Marina (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
42. Pérez López, Daniel (BNG)
43. Pérez López, Noelia (P)
44. Pomar Tojo, Carmen María (P)
45. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
46. Porro Martínez, María Corina (P)
47. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
48. Prado del Río, Paula (P)
49. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
50. Puy Fraga, Pedro (P)
51. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
52. Quintana Carballo, Rosa María (P)
53. Rey Varela, José Manuel (P)
54. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
55. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
56. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Sanz Arias, Cristina (P)
65. Seco García, Martín (S)
66. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
69. Torrado Quintela, Julio (S)
70. Vázquez Almuíña, Jesús (P)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGP0bpCLlf72
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/